

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 66

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 7 de maio de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.1. 21003 (09/PNP-001441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de I+D+i

Publicación da iniciativa, BOPG nº 261, do 26.03.2014

5.2. 21527 (09/PNP-001480)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o traspaso das vivendas da Sareb en Galicia para a súa posta á disposición da cidadanía en réxime de alugueiro social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

5.3. 21530 (09/PNP-001481)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta, e sete deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da elaboración dunha estratexia española polo cambio demográfico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

5.4. 21589 (09/PNP-001488)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Decreto 37/2014, sobre a aplicación do Plan director da Rede Natura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

5.5. 21716 (09/PNP-001497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a aplicación do tipo reducido do IVE do 10 % aos servizos de perrucaría

Publicación da iniciativa, BOPG n° 269, do 09.04.2014

5.6. 22037 (09/PNP-001513)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada e derogación do denominado 'principio de estabilidade relativa' na repartición das posibilidades de pesca previsto na Política Pesqueira Común

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n° 273, do 15.04.2014

5.7. 22212 (09/PNP-001524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da evolución que presenta a situación da lingua galega en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 277, do 23.04.2014

5.8. 22252 (09/PNP-001527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos criterios de uso dos fondos europeos para a pesca e a actual Orde de axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste

Publicación da iniciativa, BOPG n° 277, do 23.04.2014

Punto 6. Interpelacións

6.1. 16749 (09/INT-000584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre o número e a duración dos contratos existentes entre produtores e industrias lácteas

Publicación da iniciativa, BOPG n° 226, do 21.01.2014

6.2. 18739 (09/INT-000673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos

Publicación da iniciativa, BOPG n° 237, do 13.02.2014

6.3. 21846 (09/INT-000767)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre a política do Goberno galego en materia de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)

Publicación da iniciativa, BOPG n° 273, do 15.04.2014

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

7.1. 22676 (09/POPX-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as causas do problema demográfico que ten Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 281, do 30.04.2014

7.2. 22679 (09/POPX-000075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración das relacións da Xunta de Galicia co Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG n° 281, do 30.04.2014

7.3. 22689 (09/POPX-000076)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para atallar o aumento da sinistralidade laboral en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 281, do 30.04.2014

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1. 22685 (09/PUP-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl, e tres deputados/as máis

Sobre a garantía do uso público do castelo de Monterrei polo Goberno galego con carácter exclusivo e permanente

Publicación da iniciativa, BOPG n° 281, do 30.04.2014

8.2. 21621 (09/POP-001914)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, María del Carmen, e sete deputados/as máis

Sobre o balance xeral para Galicia do desenvolvemento da Estratexia do cadro comunitario para o período 2007-2013 en materia de políticas rexionais de cohesión económica e social

Publicación da iniciativa, BOPG n° 269, do 09.04.2014

8.3. 17084 (09/POP-001463)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e dous deputados/as máis

Sobre a situación na que se atopa a construción da variante de Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

8.4. 18901 (09/POP-001714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e dous deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego da situación industrial de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 237, do 13.02.2014

8.5. 21784 (09/POP-001933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación do sector do libro galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

8.6. 21800 (09/POP-001935)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións de emerxencia social que vai implementar o Goberno galego para atender aquelas persoas que non perciben ningunha axuda do Sistema de protección polo desemprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

8.7. 22687 (09/PUP-000109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os motivos dos reiterados atrasos na tramitación das solicitudes da renda de inserción social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 30.04.2014

8.8. 22688 (09/PUP-000110)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a concesión de xeito provisional de todas aquelas solicitudes da renda de inserción social de Galicia cuxa tramitación se demore máis de tres meses por causas alleas ás persoas solicitantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 30.04.2014

Retómase a sesión ás dez da mañá

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do problema demográfico que ten Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 9.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 10.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. José Luís Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración das relacións da Xunta de Galicia co Goberno central. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para atallar o aumento da sinistralidade laboral en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da elaboración dunha estratexia española polo cambio demográfico. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 17.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 19.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 21.) e *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 22.)

A señora Rodríguez Arias (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Decreto 37/2014, sobre a aplicación do Plan director da Rede Natura. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 27.) e Sr. Freire Abeijón (P). (Páx. 28.)

O señor Sánchez García (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 30.)

Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a aplicación do tipo reducido do IVE do 10 % aos servizos de perrucaría. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. González Santín (S). (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 33.), Sra. Martínez García (AGE) (Páx. 34.) e Sra. Pouso Maneiro (P). (Páx. 34.)

Nova intervención do señor González Santín (S). (Páx. 36.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada e derogación do denominado “principio de estabilidade relativa” na repartición das posibilidades de pesca previsto na Política Pesqueira Común. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Rodas Chapela (BNG). (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 40.) e Sr. Val Alonso (S). (Páx. 41.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da evolución que presenta a situación da lingua galega en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que a emenda presentada a esta proposición non de lei por parte do Grupo Parlamentario Mixto decae debido á ausencia xa comunicada da súa representante e portavoz. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 45.), Sr. Caamaño Domínguez (S) (Páx. 46.) e Sr. Baamonde Díaz (P). (Páx. 47.)

Nova intervención da señora Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos criterios de uso dos fondos europeos para a pesca e a actual Orde de axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodas Chapela (BNG). (Páx. 50.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Val Alonso (S). (Páx. 51.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 53.) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 54.)*

O señor Rodas Chapela (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 55.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de I+D+i: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 56.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o traspaso das vivendas da Sareb en Galicia para a súa posta á disposición da cidadanía en réxime de alugueiro social: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 56.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da elaboración dunha estratexia española polo cambio demográfico: *aprobada por 39 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención. (Páx. 56.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Decreto 37/2014, sobre a aplicación do Plan director da Rede Natura: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 57.)*

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a aplicación do tipo reducido de IVE do 10 % aos servizos de perrucaría: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 57.)*

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada e derogación do denominado “principio de estabilidade relativa” na repartición das posibilidades de pesca previsto na Política Pesqueira Común: *aprobado por 39 votos a favor, 26 en contra e 7 abstencións. (Páx. 57.)*

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada e derogación do denominado “principio de estabilidade relativa” na repartición das posibilidades de pesca previsto na Política Pesqueira Común: *aprobado por 57 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións. (Páx. 57.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da evolución que presenta a situación da lingua galega en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 57.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos criterios de uso dos fondos europeos para a pesca e a actual Orde de axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste: *rexeitada por 15 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención. (Páx. 58.)*

Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o número e a duración dos contratos existentes entre produtores e industrias lácteas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García García (S)*. (Páx. 58.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 60.)

Réplica do autor: *Sr. García García (S)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 63.)

Interpelación de D^a Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 64.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda (Muñoz Fonteriz)*. (Páx. 66.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda (Muñoz Fonteriz)*. (Páx. 69.)

Modificación e alteración da orde do día

A señora presidenta comunica o aprazamento da pregunta número 21784, do Bloque Nacionalista Galego, así como a acumulación para o seu debate das preguntas números 22687, do BNG, e 22688, da AGE. (Páx. 70.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

Interpelación de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política do Goberno en materia de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i). (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 70.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 76.)

Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía do uso público do castelo de Monterrei polo Goberno galego con carácter exclusivo e permanente. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Fernández (S)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sr. Vicepresidente da Xunta e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 78.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Fernández (S)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. Vicepresidente da Xunta e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 79.)

Pregunta de D.^a María del Carmen Pardo López e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance xeral para Galicia do desenvolvemento da Estratexia do cadro comunitario para o período 2007-2013 en materia de políticas rexionais de cohesión económica e social. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pardo López (P)*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda (Muñoz Fonteriz)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Pardo López (P)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda (Muñoz Fonteriz)*. (Páx. 82.)

Pregunta de D. Alejandro Gómez Alonso e dous deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopa a construción da variante de Noia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Alonso (P)*. (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Hernández Fernández de Rojas)*. (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Alonso (P)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Hernández Fernández de Rojas)*. (Páx. 85.)

Pregunta de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da situación industrial de Ferrol. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 87.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e dous deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións de emerxencia social que vai implementar o Goberno galego para atender aquelas persoas que non perciben ningunha axuda do Sistema de protección polo desemprego. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 90.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos dos reiterados atrasos na tramitación das solicitudes da renda de inserción social de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a concesión de xeito provisional de todas aquelas solicitudes da renda de inserción social de Galicia cuxa tramitación se demore máis de tres meses por causas alleas ás persoas solitantes. (Punto oitavo da orde do día.) (Debate acumulado de dúas preguntas.)

Intervención dos autores: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 91.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sra. Conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 93.)

Réplica dos autores: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 94.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. Conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 95.)

Remata a sesión ás seis e vinte e un minutos da tarde

Retómase a sesión ás dez da mañá

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías. Vaian, por favor, ocupando os seus escanos.

Reiniciamos a sesión co punto sete da orde do día, que é de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do problema demográfico que ten Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, dicía Castelao que, se aínda somos galegos, é por obra e graza do idioma. Este é o derradeiro pleno antes do 17 de maio, por iso o emprazo a que cumpra co seu deber estatutario de potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, a que abandone as políticas lingüicidas, porque, señor Feijóo, se o galego esmorece, Galicia esmorece. E por desgraza, señor Feijóo, Galicia está esmorecendo.

Mire, en 1900 a poboación galega representaba o 10,6 do total da poboación do Estado español; en 1950, o 9,26; o 6,65 en 2001; e en 2010 o 5,95; hoxe xa só representamos o 5,86%. É dicir, en cen anos, o peso relativo da poboación galega no conxunto do Estado reduciuse á metade; é o que algúns xa denominan a Galicia minguante. Por iso non esaxeraba un profesor de Socioloxía da Universidade da Coruña cando, nunhas recentes xornadas sobre demografía, dixo textualmente: se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galicia como ente colectivo, a extinción da sociedade galega como tal.

Como é evidente, non vou culpabilizalo a vostede en exclusiva do problema. Estes datos son reveladores das consecuencias catastróficas para Galicia do papel dependente que ten no Estado español, pero nos últimos cinco anos o problema agravouse. En cinco anos a poboación moza reduciuse en máis de 132.000 persoas. Segundo o INE, só en 2013 deixa-

ron o país 30.000 mozas e mozos; e o propio INE estima que Galicia perderá 147.000 habitantes nos vindeiros dez anos. ¿A que cre que se debe, señor Feijóo? Porque, segundo vostede, Galicia non ten un problema de emigración xuvenil. Segundo vostede é falso que en Galicia teñamos índices de pobreza realmente preocupantes. Segundo vostede, Galicia capeou a crise mellor que ninguén. É máis, segundo vostede —e cito textualmente— é difícil atopar un traballo se non se amosa interese en conseguilo; como se o problema fose de falla de interese, de que hai xente que non se rexistra nas oficinas do paro por falta de interese en atopar un traballo.

Entón, señor Feijóo, ¿a que causas cre que se debe o problema demográfico de Galicia? ¿Será —como dixen— a que aos galegos e ás galegas non nos gusta facelo moito? ¿Será a que temos adición ao uso de preservativos?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ¿Será que nos excedemos na utilización de métodos anticonceptivos? ¿A que causas cre que se debe o problema demográfico de Galicia, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, lamento que a pregunta non sexa sobre o uso do idioma propio de Galicia, aínda que parece que se decata vostede de que neste mes imos celebrar o Día das Letras Galegas.

Señoría, efectivamente, cumpro co bilingüismo cordial do meu pobo, cumpro coas sentenzas do Tribunal Constitucional, cumpro coas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e cumpro, estritamente, o bilingüismo —insisto— cordial do meu pobo. (*Aplausos.*)

Por iso, señoría, cómpre tamén dar conta ao Parlamento dun problema que vostede frivoliza e que para min é o problema fundamental de Galicia hoxe. Señoría, é un problema serio e crucial para o noso pobo a demografía e o envellecemento do noso pobo. ¿Por que? En primeiro lugar, señoría, porque hai unha tendencia ao estancamento ou á redución da poboación. En segundo lugar, porque temos unha poboación

cada vez máis envellecida. En terceiro lugar, señoría, porque a pirámide de idade, como consecuencia do anterior, está xa invertida. Temos máis xente maior e menos mozos e mozas.

Señoría, como vostede debería saber, e estou convencido de que sabe, o problema vén de lonxe. A caída dos nacementos en Galicia iníciase a mediados da década dos setenta, recrudécese durante a década dos oitenta, segue recrudécese durante a década dos noventa e ten un lixeiro repunte a partir do ano 2000 a 2013. Debería saber, señoría, que nos vinte anos entre 1980 e 1999 os nacementos en Galicia diminuíron un 57% de media anual. Debería saber que a partir do ano 2000 hai un pequeno repunte, por suposto, insuficiente. Pero dende o ano 2000 ao ano 2012 hai un pequeno repunte de media anual de 18.680 nacementos de media no lustro 1995-1999, pasamos a 19.830 no lustro do 2000-2004, subimos a 21.991 entre 2005 e 2009 de media, e agora, nos últimos tres anos, situámonos aproximadamente nos 21.600.

Polo tanto, señoría, esta pregunta deberíamola facer hoxe e hai vinte anos. Pero, sen dúbida, ímola facer hoxe e imos respostar porque é o primeiro problema de Galicia.

Señoría, debería tamén vostede saber que o problema que temos é un problema que afecta a boa parte dos países de Europa, con independencia da súa situación económica; por exemplo, a Alemaña. En Alemaña a idade media da poboación son 45 anos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...en Galicia, 45,9. Afecta, por exemplo, a outro país, a terceira economía do mundo, Xapón, pero señoría, iso non significa que nós esteamos ben, estamos francamente mal.

Se vostede me pregunta que facemos, vostede sabe perfectamente que os únicos plans demográficos que se aprobaron en Galicia son o Plan demográfico do presidente Fraga, no ano 2001, e o Plan demográfico deste Goberno.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Espero, señoría, que vostede bote unha man, se é que ten algunha idea en relación con este asunto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Mire, señor Feijóo, en primeiro lugar, eu celebro o Día das Letras Galegas todos os días do ano, esa é a diferenza. (*Aplausos.*)

En segundo lugar, vostede debería escoitar en vez de limitarse a ler os papeis, porque eu empecei a falar do ano 1900, señor Feijóo, e, ¿como pode dicir que é un problema común a todo o Estado español e a toda Europa, cando en cen anos o peso relativo da poboación galega reduciuse á metade dentro do Estado español? É un problema que ten características propias no noso país, é un problema moito máis grave no noso país. E quen frivoliza é vostede, negando a dramática realidade deste país.

Mire, ¿sabe o que di a EPA, señor Feijóo? Que en Galicia a taxa de actividade é 6 puntos inferior á media do Estado. Que hai 165.000 ocupados menos que en 2009. Que somos a segunda comunidade onde máis medrou o paro nos últimos tres meses; a primeira no último ano. Que dende que vostede é presidente, a taxa de paro subiu tres puntos. ¿Isto non ten que ver co problema demográfico, señor Feijóo?

Xa sei que a vostede non lle gusta a EPA. Mire, todos os organismos internacionais, todos os expertos, consideran que é máis fiábel a EPA que o paro rexistrado, agás vostede.

Mire, desde 2009, ¿sabe cantas baixas de demandantes de emprego se produciron en Galiza por unha oferta laboral chegada das oficinas de emprego? O 2,27%. Por iso hai moita xente que non se rexistra, señor Feijóo.

Pero mire, ¿o problema demográfico non ten que ver coa precariedade? Hai 90.000 galegos que traballan a media xornada ou por horas; 38.000 máis que hai cinco anos. ¿Co paro xuvenil non ten que ver, señor Feijóo? Segundo o INE, o 33% dos mozos galegos está ocupado, o resto están inactivos ou no paro. ¿Non ten que ver coas dificultades para conciliar a vida laboral e familiar? ¿Non ten que ver coa ausencia de auténticas políticas de igualdade? Desde que vostede goberna, reducíronse os orzamentos en igualdade nun 50%, señor Feijóo.

Por suposto que temos un grave problema demográfico, eu non o frivolo. Pero para atallar este problema o primeiro que hai que facer, señor Feijóo, é cambiar de políticas, porque coas súas políticas Galiza esmorece, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, lamento que vostede non escoite os datos que acabo de referir. Cando vostede me di que o problema demográfico se inicia coa crise económica, vostede non entendeu ningún dato dos que reflicte o INE dos nacementos en Galicia. Cando lle digo que a partir do ano 2000 ata o 2013 hai un pequeno repunte na natalidade en Galicia, vostede iso non o escoita. Cando lle digo que entre mediados da década dos setenta, toda a década dos oitenta e toda a década dos noventa é cando hai un envellecemento da poboación como consecuencia de que non nacen rapaces e rapazas no país, a vostede parece que iso non lle interesa.

Dicir, señoría, dende unha tribuna unha vez máis que os mozos galegos emigran e que diminuímos a poboación entre 15 e 34 anos pola política económica do Goberno é non saber nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Señoría, o INE reflicte que dos 120.000 mozos de 15 a 34 anos, 123.000 que perdemos, 121.000, é dicir, o 98%, débese a un desfalecemento da natalidade xustamente durante a década dos oitenta e durante a década dos noventa. Señoría, o que ocorre é que pasan poucos mozos dos 15 anos porque non temos natalidade, e moitos mozos pasan dos 34 porque está envellecendo a poboación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Señoría, é simplemente ter un pouco de datos para poder avaliar un problema. Señoría, este problema para este Goberno foi importante, para vostedes non. Cando o presidente Fraga falaba da natalidade chamábanlle reaccionario, e agora a nós, que falamos da natalidade, bótasenos a culpa da falta de políticas demográficas. Señoría, estamos traballando en España, si, liderando as comunidades autónomas máis envellecidas. Hai unha PNL neste pleno, propoñemos

dende aquí, dende Galicia, que o Goberno español propoña un plantexamento e unha estratexia demográfica para España. Teñen vostedes a ocasión de apoialo.

Señoría, estamos traballando en Europa en tres frentes: no proxecto entre Portugal, Finlandia e os Países Baixos. Estamos traballando, unha das 40 rexións europeas que está plantexando no Comité de Rexións este problema. Acabamos de ter unha xuntanza a semana pasada con Escocia, co sur de Dinamarca, con Lombardía, con Sajonia e con Amsterdam, co País Vasco e con Galicia, planteando este problema en Europa. ¿Sabe vostede que o länders de Sajonia ten unha idade superior á nosa dentro de Alemaña, sendo o primeiro país de Europa a Unión Alemana? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Señorías, señorías, comprendo, porque todo está escrito, que é un problema suficientemente grave para non frivolar con el. Se vostede quere falar dos comentarios que fixo ao principio, mais os que acadou na prensa, alá vostede. Esta sede é suficientemente seria para que non lle resposte.

O que si é evidente é que non hai moito tempo se mofaban do presidente Fraga, recordámolo. Agora ben, felicítoos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pola súa rectificación, señor Jorquera. Antes, falar de baixa natalidade obedecía a mentalidades reaccionarias e ultrarrelixiosas. Señor Jorquera, benvido á realidade dos problemas. Este Goberno ten unha política clara para incentivar en España e en Europa o primeiro problema que ten Galicia, compartido con máis de 40 rexións europeas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...no vello continente.

Señor Jorquera, como vostede ve, hai que rectificar de vez en cando.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. José Luís Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración das relacións da Xunta de Galicia co Goberno central

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Méndez Romeu para formular a súa pregunta.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, alguén cualificou as relacións da Xunta co Goberno Rajoy como de suave ronroneo. Quizais sexa unha metáfora, pero os datos indican que vostede, visitante habitual das tertulias e platós madrileños, non ten ningunha relación co Goberno de España que non sexa de obediencia ou submisión. Na política económica non se lle coñece posición ningunha en defensa das familias ou dos sectores máis vulnerables. Calou diante da reforma laboral que impuxo rebaixas salariais, perda de dereitos e redución das prestacións. Respalda a liquidación do Estado do benestar. Rajoy quere liquidar partidos xudiciais e vostede, obedientemente, cede. Un día di que catro, outro día que sete, onde votan que ningún. Vostede non ten criterio, a súa actitude, con todo o respecto persoal, é patética.

Se os datos de emprego non son satisfactorios, a culpa é da EPA. ¡Pero se foi reformada o mes pasado polo Goberno Rajoy! Os parados medran e os ocupados baixan. A culpa non será da EPA, algo terá que ver o seu pasotismo diante do paro.

Multiplicamos por dous os parados e reducimos á metade os recursos. Os xóvenes, aínda que lle moleste, señor Feijóo, están votando cos pés, fuxindo literalmente. Pregunte no seu grupo onde están os fillos dos propios deputados. ¿Que fai vostede? Reducir á metade o gasto en formación dos parados. No ano 2008, 365 millóns; no ano 2013, 185, a metade, señor Feijóo, para o dobre de parados.

¿Coñece vostede que 3 de cada 4 parados galegos non teñen o título básico de ESO e que, polo tanto, as súas oportunidades de empregabilidade son extremadamente difíciles? Os datos de paro rexistrado, os de onte mesmo, indican que os únicos traballos en Galicia son ou de autónomos ou a tempo parcial en actividades estacionais de baixa cualificación. ¿Como pode actuar con tanta frivolidade na crítica e con tanta laxitude nas decisións do Goberno? Porque a EPA e o paro rexistrado certifican o mesmo, o absoluto fracaso do seu Goberno na loita contra o desemprego e an loita a favor da ocupación. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta.

Señoría, pregúntame vostede sobre as relacións da Xunta de Galicia co Goberno de España. Quero dicirlle que en liñas xerais son relacións positivas, sen dúbida fluídas, leais e correctas. Cada un xestiona as súas competencias de acordo co que interpreta son os intereses xerais. Polo tanto, señoría, quero dicirlle que hai unha coincidencia plena no esencial. Estamos de acordo na unidade da nación española; estamos de acordo, señoría, no autonomismo constitucional; estamos de acordo no cumprimento do déficit público, e vostedes tiveron que acudir a unha reforma exprés da Constitución española, nun mes de agosto, que nós apoiamos; e estamos de acordo na mellora da competitividade da nosa economía.

Como é natural, señoría, entre os goberno democráticos que teñen criterio, temos diverxencias puntuais; son lóxicas, son normais. Temos diverxencias puntuais compartindo, como acabo de dicir, o proxecto para España e para Galicia. Temos diverxencias puntuais, como vostede reflicte, por exemplo na planta xudicial. Temos diverxencias puntuais no borrador do texto da lei de interrupción voluntaria do embarazo. Temos diverxencias puntuais no sector enerxético, que vostedes deixaron cunha débeda de 30.000 millóns de euros.

Señoría, ¿cales son os principios, en consecuencia, que nos guían na relación co Goberno central? Os principios de lealdade e os principios de defensa dos intereses de Galicia.

Señoría, somos leais, en primeiro lugar, porque cumprimos as leis, esteamos ao cen por cento ou ao 90 % de acordo; pero non somos un goberno insubmisio, señoría.

En segundo lugar, defendemos os intereses de Galicia. Cando gobernaba vostede –perdón–, o Partido Socialista Obreiro Español, tamén. Defendíamos, por exemplo, que, durante oito anos de Goberno socialista, só dous cumpriron os compromisos en materia de infraestruturas.

Hai unha dirixente do Partido Socialista hoxe de actualidade que non cumpriu un só presuposto das infraestruturas.

Vostede estaba naquel goberno, seguro que se dedicaba a outro departamento.

Señoría, fomos contundentes dicindo que non estabamos de acordo en que nos recorran a Lei de caixas de Galicia, que vostedes facían seguidismo dende a oposición. Fomos contundentes mostrándonos en contra de que nos recorran o decreto de financiación dos fármacos, que vostedes facían seguidismo desde a oposición. Fomos contundentes, señoría, discutindo o sistema financeiro, e aquilo que valía en decembro, cambian os parámetros, e xa non vale en febreiro. ¿Acórdase vostede diso? Fomos, por suposto, contundentes pedindo unha resposta ao *tax lease*, pero non atopamos ningunha co Partido Socialista; e con Navantia, e non atopamos ningunha co Partido Socialista. (*Murmurios.*)

Por concretar no sector naval. Señoría, hoxe en Galicia pódense facer barcos conforme ao dereito comunitario por que temos solucionado...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o *tax lease*. E hoxe en Galicia (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) haberá barcos en Ferrol, señoría. Vólvoa reiterar, en Ferrol. Haberá barcos grises en Ferrol. Temos un flotel e haberá un barco da Marina. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Posteriormente a esta pregunta despacharei co presidente da SEPI e será el o que concrete...

A señora PRESIDENTA: Presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o alcance e contido do novo pedido da SEPI para Ferrol.

Como vostede se pode imaxinar, señoría..., (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cumprimos os compromisos con Galicia e somos leais co Goberno de España.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, entendo que non ten voz propia en Madrid, que nada propón e que para nada o escoitan. (*Murmurios.*) ¿Ou acaso propuxo algo en materia de desemprego ou en materia de política económica? Alégranos saber que vostede coincide co señor Rajoy na política sobre Cataluña. O certo é que a situación está cada día máis envelenada precisamente pola falta de actuación e a falta de visión do Goberno popular en España, ao que vostede respalda. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, aínda que lle sorprenda, non hai nin un só barco contratado con arrendo ao *tax lease*, porque o *tax lease* non está resolto a día de hoxe. O señor Rajoy está resultado extraordinariamente pouco eficiente nesta materia.

Pero vostede non quere falar de paro e hai que voltar aos datos de onte mesmo. Seguramente a vostede lle gustará falar –porque lle resulta máis favorable– do paro rexistrado. Lexislatura actual, últimos 18 meses, en Galicia o paro rexistrado sobe 2.300 persoas, pero 35.600 desaparecen da Seguridade Social: renunciaron a inscribirse, emigraron, traballan en negro ou desistiron. Por cada novo parado rexistrado, 15 persoas desaparecen como afiliados. ¿Está satisfeito vostede con eses datos?

A reforma laboral está a facilitar a desigualdade salarial. Os novos traballadores estables, que son soamente o 9 %, están menos protexidos, e os temporais, que son o 91 %, moitísimo menos protexidos. O seu modelo é de benestar mínimo, con máis poder para os empresarios e menos dereitos para os traballadores. No liberalismo clásico intercambiábase a desigualdade por creación de emprego. Con vostede sobe a desigualdade e non medra o emprego. Nin máis protección nin máis investimento nin máis recadación. Levan unha política suicida para o país, que destrúe o futuro de moitísimas persoas. E iso si...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...vostede cumpre cos seus mandantes, co señor Rajoy e coas grandes empresas que aínda esta semana seguen pedindo máis salarios reducidos, salario mínimo interprofesional menor e despido abaratado.

Señor Feijóo, ¿hai algo no que vostede teña voz propia? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Voz propia significan os requirimentos ás comisións bilaterais e os recursos de inconstitucionalidade que presentou este goberno. Levamos cinco anos de goberno e presentamos 22. Vostedes estiveron catro anos no Goberno de Galicia con nacionalistas e presentaron 14.

Señoría, ¿exactamente, de que me está a falar? *(Murmurios.)* Eu fállolle dos problemas do pobo de Galicia, fállolle do problema das preferentes. Tivemos voz e voto, fomos a primeira comunidade autónoma que *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* solucionou vía arbitraje as preferentes. E aínda non acabamos, porque ten que haber máis familias que recuperen o cen por cento dos seus aforros. *(Aplausos.)*

Tivemos voz e voto, señoría, no *tax lease*. Si, señoría. Dicar todo un voceiro do Grupo do Partido Socialista que non hai ningún barco contratado en España co *tax lease*, cando hai xa 9 barcos *(Interrupcións.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* contratados en España co *tax lease*, é simplemente, señoría, algo que o ten que volver ver. *(Murmurios.)*

Señoría, plantexamos compromisos...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...concretos en infraestruturas. Está finalizada a autovía do Cantábrico, temos prazo concreto para finalizar o AVE a Galicia, 2018, e recórdolle que somos a segunda comunida-

de autónoma en investimento per cápita nos presupostos do Estado.

Temos, por suposto, señoría, voz e voto no sistema enerxético. Presentamos un recurso de inconstitucionalidade e pedimos unha comisión bilateral. *(Murmurios.)* Si, señoría.

E temos voz e voto no sector naval. Mire, señoría, cando vostedes estaban no goberno, en seis anos non conseguiron un só contrato para Ferrol, ¡seis anos! Fóronse do Goberno bloqueando o sector naval privado co *tax lease* e deixando baleiras as gradas de Ferrol, sen contratos nos últimos seis anos. Eu recórdolle que temos un flotel de Pemex en Ferrol e imos ter un barco da Marina española en Ferrol. Hoxe o presidente da SEPI, o alcalde de Ferrol e mais eu concretaremos esa información. E o presidente da SEPI, que é a quen lle corresponde, vén a Galicia a dar a cara polos estaleiros de Ferrol, cousa que con vostedes nin coñecemos o presidente da SEPI nin coñecemos o presidente de Navantia. *(Aplausos.)*

Pero, señoría, exactamente me gustaría saber cal é a súa lealdade. Mire, por exemplo, trouxemos unha lei para modificar e intercontextualizar a reforma local española. En Castilla-León, o Partido Popular de Castilla-León fixo o mesmo e tivo o apoio do Partido Socialista Obrero Español. En Andalucía, o Goberno da Junta de Andalucía -tamén famoso ultimamente- fixo o mesmo e tivo o apoio do Partido Popular de Andalucía. Nós traemos esta lei aquí e vostedes votan en contra da lei, da Lei do solo, practicamente en todo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sabe o que pasa, señoría?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O que pasa é que, cando vostede me interpela sobre Cataluña, a pregunta que nos facemos desde estas bancadas é, ¿cal é o seu referente na política de Cataluña? ¿O que fixeron co Estatut, o que di Xoaquín Nadal...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o que di o señor Pere Navarro ou o que di o señor Rubalcaba?

Señor Méndez Romeu, evidentemente, non teñen criterio.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Seguinte pregunta.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para atallar o aumento da sinistralidade laboral en Galicia

(*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Señor Feijóo, bos días.

Voulle falar das consecuencias das políticas laborais do Partido Popular. Voulle falar de vidas humanas, de seres humanos que quedan sen vida por nada máis e nada menos que gañar un xornal ou intentar darlles de comer aos seus fillos. Nada máis e nada menos que disto, de persoas que morren en Galicia porque as políticas que vostedes practican son inadecuadas.

Supoño que coñece que no noso país tivemos no pasado ano 22.377 accidentes laborais. Supoño que tamén vostede coñece que Galicia, fronte ás medias estatais, repunta na sinistralidade grave e tamén nos accidentes mortais. Seguro que coñece vostede que, namentres as medias estatais en accidentes graves se sitúan en 23,1 puntos, Galicia, en cambio, duplica estas cifras terribles, por enriba de 52 puntos. Pero tamén seguro que coñece que os accidentes mortais en Galicia son de 5,1 puntos, a diferenza da media estatal, que está en 3 puntos. E o máis preocupante, señor Feijóo, é que o noso modelo de relacións laborais se descompón. Estamos perdendo poboación asalariada nos sectores da construción, na agricultura e na pesca, e a pesar de reducirse eses niveis, como vostede supoño que coñece, os accidentes incrementáanse.

Fixese, na construción baixa un 13 % a poboación asalariada, pero os accidentes mantéñense tal e como estaban cando había outras cifras de ocupación. Na agricultura redúcense os traballadores e traballadoras un 5 %, pero no noso país incrementáanse os accidentes nun 19,1 %, señor Feijóo.

Na pesca, na que lamentablemente nestes meses tivemos que vivir situacións dramáticas, hai tamén unha redución de traballadores e traballadoras nun 5 %, pero resulta que os accidentes se disparan ata o 31 %, señor Feijóo. E o máis grave, señor Feijóo, é que o pasado ano morreron en Galicia 47 persoas por prestar o seu posto de traballo. Señor Feijóo, deixe de preservar o *nasciturus* e defenda as persoas que hoxe están desenvolvendo en precarias condicións o seu posto de traballo. Eu pregúntolle a vostede, que está tan preocupado polo terrorismo, ¿como se pode cualificar un país no que morreron nas mans da patronal e nas mans da mala prestación de servizos, señor Feijóo, 47 persoas? Iso si que é terrorismo empresarial, señor Feijóo.

Gustaríanos coñecer, diante desta situación terrible na que as súas medias se disparan en negativo, en relación coas medias estatais...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que é o que vostede vai facer: ¿vai seguir coadxuvando compliceamente coas políticas criminais do Partido Popular con contrarreformas laborais e mesmo tamén agredindo as clases traballadoras? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, o primeiro que vou intentar facer é contar a verdade. Contar a verdade, señoría, supón ler exactamente os datos... (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Ten unha chamada á orde, señor Fajardo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E, en consecuencia, señoría, permítame que lle reflecta exactamente eses datos que poño á disposición da Cámara.

En primeiro lugar, dentro do Pacto do diálogo social da anterior lexislatura, a primeira cuestión que pactamos foi as políticas de accidentes laborais, mellorar a saúde laboral e reducir ao máximo a sinistralidade laboral. E abofé, señoría, que tanto no total de accidentes laborais como no índice de incidencia, que vostede sabe que mide o número de accidentes por cada 100.000 afiliados á Seguridade Social, baixamos en todos os parámetros.

No ámbito do total de accidentes, pasamos de 50.148 no ano 2008 a 21.642 no ano 2013, ou baixamos o 56 %. Ese é o primeiro dato reflectido que acreditan as estatísticas. Somos a segunda comunidade autónoma de España que entre o ano 2008 e o ano 2013 máis baixou no total de accidentes –fonte, Ministerio de Trabajo–.

Se quere vostede coller o índice de incidencia, é dicir, o número de accidentes por cada 100.000 afiliados, nos últimos cinco anos Galicia baixou o 50,27 % e foi a comunidade autónoma onde máis baixou o índice de accidentes laborais, a que máis. En Galicia, o 50,27 e en España, o 45,04. Pasamos de 5.789 no ano 2008 a 2.869 no ano 2013.

Señoría, ¿a que vén este tipo de cualificativos que non merecen, desde logo, este grupo parlamentario nin –estou convencido– os emprendedores de Galicia?

Señoría, se quere vostede coller tamén os accidentes graves, pasamos de 698 no ano 8 a 418 no ano 13, unha baixada do 55,56 %. Se quere vostede coller os accidentes mortais, que son fundamentais, permítame que lle lea todos e cada un de cada ano: no ano 8, 71; no ano 9, 74; no ano 10, 64; no ano 11, 52; no ano 12, 45; no ano 13, 47. Señoría, baixando constantemente durante todo este período.

Polo tanto, señoría, pídolle simplemente que non falte á verdade aos galegos, porque, a pesar de vostede, Galicia non é un inferno.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, intentou dicir a verdade, pero está claro que non é capaz de contar ningunha.

Mire, señor Feijóo, os datos oficiais que están aquí nos seus informes reflecten que as medidas en accidentes graves e mortais se disparan en Galicia. Non é certo que decrezan, señor Feijóo. E, por outra banda, máis aló das cifras, o que me gustaría é: ¿que lle parece a vostede que no pasado ano morreran, por prestar un posto de traballo, 47 traballadores e traballadoras?

O que me gustaría, señor Feijóo –a vostede, que tanto lle preocupa a austeridade ou o aforro–, é saber... Supoño que tamén o vai desmentir, pero hai un informe do gabinete técnico de Comisións Obreiras que cifra no noso país o custo da sinistralidade laboral en Galicia en nada máis e nada menos que 1.040 millóns de euros, señor Feijóo. Non sei que lle parece –aínda que xa sei que non é por bonhomía, que non a ten, semella– porque frivolar con 47 mortos é bastante grave. Soamente me gustaría que explique que é o que está pasando. Porque mire, eu supoño, señor Feijóo –non sei se o sabe tamén, cos datos da EPA–, que tan só son indefinidos os contratos no noso país nun 9,7 %, o resto son precarios. Non sei se vostede coñece, señor Feijóo, que dende que é presidente o seu orzamento adicado á prevención laboral se reduciu nun 65 %. Non sei se sabe, señor Feijóo, cales son as condicións nas que traballa a xente no noso país, con xornadas precarias, con xornadas extenuantes, cun malvivir absoluto. E non sei se coñece –igual si, ou igual é o seu modelo laboral, señor Feijóo– este libro magnífico, *O mercader de Venecia*, no que semella que o capital quere cobrar a súa libra de carne. Vostedes coas súas políticas –terrorismo empresarial– están cobrando a súa libra de carne, e a nós gustaríanos, señor Feijóo, que lles dixera aos traballadores e traballadoras deste país se vai seguir reducindo o orzamento dedicado á prevención e se vai seguir apoiando esas contrarreformas laborais, que, insisto, causan enfermidades e mortes en Galicia. ¿Vai seguir así, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non, señoría, nós non queremos reducir o presuposto do Instituto Issga, que se adica a estas cousas en Galicia; vostedes, si. Vostedes apoiaron unha emenda do Partido Socialista Obreiro Español para reducir en 323.000 euros o presuposto do Instituto de Saúde Laboral en Galicia nos últimos presupostos. En consecuencia, señoría, supoño que deixará vostede, como mínimo, un pouco de vergoña por utilizar os termos que vostede trae a esta Cámara. Non os vou reflectir por respecto á Cámara, pero están no *Diario de Sesións*. Siga vostede insistindo nesa política, señoría.

Ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral o Partido Socialista presentou unha emenda cunha redución de 324.000 euros, apoiada por vostede, pero, como a vostede lle dá igual, porque non distingue entre a verdade e a mentira, reitérolle os datos de accidentes graves, con resultado de morte: no ano 2008, 71 e agora, 47; foron baixando ano a ano. (*Murmurios*.)

Señoría, cando vostede me fai responsable dos accidentes –estou acostumado a isto e a máis–, quero dicirlle que, por suposto, vostede, igual non, pero os que fomos fillos de obreiros sabemos perfectamente as dificultades que pasan os obreiros cando están traballando; (*Aplausos*.) perfectamente, señorías, ¡perfectamente! E por iso, señoría, non crea que soamente vostede ve accidentes laborais, eu vinos na miña xuventude con frecuencia. Grazas a todos, iso pasou, e agora estamos noutro plantexamento.

Señoría, vostede bótame enriba da mesa os mortos, ¡alá vostede! Mire, ¿estamos preocupados polas cuestións marítimas e a seguridade marítima? Si. Dos tres barcos que tiveron resultados de naufraxio e mortes, dous son portugueses, sabe perfectamente que non os podemos inspeccionar, e estamos plantexando ao Goberno amigo de Portugal, a través do Goberno de España, que hai que cumprir todos os parámetros de seguridade homologados con España e coas costas galegas e asturianas.

Espero, señoría, que en Asturias non lle boten a culpa deses accidentes ao presidente do Principado; aí non hai problema, vostedes gobernan en Asturias.

Pero si quero dicirlle, señoría, que imos seguir traballando coas organizacións sindicais, porque pactamos con elas todo o que se refire á sinistralidade.

Señoría, ¿quere vostede falar de paro? Tamén o fixo o meu amigo, portavoz do Partido Socialista Obreiro Español. Hoxe é o día para falar de paro, sen ningunha dúbida. Os datos coñecémolos todos: 20.000 parados máis que hai un ano, señoría. E os datos de crecemento que deu a conselleira: do 0,8 ao 1,2. E eu engado: a finais deste ano teremos menos paro que o ano pasado. Iso en ningún ano, dende o ano 2008, ocorreu.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da elaboración dunha estratexia española polo cambio demográfico

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

(*O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa da súa deputada Consuelo Martínez García e a través do seu portavoz, Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.*

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao goberno do Estado a:

1. Derogar o Real Decreto-ley 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urgentes para la reforma del mercado laboral.

2. Derogar a modificación do artigo 135 da Constitución Española.

3. Derogar a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad presupuestaria y sostenibilidad económica.

4. *Modificar a política fiscal reducindo o IVE dos artigos de primeira necesidade, especialmente todos os produtos necesarios para a atención á infancia e os alimentos frescos, e impondo unha fiscalidade directa progresiva.*

5. *Modificar a política de vivenda, garantindo o acceso a unha vivenda digna a toda a cidadanía.*

6. *Modificar a política enerxética, garantindo o acceso á enerxía a todos os fogares, independentemente da súa renda.*

7. *Ampliar o corpo de inspectores de facenda e traballo para perseguir e erradicar o fraude fiscal e o traballo submerxido.*

8. *Establecer un salario social que garanta que ningún fogar careza dos ingresos imprescindibles para cubrir as necesidades básicas humanas".)*

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Moitas grazas, señora presidenta.

Señores deputados, señoras deputadas, hoxe celebro que o Grupo Parlamentario Popular traia esta iniciativa sobre o problema demográfico a este Parlamento, porque parece ser que, por fin, os grupos da oposición recoñecen que o problema demográfico en Galicia é serio; por fin os grupos da oposición recoñecen que as administracións teñen que traballar xuntas para tentar poñer solucións enriba da mesa. Porque, miren, o primeiro para tentar solucionar o problema é recoñecelo, e nós tivemos neste Parlamento unha comisión específica de estudo da situación demográfica en Galicia, e vostedes en moitas ocasións non recoñecían incluso os datos oficiais. As previsións dun continuo decrecemento da poboación tanto no conxunto de España como no conxunto de Europa sinalan un horizonte demográfico preocupante. Estas previsións sitúan-nos ante un problema estrutural sobre o que é necesario actuar.

Expertos e expertas en demografía...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...falan xa de “inverno demográfico” para indicar que a taxa de natalidade está a diminuír moi por debaixo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

Perdoe un momento, señora Rodríguez Arias, a ver se é posible que gardemos silencio, para que poidan escoitar a quen está no uso da palabra. Prégollelo.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Sobre todo, presidente, porque este é un tema que coido que debería de interesar a todas e todos os deputados, que representan aquí os galegos. *(Aplausos.)*

Señorías, neste momento, para asegurar o relevo xeracional, é necesario como mínimo que se rexistren 2,1 fillos ou fillas por muller. Nin Galicia nin o conxunto de Europa logra acadar esta taxa mínima.

O cambio demográfico non é un problema novo, como dicía o presidente da Xunta, porque parece ser que o problema demográfico acaba de aparecer hai tres días.

Miren, se temos en conta –que penso que o terán vostedes en conta– os datos do INE, os últimos datos do ano 2012, Galicia só acada a cifra de 1,08 fillos e fillas por muller. No 2005, antes da crise económica, Galicia presentaba un indicador de 1,02 fillos por muller, unha taxa menor que no ano 2012. Dende 1994 ata 2007 o indicador tamén foi menor que o último, que no ano 2012; é máis, a taxa máis alta acadouse en 1976, con 2,43 fillos ou fillas por muller, e a taxa máis baixa foi no ano 1998, con 0,93 fillos ou fillas por muller.

Polo tanto, o problema demográfico é un problema que se arrastra dende hai moitos anos. Como pode comprobarse nas cifras –e calquera o pode comprobar–, as épocas de bonanza non coinciden necesariamente coas de maior índice de natalidade. E a crise demográfica, dende o noso punto de vista, necesita un pacto de Estado e a colaboración con Europa.

Co obxectivo de acadar, mellorar e resolver esta situación, ponse en marcha en Galicia o Plan para a dinamización demográfica 2013-2016, horizonte 2020. Pero conside-

ramos que a crise demográfica require dunha estratexia a nivel nacional e de colaboración coa Unión Europea. Seis comunidades que están a sufrir máis o inverno demográfico puxeron en marcha un grupo de traballo na procura de solucións. Á cabeza dese grupo de comunidades autónomas está Galicia, xunto con Asturias, Castela-León, Castela-A Mancha, Aragón e Extremadura.

Nun primeiro encontro, estas comunidades autónomas aprobaron unha declaración institucional. Nesa declaración institucional marcábanse tres obxectivos fundamentais: o primeiro, o carácter de problema de Estado, dos desafíos da demografía; en consecuencia, a necesidade de que o Goberno impulse unha estratexia nacional. O seguinte obxectivo, a dimensión europea do problema e o acceso a fondos europeos para a busca de solucións por parte da Unión Europea. E, por fin, o terceiro obxectivo, que na próxima reforma do modelo de financiamento teñan un maior peso as variables demográficas.

Nun segundo encontro, o que se fai é subscribir un acordo, e nese acordo as comunidades autónomas o que din é que hai que buscar alianzas con outras rexións da Unión Europea afectadas polo mesmo problema, e para elo a conselleira de Traballo e Benestar e as outras cinco comunidades reuníronse co comisario de Emprego e Políticas Sociais e demandaron ao Goberno que na revisión do sistema de financiamento autonómico se teña en conta unha nova ponderación das variables da densidade, dispersión, envellecemento e poboación protexida, e ademais solicitaron do Goberno a elaboración dunha estratexia nacional para o cambio demográfico. Para elo o que solicitaron todas estas comunidades autónomas, incluída Galicia, é que se presentaran iniciativas nos parlamentos autonómicos apoiando a elaboración desta estratexia nacional. E hoxe é o que temos que facer os deputados e as deputadas neste Parlamento de Galicia: apoiar esta solicitude de Galicia e de cinco comunidades máis de solicitar ao Goberno do Estado que elabore unha estratexia nacional polo cambio demográfico.

Por iso nós consideramos que, tendo en conta a dimensión europea do problema da demografía, a conselleira se desprazou a Bruxelas en abril do 2014 a unha reunión de traballo. Galicia, xunto con Asturias, Castela-A Mancha, Aragón, Castela e León e Extremadura demandaron ante a Comisión Europea que se introduza o parámetro da demo-

grafía na execución dos fondos europeos 2014-2020. Abordaron co comisario europeo a posibilidade de introducir obxectivos de loita contra a crise demográfica na revisión que se vai acometer nos próximos meses da Estratexia 2020. Solicitaron tamén que se teña en conta a diversidade dos problemas demográficos que afrontan as distintas rexións na definición de zonas con desvantaxes naturais ou demográficas graves e permanentes. E, en materia de financiamento, algo fundamental para loitar contra a crise demográfica, concretaron dúas cuestións fundamentais: a primeira, que o cambio demográfico sexa incluído como un criterio na execución de todos os programas de financiamento comunitario no período 2014-2020, e, en segundo lugar, que os criterios poboacionais pesen con maior forza no deseño das novas políticas.

Polo tanto, señorías, o primeiro é recoñecer o problema. Por fin hoxe parece ser que neste Parlamento recoñecemos o problema demográfico que ten Galicia, que teñen moitas comunidades en España e que teñen moitas rexións europeas. En segundo lugar, é recoñecer que este problema non é novo, que é un problema que vén de lonxe. En terceiro lugar, é actuar sobre o problema. Galicia estao facendo coa aprobación dese Plan de dinamización demográfica. Pero, ademais de medidas dentro das capacidades da nosa Comunidade Autónoma, o que hai que solicitar é unha estratexia nacional para loitar contra a crise demográfica e unha estratexia europea que apoie solucións ás comunidades autónomas e ás rexións europeas que están a padecer tamén este problema.

Polo tanto, señorías, nós esperamos que hoxe esta iniciativa sexa aprobada por todos os grupos parlamentarios, primeiro, porque é unha necesidade para o noso país, e, segundo, porque é unha cuestión que nos solicitan non só Galicia, senón o resto das comunidades que están padecendo este mesmo problema. Espero o seu apoio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Evidentemente, temos un problema demográfico, e a AGE preocúpanos o problema demográfico galego. O que entendemos é que só hai unha forma de ter unha política de natalidade eficaz, e é a igualdade social. Ningunha iniciativa en favor da natalidade terá éxito nun contexto de desemprego, de recorte de prestacións, de despedimentos masivos, traballo precario, salarios de miseria, desafuizamentos e privatización de servizos públicos esenciais, como a sanidade, o ensino e os servizos sociais.

Non se pode facer unha política de natalidade nun país onde os mozos e mozas en idade de ser pais emigran e teñen os seus fillos fóra de Galiza. Non se pode deseñar unha política de natalidade que sexa eficaz nun país no que os mozos e mozas que non emigran abandonan o fogar dos seus proxenitores despois dos trinta anos. Non hai unha política de natalidade efectiva se a maior parte das persoas en idade de ser pais e nais traballan a tempo parcial, con salarios que non acadan os 1.000 euros, contratos eventuais e sen dereito a unha vivenda digna, sen dereito a auga, sen dereito a enerxía.

Non existe ningunha política de natalidade que fomenta o desexo das mulleres e das parellas a ter descendencia nun contexto social onde 100.000 mozas e mozos galegos de entre 15 e 35 anos emigraron entre o 2010 e o 2013. Nos primeiros seis meses de 2013, 5.846 persoas entre 25 e 39 anos emigraron de Galiza.

En 2013 reduciuse en 30.000 o número de activos en Galiza; 115.000 postos de traballo perdidos por día en 2013; 296.900 parados, o récord de Galiza; 100.000 fogares no que non traballa ningún; e 34.300 familias que non ingresan nada no seu fogar.

A pobreza infantil supera o 22 %. ¿Como pretenden que alguén se anime a ter fillos neste contexto?

Por iso presentamos unha emenda, unha emenda que consideramos que é a única solución para o problema que temos en Galiza de demografía: primeiro, derrogar a contrarreforma laboral, o Real decreto lei 3/2012, que empobreceu a clase traballadora e abaratóu o despedimento ata ser practicamente gratuito; derrogar a modificación do artigo 135 da Constitución española, que pon o pago da débeda por encima do benestar

das persoas; derrogar a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade económica, que dá forma a esa modificación da Constitución; modificar a política fiscal, reducindo o IVE dos artigos de primeira necesidade, especialmente dos produtos da infancia e dos alimentos frescos e impondo unha fiscalidade directa progresiva; modificar a política de vivenda, garantindo o acceso a unha vivenda digna a toda a cidadanía; modificar a política enerxética, garantindo o acceso á enerxía a todos os fogares; ampliar o corpo de inspectores de Facenda e de Traballo, para erradicar a fraude fiscal e o traballo mergullado; e establecer un salario social que garanta que ningún fogar careza dos ingresos imprescindibles para cubrir as súas necesidades básicas humanas.

Se de verdade queren favorecer a natalidade, se de verdade queden mellorar a demografía de Galiza, aproben esta emenda, acepten esta emenda, porque na miseria ninguén ten fillos. Ninguén ten fillos na miseria, ninguén ten fillos cando está no desemprego, ninguén ten fillos cando perdeu a súa vivenda, ninguén ten fillos cando non ten un salario.

Pero, claro, vostedes quérannos obrigar a ter fillos modificando a Lei do aborto. Van ter fillos queiran ou non queiran, iso é o que nos está dicindo o Partido Popular.

Nós imos votar en contra desta iniciativa do Partido Popular porque estamos de acordo en que ten que haber unha iniciativa nacional para solucionar o problema demográfico, pero non estatal, ten que ser nacional, ten que estar ligada á realidade deste país, ten que estar ligada ao seu territorio, aos problemas que ten, que non son os problemas que ten Andalucía nin son os problemas que ten Castela e León, son os problemas que ten Galiza.

Polo tanto, imos votar en contra desta iniciativa e propoñemos que acepten vostedes esta emenda, xa que, ao noso entender, é o único camiño. Non van conseguir que as mulleres e as parellas en Galicia teñan fillos dándolles 200 euros por cada fillo, porque con 200 euros non se mantén un fillo, a non ser que os fillos do Partido Popular se manteñan co 200 euros, sobres á parte.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas, permítanme que escomece lembrando algúns datos que xa aportei na pregunta ao presidente da Xunta, porque me deu a sensación de que non estivo moi atento, e vostedes, deputados e deputadas do Partido Popular, que tampouco estiveron. Pero, ademais, vou retrotraerme máis no tempo, para que non se diga que non é un problema recente.

En 1857, a poboación galega representaba o 11,49 %; en 1900, o 10,64 %; en 1950, o 9,26 %; en 2001, o 6,65 %; en 2010, o 5,95 %. Se queren máis datos, en 2013, o 5,86 %.

Segundo o INE, Galiza perderá 147.000 habitantes nos próximos dez anos; Galiza ten hoxe 150.000 crianzas menos que hai trinta anos. En cinco anos, a poboación moza reduciuse en 132.000 persoas –cifras propias dun país en estado de guerra–.

E con este cadro, señoras e señores do Partido Popular, vostedes piden que o Goberno do Estado elabore unha estratexia española para o cambio demográfico, porque estamos a falar dun problema que afecta todas as comunidades. En cen anos a poboación galega en termos relativos –o que pasa no Estado– reduciuse á metade, e vostedes falan dun problema español común a todas as comunidades.

Miren, os asesores do señor Feijóo deberon de estar días e días até atopar que Saxonia ten unha media de idade superior á galega.

Pero, mire, se falamos dos estados do mundo, só hai un estado no mundo cunha media de idade superior á galega, Mónaco. Das 314 rexións da Unión Europea, Galiza é a terceira con menos fillos por muller en idade fértil. E con este cadro, señores do Partido Popular, vostedes escomezan a exposición de motivos falando de que nos últimos anos se está producindo unha profunda transformación demográfica en Europa. Miren, nós non negamos que en Europa e que no Estado español exista un problema demográfico, pero é que en Galiza temos un desastre demográfico, e vostedes pretenden obviar a existencia deste problema singular específico

do noso país e pasar a pelota ao Goberno español, en vez de instar a Xunta de Galiza a actuar. Ese é o problema de fondo desta proposición.

Galiza, señores do Partido Popular, vive un desastre demográfico, e ese desastre demográfico é consecuencia dun deseño estatal e europeo que nos condena a ser periferia económica, que nos condena a ser un país dependente, con consecuencias agravadas, ademais, neste contexto de crise; un deseño que na práctica nega o dereito de Galiza a ter unha base económica propia. Ese é o problema de fondo, señores do Partido Popular.

Por tanto, para abordar ese problema é necesario un cambio radical nas políticas. Non abonda con rótulos propagandísticos como ese Plan galego de dinamización demográfica baleiro de contido e que se debateu en media hora nesta Cámara.

Miren, por suposto que temos baixa a natalidade, pero o primeiro que haberá que conseguir é crear as condicións para que os nenos e as nenas que nazen en Galiza queden a vivir e a traballar en Galiza; será o primeiro que hai que conseguir, e para iso non se pode premiar os talentos cunha maleta, como fixeron vostedes, non se pode encubrir a sangría da emigración xuvenil, falando de que iso é mobilidade exterior. Ten que ser un obxectivo estratéxico para este país que a mocidade fique en Galiza e que o seu coñecemento reverta no noso país, e o seu traballo, e para iso a perspectiva de futuro da mocidade non pode ser a precariedade e a explotación.

Para que haxa un cambio demográfico é necesario facer realidade o dereito a vivir e a traballar dignamente na terra.

Para que haxa un cambio demográfico hai que defender salarios dignos. O dereito á vivenda ten que ser un dereito real. Hai que apostar por políticas de igualdade. Os políticos que apostaron de verdade por políticas de igualdade son os que conseguiron reverter a dinámica demográfica regresiva.

Para apostar por un cambio demográfico hai que desenvolver os servizos, hai que crear as condicións na organización do traballo que permitan conciliar a vida laboral e familiar.

Ese é o problema de fondo que vostedes non queren abordar. O señor Feijóo retrotraeunos ás propostas natalistas

do señor Fraga. ¿En que consisten?, ¿na contrarreforma da Lei do aborto do señor Gallardón? Ese non é o problema, o problema non é obrigar ás mulleres a ter fillos que non desexan; o problema é crear as condicións económicas e sociais que permitan que as mulleres, que as parellas que queiran ter fillos, os poidan ter, e neste país hoxe en día non se dan.

Ese é o problema de fondo que vostedes non queren abordar, e por estas razóns o Bloque Nacionalista Galego non vai xogar á confusión, a que vostedes eludan as súas responsabilidades pasando a pelota en Madrid, e votaremos en contra desta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

Señora conselleira, por moito que se traian aquí iniciativas para intentar consenso, se o Goberno de Galicia non está disposto a cambiar radicalmente a súa estratexia en materia de política económica e política social, non hai plan de dinamización demográfica que resista as súas políticas económicas. Porque cada decisión que adopta o Goberno do señor Feijóo en materia de política económica e en materia de política social vai xusto na senda contraria á que deberían ir para fomentar que as familias puideran ter máis fillos.

E, mire, señora Rodríguez Arias, vostede falou aquí das taxas de natalidade, dando algúns datos absolutamente sesgados e parciais. ¡Home!, a taxa de natalidade máis alta deuse no século XVIII en España, e no franquismo as mulleres tiñan cinco fillos. ¿Saben que pasaba? Que nacían moitos e morrían moitos. Ese non é o problema, señora Rodríguez Arias. O problema é que 19.400 mozos e mozas –segundo os últimos datos do paro rexistrado, deses dos que o señor Feijóo tanto quere falar– se foron do noso país porque aquí non atopan oportunidades de emprego. O problema é que desas 20.000 persoas menos afiliadas á Seguridade

Social só hai 614 altas novas. E por moito que vostedes o queiran disfrazar, iso quere dicir que a xente se ten que ir do noso país. O problema é que na anterior lexislatura, grazas a unha iniciativa socialista produto dunha proposta de resolución do debate do estado da autonomía, se constituíu neste Parlamento unha comisión para estudar o problema demográfico de Galicia. E vostedes ás conclusións desa comisión non lles fixeron caso, porque tramitaron por urxencia –como dicía o señor Jorquera–, dándonos un prazo aos grupos da oposición de media hora, un Plan de dinamización demográfica que é peor que o que fixera o señor Fraga no ano 2001 –por certo, que tamén fracasou nos seus resultados–. Peor porque non concreta nin orzamentos nin medidas. É máis concreta, de feito, a nota de prensa do Consello da Xunta na que se anuncia ese Plan de dinamización demográfica que o propio Plan de dinamización demográfica.

Vostedes veñen hoxe aquí a pedir consenso, e non quixeron naquela sesión extraordinaria e urxente da Comisión 5ª darnos aos grupos parlamentarios un prazo de dous ou tres días para poder facer unhas propostas de resolución acordadas entre todos. Vostedes veñen aquí a pedir consenso cando no ano 2001 se tramitou o Plan de dinamización demográfica en seis meses neste Parlamento. Que, como todos sabemos, a política demográfica é algo que hai que debater dun día para outro porque as medidas que se adopten hoxe entran inmediatamente en vixencia mañá. ¡Vamos!, a demografía é unha política urxente... Prioritaria, si, pero, desde logo, non con accións urxentes. Pois, como todos sabemos iso, vostedes quixeron tramitar ese plan en media hora no Parlamento e negáronnos a oportunidade de acordar. Negáronnos a oportunidade de acordar porque querían facer unicamente unha acción publicitaria, como a que están facendo neste momento.

Señora conselleira, vostede ten un plan de dinamización demográfica aprobado o ano pasado neste Parlamento co apoio do seu grupo parlamentario porque vostedes non quixeron ter o acordo do resto dos grupos da Cámara. ¿Sabe vostede o que fixeron con ese plan de dinamización demográfica no ano pasado? Sacar a concurso unha campaña de publicidade de 630.000 euros. Iso foi todo o gasto, toda a execución, dese plan de dinamización demográfica no ano 2013. ¿E sabe cal está sendo a actuación nese plan de dinamización demográfica para o 2014? Pois sacar a concurso unha campaña de publicidade –iso si, este ano un pouquiño máis pequena– con 330.000 euros.

E todo isto sèrvelle para nestes últimos 15 días axitar os medios de comunicación, algún medio de comunicación fai coma que se enfada co Goberno Fejóo porque non se preocupa o suficiente da demografía. Non vaia ser que nesa resolución do concurso da campaña de publicidade haxa algún interese tamén dalgún grupo de comunicación para levar unha parte dese contrato suculento. Porque, en dous anos, 1 millón de euros dedicados a publicidade, señora conselleira, a publicidade, pero non a atacar o problema de fondo, que é a taxa de ocupación feminina —como vostede ben sabe—, para resolver o problema demográfico. Pois ese é o resultado.

E hoxe veñen aquí propoñernos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora GALLEGO CALVAR: ...que lle digamos ao Estado que faga unha estratexia. E foron ao Comité das Rexións —do que falou o señor Feijóo na súa pregunta—. O Comité das Rexións en Europa non manda, señores do Partido Popular. En Europa a quen hai que convencer é á Comisión Europea, é ao Consello e é ao Parlamento Europeo, non é ao Comité das Rexións. Pero vostedes están encantados de viaxar por Bruxelas e facerse fotos para saír nos medios de comunicación publicitando o que fan ou o que non fan.

Miren, señores do Partido Popular, se queren consenso en materia de demografía, o Partido Socialista...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...sempre estivo a favor de tratar con rigor este problema. E para tratar con rigor este problema hai que facer caso das conclusións que adoptou aquela comisión parlamentaria constituída e aprobada a instancias do Grupo Socialista...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...e non unicamente facer actos de publicidade e propaganda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica do grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señora presidenta.

A verdade é que lamentamos a postura dos grupos da oposición. Sobre todo porque, cando debatemos no Parlamento o Plan de dinamización demográfica de Galicia, vivimos unha espantada programada dos grupos da oposición. (*Murmurios.*) E hoxe que debatemos un paso máis alá que unha estratexia española polo cambio demográfico, o que vivimos é que os grupos da oposición se volven poñer de perfil. Polo tanto, isto non é unha postura responsable para dar resposta a un problema que neste momento teñen os galegos e ten Galicia. (*Aplausos.*)

E, miren, nese Plan de dinamización demográfica de Galicia, señora Gallego, ían as súas propostas e ían as propostas do resto dos grupos parlamentarios. Houbo 19 sesións da Comisión, 36 comparecencias. Miren, non era trámite de urxencia, e pódolles falar porque eu era a presidenta desa comisión. Miren, ofrecéuselles 15 días para presentar as propostas de resolución co ánimo de acadar consenso, ¡15 días! E vostedes o que fixeron foi abandonar a Comisión porque non lles importa nin a demografía nin os galegos nin a situación dun problema que temos neste momento. E hoxe volven facer o mesmo, outra espantada dos grupos da oposición, porque non lles importa, porque argumentan que non é necesaria unha estratexia nacional, que é necesaria unha estratexia galega. Deputados e deputadas da AGE, repasen vostedes o Plan de dinamización demográfica de Galicia. Eu entendo que seguramente non o repasaron, pero estratexia galega xa a hai. Non queren estratexia estatal, non queren estratexia española, claro, porque nin España nin Europa teñen nada que ver coa reforma do modelo de financiamento, nin España nin Europa teñen nada que ver cos fondos europeos 2014-2020 e con outras moitas medidas que, se vostedes aprobaran esta iniciativa, Galicia sumaría a ese Plan de dinamización demográfica de Galicia, axudas do Estado e axudas da Unión Europea. Parece ser que vostedes non queren nin axudas do Estado nin axudas da Comunidade Europea, vostedes simplemente o que queren é votar en contra dunha iniciativa do Partido Popular. Esa é a súa responsabilidade, iso é o que levan facendo dende que están vostedes aquí como deputados e deputadas, e alá vostedes. Pero, dende logo, este Grupo Parlamentario Popular o que vai facer é apoiar a consellería non só nese plan de dinami-

zación demográfica senón instando o Goberno do Estado –que este é un problema que non atinxe só a Galicia senón a outras comunidades– e a Unión Europea, porque é un problema que non só ten Galicia senón que teñen moitas rexións.

E con eses fondos europeos Galicia pode levar adiante moitas actuacións para paliar este problema. Alá vostedes coa súa demagogia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Decreto 37/2014, sobre a aplicación do Plan director da Rede Natura

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada D^a Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir:

“e poñer en marcha unha política de xestión da Rede Natura, que garanta a preservación e diversidade biolóxica destes espazos. Con esta finalidade a Xunta de Galiza debe presentar unha proposta de ampliación dos espazos protexidos na Rede Natura 2000 que recoñeza importancia de conservar e preservar espazos de grande interese e valor ambiental e aprobar Plans de xestión específicos por espazos, que realmente blinden a súa protección fronte a especulación e presión urbanística, industrial ou outros usos incompatíbeis.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra don Antón Sánchez, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Ao Partido Popular impórtalle moito a demografía deste país, por iso dende que goberna o señor Feijóo cada ano somos 10.000 galegos e galegas menos. Ao mellor é mellor que empecen a non preocuparse tanto. A solución é moito máis fácil que falar de plans de dinamización. Se vostedes conseguiran que neste país houberse traballo digno para a xente moza, xa verían vostedes como ía medrar a poboación. Pero vostedes, desde que chegaron, o único que fan é botar a xente moza para fóra, tan sinxelo coma iso. Déixense de facer plans que custan diñeiro, e nada, póñanse a traballar para darlle traballo á xente e reverterán a situación. Polo tanto, menos vaciles coa oposición.

Ben, a proposta que hoxe traemos aquí é sobre o Plan director da Rede Natura, que segue a liña do Partido Popular de desprotección do rural, de desprotección dos valores ambientais, paisaxísticos e naturais para dar entrada ao negocio das grandes empresas mineiras, acuícolas, eólicas, etc., como único obxectivo.

Este plan director, aprobado recentemente, supón o abandono da proposta da Xunta de Galicia de 2011 da ampliación da zona. Ampliación que lle foi requirida pola Unión Europea, posto que Galicia non cumpre coa Directiva europea de protección de hábitats de interese. Esa petición da Unión Europea é debido tamén a que Galicia é unha das nacións con menos espazos protexidos, ten un 11,7 % do espazo en Rede Natura, fronte ao 23,1 % do Estado español, por exemplo.

Agora o Goberno da Xunta desiste expresamente da mesma, aprobando un plan director no que nin hai ampliación da delimitación dos LIC existentes nin se aproban novos LIC. No plan director aprobado polo Decreto 37/2014 non se contén nin a máis mínima xustificación ante tal desestamento da súa proposta de ampliación do 2012. Ao contrario, na exposición de motivos considérase que, como resultado dos ditos períodos de exposición ao público 2011-2012 –entre aspas–, “se acordaron unha serie de modificacións para a mellora do documento”. Ou sexa, que para o Goberno do Partido Popular a redución da protección é unha mellora do documento.

Segundo, supón a degradación, a desprotección e a desvalorización da Rede Natura. O Plan director da Rede Natura realiza... *(Murmurios.)*

Señora presidenta, na bancada popular a veces tamén necesitan unha chamada á orde.

A señora PRESIDENTA: Imos ver, xa decido eu se teño que facer iso ou non. Vostede continúe e déixeme a min a moderación do pleno. *(Murmurios.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, si, pero eu reclámolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Reclámolle unha igualdade de trato. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque, se eu escoito, vostede ten que escoitar tamén. E eu estou escoitando.

A señora PRESIDENTA: Ben, pois agradezo que me recorde o que teño que facer. Moitas grazas, tereino en conta.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O plan director realiza unha zonificación homoxénea na Rede Natura que supón en realidade a degradación e a desprotección da mesma, que se estende tamén aos LIC, e que se estende tamén aos LIC que contan cun plan de ordenación de recursos naturais xa aprobado. Resultado do cal, a zona 1, a de maior nivel de preservación dos valores ambientais, é amplamente minoritaria, mesmo o LIC de maior valor ambiental, de acordo co propio Plan de ordenación de recursos naturais.

A regulación de usos e actividades é contrario aos valores da preservación da Rede Natura que se conteñen nas disposicións europeas.

En primeiro lugar, a prevalencia deste instrumento do Plan director da Rede Natura sobre os plans e proxectos sectoriais pode ser excepciónada simplemente por razóns imperiosas de interese público de primeira orde –artigo 4–, sen que o Plan director da Rede Natura precise a súa natureza, co cal queda ao arbitrio discrecional do poder político. A maior abundamento, o Plan director prevé que, aínda no suposto de avaliación ambiental negativa, se poderán autorizar usos e actividades por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica –artigo 26–. O cal supón unha auténtica coladeira xeneralizada en contra dos valores ambientais que se pretenden –ou que se di pretender– protexer e conservar. Prevalece, unha vez máis, o interese económico sobre o ambiental.

En segundo lugar, o Plan director non só prevé a continuidade das explotacións mineiras extractivas existentes senón que se permite con carácter excepcional novas actividades en áreas declaradas como de potencial mineiro –de acordo cun plan sectorial aínda non aprobado, o Plan sectorial de actividades extractivas– ou en concellos mineiros. E iso para todas as zonas da Rede Natura, de conformidade cos artigos 23 e 68. Do mesmo xeito, considéranse autorizables a nivel xeral as actividades acuícola, eólica e hidráulica.

En terceiro lugar, aínda que a Rede Natura se declara a nivel xeral como de exclusión para actividades mineiras a ceo aberto, ampárase a ampliación das existentes, condicionada unicamente a unha axeitada avaliación das súas repercusións ambientais; o mesmo que respecto da repotenciación dos parques eólicos e a modernización ou a ampliación dos aproveitamentos hidráulicos.

O réxime normativo relativo ás actividades extractivas a ceo aberto é perverso. Mentres no plan director se anuncia unha exclusión para as novas actividades –non para as existentes, que se consolidan, mesmo as ilegais–, o propio plan director remite o réxime de autorización a un plan sectorial de actividades extractivas –que está en trámite–, instrumento de natureza non ambiental. O dito plan sectorial, ademais, non é outra cousa que un instrumento de planificación de política mineira. Ou mesmamente a declaración dun concello como mineiro, que permite que a Xunta poida declarar un concello como mineiro previa solicitude ao respecto do propio concello, o cal ampara, de acordo co Decreto 37/2014, a inaplicación do réxime de exclusión; de xeito que o Plan sectorial de actividades extractivas vai amparar legalmente non só as actividades existentes –tamén as ilegais, insisto– e a súa ampliación, senón tamén as novas que se proxecten na Rede Natura, en calquera das tres zonas, tamén na primeira, na de máxima protección.

E, ademais, no Plan sectorial de actividades extractivas xa se anticipaba o que aquí se está a propoñer. Decía –entre aspas, repito–: “Algúns proxectos de extracción poden resultar mesmo beneficiosos para a biodiversidade ao proporcionar nichos ecolóxicos de calidade” –a cualificación fúnebre de nichos é ambientalmente moi apropiada para este plan, que considera a Galiza como unha mina real ou potencial, todo o territorio–. “Este plan director remite ao plan sectorial, tanto á legalización das actividades mineiras existentes

na Rede Natura como á habilitación normativa para a súa ampliación ou autorización de novos proxectos”. Un plan sectorial que expresamente vai amparar a actividade mineira en toda, ¡en toda!, a Rede Natura. Así o di expresamente a memoria do dito plan sectorial, despois de pór de manifesto a situación de ilegalidade e imposibilidade da legalización anterior das actividades extractivas en espazos protexidos, anterior... E algo que se pretende subsanar... Di outra vez: “Derívase do anterior, a urxente necesidade da redacción e aprobación do Plan sectorial de actividades extractivas por entenderse que a regularización das actividades extractivas, a ampliación das existentes ou a implantación de novas actividades en determinadas categorías de rústico especialmente protexido polos seus valores ambientais, ecolóxicos ou paisaxísticos ou por aplicación das determinacións da lexislación de carácter sectorial, debe ser analizado dende un instrumento de ordenación territorial, como é o Plan sectorial de actividades extractivas”. Polo tanto, vai prevalecer o Plan sectorial de actividades extractivas, que considera que todo o territorio é susceptible de ser unha explotación mineira.

Polo tanto, dito isto, podería seguir con moitos máis casos, a expansión urbanística tamén. “Prevese a excepción da expansión urbanística en espazos de Rede Natura sempre que se considere de interese público”. ¡Non se precisa nada máis que sexa de interese público! Podemos ter, unha vez que se aprobe a Lei do solo, que encaixa perfectamente con isto, unha urbanización con campo de golf nos Ancares, que seguramente é o que vostedes pretenden. Si señor, con esta lexislación é posible, con esta lexislación é posible legalizar as minas ilegais, amplialas e abrir novas minas.

Polo tanto, o que nós pedimos é que se derroque este plan director, e ademais agradecemos a emenda do Bloque Nacionalista Galego, que vén complementar moito mellor a nosa proposta, que se elabore unha nova normativa que blinde a preservación dos espazos ambientalmente valiosos e que se amplíen as zonas de protección da natureza.

É evidente que a aposta do Partido Popular é diametralmente oposta.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O futuro, para o Partido Popular, é poñer á disposición das grandes empresas o 90 % do

territorio galego, que é o solo rústico. Iso xa o sabemos, pola lei do solo que pretenden aprobar, por este plan director, polo Plan sectorial de actividades extractivas e polo Plan eólico. Vostedes queren poñer á súa disposición todo o territorio, pero nós non. Porque nós, precisamente, o que queremos é que non siga pasando o que pasa cando vostedes gobernan, e é que en Galicia cada vez somos menos, cada vez somos máis pobres, cada vez vivimos peor. E iso é resultado, fundamentalmente, das políticas que vostedes levan realizando neste país o 80 % do tempo desta democracia. Vostedes, que son especialistas en que pareza que aquí acaban de empezar a gobernar, teñen que saber que vostedes gobernaron aquí a maior parte do tempo, e a situación actual de despoboamento deste país e de empobrecemento deste país é fundamentalmente...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...responsabilidade do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta, señorías.

Eu comparto co señor Sánchez que é evidente que o Partido Popular non se ten destacado nos últimos anos por unha preocupación en relación coa conservación da natureza. Máis ben, se en algo se ten destacado a Xunta de Galiza, é pola destrución dunha parte moi importante do noso territorio, dos nosos valores culturais, dos nosos valores patrimoniais, dos nosos valores ambientais, e todo isto xustificado en nome do progreso. Mais, cando imos realmente aos países que teñen acadado un maior nivel de desenvolvemento, o que vemos é que son países que teñen preocupación non só por conservar, digamos, os elementos patrimoniais do seu país, senón tamén por conservar e preservar o seu medio natural.

Sería longuíssima a lista de lugares destruídos, afectados dunha maneira, en moitas ocasións, irreparábel, que, diga-

mos, nos desposuíron dunha parte importante do que era este país. En todo caso, eu creo que xa se fixo mención a algúns deles, e cinco minutos non chegarían para poder relatar esta destrución.

En todo caso, si é certo que a xestión que se ten feito da Rede Natura pode ser un dos expoñentes básicos desa falta de visión sobre o que significan as políticas de conservación do medio natural, tanto no que ten de conservar elementos, unha calidade de vida e unha calidade ambiental, que isto é importante, como tamén polo potencial de desenvolvemento económico que se podería dar vinculado ao desenvolvemento, neste caso, na Rede Natura. Hai cálculos que se teñen feito –neste caso desde a Comisión Europea– que din que o custo da xestión da Rede Natura en toda Europa suporía uns 5.000 millóns de euros. Porén, os beneficios dunha xestión correcta vinculada cun desenvolvemento sustentábel e coa creación de dinámicas locais en torno ao desenvolvemento destes espazos podería obter uns beneficios entre 200 e 300 millóns de euros ao ano. É dicir, que o investimento que se poida facer en conservación, preservación, dinamización de espazos rurais vinculados coa protección e a conservación da natureza, podería ser un ámbito de desenvolvemento importante.

Nós cremos que iso, nun país como Galiza, que, como vimos, está esmorecendo, e que onde máis se está vendo esa lenta morte agónica á que se está sometendo a Galiza son zonas rurais onde case xa non quedan habitantes, e moitos deles son moi maiores, a posta en marcha de políticas realmente de desenvolvemento neste ámbito podería ser unha alternativa viábel. Mais aquí o que temos é unha Rede Natura que foi feita en precario, concibida polo Partido Popular única e exclusivamente como un decreto, que sitúa a Galiza como un dos territorios de todo o Estado español que ten unha menor porcentaxe de rede protexida. E o máis grave e dramático é que, na práctica, o feito de ser un espazo natural protexido o único que provocou foi, para as persoas que viven neses lugares, restricións e restricións sen ningún tipo de compensación. Iso si, cando veñen multinacionais, cando veñen transnacionais a ocupar o noso territorio, teñen aí unha bolsa de chan barato, que é o que veu pasando coa Rede Natura no noso país, fíxose xusto o contrario do que se debería facer.

Nós entendemos que este plan, este decreto que fai a Xunta de Galiza en torno á xestión da Rede Natura chega

tarde e non responde ás necesidades, desde logo, dunha xestión avanzada. O BNG defende que ten que haber plans específicos por cada unha das zonas. Porque aquí o único que se fai é cumprir un formalismo que logo non vai ter ningún tipo de eficacia práctica á hora de establecer un novo modelo de xestión dos espazos naturais, neste caso da xestión da Rede Natura.

Nós, desde logo, cremos que é importante tamén que se amplíen os espazos que hai. Pero dicimos ampliar con outra política, cunha política que realmente teña como cerne que se poidan conservar espazos, que as persoas que viven neses espazos sexan as primeiras beneficiarias das políticas que se fagan, e ao mesmo tempo que se xere unha actividade económica. Porque, de verdade, diga o que diga o presidente da Xunta de Galiza, neste país as cousas non van ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Socialista, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas presidenta.

Bo día a todos os deputados e todas as deputadas.

Esta mañá o presidente Feijóo dicíanos que a súa grande preocupación, a do Partido Popular, é a loita contra o desemprego –esta palabra é miña– e a loita contra o grande problema que ten Galicia –a seguinte é del– que é a demografía. Pois non estaría de máis que, tanto o presidente Feijóo e, sobre todo, o conselleiro de Medio Ambiente, estivesen aquí, ou, se non, trasládenlle vostedes, os poucos deputados do Partido Popular que están dentro do hemiciclo, que a Rede Natura podería ser precisamente unha oportunidade de desenvolvemento e de emprego para a nosa comunidade autónoma, e que, polo tanto, podería supoñer a creación de emprego e a baixada dese problema de demografía que temos aquí. Pero o plan director do Partido Popular, do Goberno do Partido Popular, non é máis que unha oportunidade perdida para loitar contra esas dúas lacras da nosa comunidade autónoma.

Os socialistas imos votar a favor desta proposición non de lei da AGE porque hai tempo que demandamos ao Partido Popular un plan director –a última vez foi en marzo do

ano pasado—, pero non queremos este plan director do Partido Popular, do Goberno do Partido Popular, e os motivos son fundamentalmente os seguintes.

Primeiro, porque existiu un retraso tremendo na súa aprobación, incumprimos o prazo que nos impoñía a Unión Europea para aprobar os plans de xestión da rexión bioxeográfica atlántica —rematara o prazo en decembro do ano 2010 e estamos no ano 2014—, e ese retraso é unha mostra do interese que ten o presidente Feijóo e o seu conselleiro polo medio ambiente e, polo tanto, pola Rede Natura en Galicia. Dános a impresión de que se aprobou agora mesmo porque é obrigatorio e porque as eleccións europeas son neste mes. E por iso no mes pasado —*coincidencias de la vida*— pode ser que fose aprobado este plan director.

O segundo motivo é que este plan director —como xa se ten dito aquí— permite actividades que son totalmente contrarias aos obxectivos e ás finalidade da Rede Natura 2000. Autoriza —é verdade que excepcionalmente— actividades mineiras extractivas a ceo aberto nas zonas que están incluídas en Rede Natura, e autoriza plantas acuícolas en espazos protexidos. O propio conselleiro falou de que podería implicar a posible instalación dun proxecto acuícola en cabo Touriñán.

É obvio que o Partido Popular o único que quere facer é favorecer o acaparamento de terras e recursos ás grandes corporacións. Só temos que pensar nese proxecto de mina na Fonsagrada, do que nos chegaban noticias o ano pasado, e tamén neses proxectos grandes que tiña Pescanova en cabo Touriñán e que todos sabemos como remataron, no Xulgado do Mercantil de Vigo agora mesmo.

Outro dos motivos é a non erradicación das especies invasoras, ou, como di este plan director, que serán campañas de voluntariado ambiental as que se dediquen á erradicación de especies invasoras. O que é tamén unha mostra máis do interese que ten o Partido Popular pola Rede Natura. Agora entendo por que se votaba a favor dunha iniciativa deste grupo parlamentario para a erradicación dunha especie invasora por unanimidade —tamén o Partido Popular—, a herba da Pampa. Porque se vota, pero logo non se fai nada, porque como todo depende do voluntariado ambiental, pois xa serán os voluntarios os que se dediquen a erradicar as especies invasoras. Pódese votar o que sexa, pero total, ao final, non se fai nada.

As especies arbóreas autóctonas caen en detrimento das especies arbóreas alóctonas. É dicir, di o plan que as superficies forestais arborizadas que no momento da entrada en vigor do propio plan estean poboadas por especies non autóctonas poderán seguir sendo explotadas. É dicir, nada de impulso a un sector forestal sostible baseado en especies autóctonas, pero si un regalo a Ence para que siga traballando co eucalipto.

E, por último, quizais o motivo máis importante: este plan non ten memoria económica, non hai marco orzamentario de ningunha clase, e, polo tanto, non deixa de ser simplemente papel mollado. Non garante o desenvolvemento sostible nestas zonas e non compatibiliza a protección dos espazos cunha actividade humana respectuosa co medio ambiente.

É outra oportunidade perdida, e, en definitiva, os socialistas entendemos que o plan director do Goberno do Partido Popular reflicte o seu nulo compromiso co territorio, a súa incapacidade de cumprir e facer cumprir a normativa ambiental, a súa ambigüidade para favorecer tomas de decisións arbitrarias sobre qué facer e ónde facelo, e a falla de desenvolvemento de actividades sostibles nas áreas de influencia socioeconómica de Rede Natura.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Vilán.

Grupo Popular, ten a palabra o señor Freire Abeijón.

O señor FREIRE ABEIJÓN: Grazas, presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Logo de reclamar reiteradamente un plan director da Rede Natura, agora que está publicado piden a súa retirada. ¡Vaia congruencia, señorías!

Supoño que todos vostedes son conscientes de que Galicia ten unha dispersión xeográfica e un asentamento dos núcleos de poboación historicamente singular e claramente diferenciada doutros territorios. E este asentamento é un aspecto que é preciso ter en conta na toma de decisións e que inflúe de xeito determinante na configuración das devanditas proteccións.

Mentres o Goberno da Xunta actúa de xeito responsable e amosa o seu compromiso coa protección da Rede Natura a través da aprobación do Plan director, outros actúan –entendo eu– de xeito irresponsable pedindo a súa retirada. Son as dúas caras da moeda.

Con esta iniciativa demostrase, ao meu entender, un profundo descoñecemento da normativa ambiental ao mesturar, ben por descoñecemento ou por outro tipo de interese, o procedemento para a declaración dun espazo a incluír na Rede Natura coa ordenación dos espazos unha vez declarados. Cúmprese por parte da consellería coa obriga e coa responsabilidade de transformalos en zonas de especial conservación e tamén co restablecemento a unhas condicións favorables dos hábitats naturais e das especies de interese comunitario co fin de realizar unha rede ecolóxica coherente.

O Plan director, como plan de ordenación dos recursos naturais, en ningún caso estaría encamiñado a solventar a diferenza á que vostede facía referencia, señor Sánchez, e existe en canto á superficie incluída dentro da Rede Natura, senón que o Plan director é un instrumento básico para a planificación, para a ordenación e para a xestión das zonas de especial conservación e tamén daquelas zonas de especial protección para as aves, dando cumprimento así ás existencias establecidas nas directivas europeas e tamén á normativa estatal e autonómica.

A iniciativa presentada demostra ademais unha falta de responsabilidade tanto co Goberno do país como coa súa xente, dado que a retirada deste Plan director suporía o incumprimento da Directiva hábitats e suporía unha importante sanción económica que deberíamos afrontar os galegos e as galegas.

Por esta razón, coa aprobación do Plan director a Xunta ponse á cabeza no que é a ordenación dos espazos da Rede Natura no territorio nacional, sendo a primeira comunidade autónoma da rexión bioxeográfica atlántica e a segunda da mediterránea en ter transformados os seus lugares de interese comunitario en zonas de especial conservación, e a terceira tras Canarias e A Rioxa en todo o Estado español. Este logro entendemos que repercutirá positivamente sobre a conservación do noso patrimonio natural, e así debería ser valorado por todos os grupos políticos presentes nesta Cámara, aínda que parece que non é esta a situación.

Dicir que o déficit de protección ao que se facía referencia non se refire ao territorio galego, senón ao territorio das rexións bioxeográficas atlántica e mediterránea, co cal esa superficie non está contemplada facendo referencia exclusivamente ao noso territorio. E resulta tamén sorprendente sobre a zonificación plantexada que tres niveis parezan resultar insuficientes, fronte aos cinco que ao entender do Grupo de AGE deberían establecerse. Cinco e ¿por que non dez en vez de cinco? Cremos que non é determinante e que é irrelevante o feito de que sexan máis niveis de protección, senón o que se debe é cumprir con rigor as proteccións marcadas.

A zonificación establecida no decreto de aprobación do Plan director obedece a un traballo técnico desenvolvido durante varios anos e non son decisións caprichosas. Un traballo no que se ten avaliado non só os valores ambientais do espazo natural, senón tamén a fragilidade deste para soportar determinados impactos. E é preciso subliñar tamén sobre a zonificación de que é falso o que afirma o Grupo Parlamentario de AGE, de que a zona 1 é amplamente minoritaria, dado que abarca máis do 26 % da superficie total.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor FREIRE ABEIJÓN: –Remato, presidenta, só dúas cuestións.–

Señora Vilán, dicirlle que, por último, no expediente obra unha memoria económica cunha inversión prevista para o establecemento das medidas de xestión previstas para os próximos tres anos de 15 millóns de euros. E para facer unha interpretación rigorosa, en caso de que o lugar considerado albergue algún tipo de hábitat natural ou unha especie prioritaria, unicamente se poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio, ou ben, logo da consulta á comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde, co cal non é certo que poida actuarse de forma arbitraria sobre esta superficie.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Desde o escano, señor Sánchez, por favor. Ten a palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Parece ser que o señor Freire é agora aquí o que decide quen sabe de lexislación e quen non, tamén arbitrariamente como nos teñen acostumados. Tamén nos teñen acostumados á manipulación e á perversión da linguaxe. Como dicía onte a conselleira de Facenda, hai que dismantelar o Estado de benestar para blindar o Estado de benestar. E vostede di que é irresponsable pedir a retirada deste Plan director da Rede Natura porque disque é unha figura de protección, pero é unha figura de protección que desprotexe paradoxalmente, ou sexa, aproban un Plan director da Rede Natura para desprotexer, e esa é a realidade, para desprotexer. Entón, o que vostedes están facendo é manipulación, mentira, cinismo, propaganda, pero dicindo o contrario do que fan, que é a peor das mentiras.

Plan director da Rede Natura, señor Freire, que vostede di que le moito a lexislación e os demais non, no artigo 23.1 permite novas actividades extractivas a ceo aberto nos seguintes casos. Artigo 23.1: zonas con potencial mineiro identificadas no Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, zonas incluídas nos concellos mineiros declaradas ao abeiro da lexislación mineira, explotacións en activo no momento da entrada en vigor do Plan director da Rede Natura, non no momento da entrada en vigor da Louga; novas explotacións mineiras ou licitadas con anterioridade á entrada en vigor do Plan director; ampliación das explotacións en activo no momento da entrada en vigor do Plan director. En toda a superficie da Rede Natura permite isto. ¿Isto é protección, señor Freire?, ¿isto é protección?

Tamén posibilidade de reclasificar terreos rústicos incluídos na Rede Natura. Ata o de agora a Lei de ordenación vixente impedía a reclasificación en solos de Rede Natura, e a partir de agora o Plan director prevé a posibilidade de reclasificar terreos actualmente clasificados como solo rústico de protección de espazos naturais para destinalos ao desenvolvemento urbanístico nos municipios que teñan unha superficie superior ao 40 % clasificada como solo rústico de protección de espazos naturais. Isto tamén é protección, señor Freire; ¿isto é unha protección do carallo!

Mire, señor Freire, vostede fala de que Galicia ten unhas certas peculiaridades,... (*Murmurios.*) unhas certas peculiaridades de dispersión da poboación, etc., e vostedes aproban unha Lei do solo que vai agravar o problema da dispersión, da edificación, permitindo a segregación en

solo rústico, permitindo as parcelacións en solo rústico, permitindo a reclasificación de solo rústico en urbanizable alá onde sexa, sempre que se... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor; si, señor. O señor Rodríguez non le a Lei do solo –por iso sempre di que non–, pero é así, no artigo 31.3 da Lei do solo fala de que se poderán reclasificar solos urbanizables en solo rústico sempre que haxa un interese público; punto. E iso é así, discrecionalidade total.

Vostedes defenden o modelo de poñer á disposición das grandes empresas mineiras...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e extractivas o 90 % do noso territorio. E o Plan sectorial de actividades extractivas, a Lei do solo e o Plan director da Rede Natura van nese sentido...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...no de desprotexer este terreo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Seguinte proposición.

Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a aplicación do tipo reducido do IVE do 10 % aos servizos de perrucaría

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e ten a palabra para formulala o señor Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

Unha vez máis vémonos obrigados a defender nesta Cámara os dereitos dos traballadores e das traballadoras deste país; neste caso os que se dedican ao sector da perrucaría e da estética.

A maioría das perrucarías no noso país, en Galicia, son pequenos negocios formados por un autónomo e un ou dous traballadores. O 85 % deles están ademais rexentados por mulleres; é dicir, é un sector que favorece o emprego feminino. É un sector que agrupaba no 2011 uns 48.000 salóns, nos que de forma directa traballaban máis de cento vinte mil persoas en España; é dicir, non estamos a falar dun tema menor.

A crise económica que dende o ano 2008 afecta o global da economía situou nese ano a moitos deles nunha situación comprometida debido sobre todo á baixa afluencia de clientes e ao menor número de servizos realizados. Como consecuencia desta situación moitos salóns víronse obrigados nese momento a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nas súas marxes comerciais, co fin de frear a importante caída de clientes e de intentar como tantos outros sectores seguir co seu negocio e manter os postos de traballo.

A decisión do señor Rajoy, a decisión de incrementar o IVE en nada máis e nada menos que 13 puntos de golpe, leva a estes profesionais a unha delicada situación económica. Permítanme que esta subida do IVE non é unha subida máis que soportaron o resto dos sectores, porque é unha subida dobre. Por un lado, sóbese o IVE como ao resto dos sectores, pero, por outro, pásase do tipo reducido ao tipo xeral, o que implica de golpe unha subida do 13 %. Recórdolles que tras as baixadas de clientes que tiveron xa estes sectores por causa da crise, moito me temo que estes profesionais non teñen unha marxe do 13 %.

Moitos negocios están a sufrir estas consecuencias das medidas aprobadas polo Goberno, é verdade, non son eses os únicos, tamén hai outros afectados como pode ser o cine ou os servizos funerarios, que tamén foron afectados de forma especial por esta subida do IVE. Sen lugar a dúbidas, unha das subidas máis drásticas aprobadas en Europa dentro do marco da crise económica na que nos atopamos, coa que o Goberno trata de arañar uns recursos que ademais, para máis gravidade, non consegue, porque con esta subida do IVE neste sector os recursos recadados por IVE polo Goberno vanse ver reducidos e non aumentados.

De todas formas, hai unhas declaracións do ministro de Facenda que vou ler aquí que son certamente curiosas. Di, e

leo textualmente: “*Que no son medidas fáciles pero hay que actuar con realismo*”. Eu non sei a que se refire o señor Montoro cando di que hai que actuar con realismo, porque o realismo é activar a economía e non fundir un sector económico tan importante para Galicia, tan importante para España.

Tamén non puiden evitar recordar aquelas declaracións que facía o propio presidente do Goberno cando se presentaba ás eleccións antes de ser presidente, no que nos recalca e dicía que subir o IVE é de malos gobernantes. Eu collín uns titulares de prensa por recordar aqueles tempos, estaban a punto de ser as eleccións xerais e hai titulares en *El Mundo*, en *La Razón* e en *ABC* que son certamente moi significativos: “*Arreglaremos la economía en dos años*” –dicía textualmente–, “*Cuando gobierne bajará el paro*”, “*Meteré la tijera en todo menos en las pensiones, en la sanidad y en la educación*”. E con respecto ao IVE dicía: “*Rajoy no subirá el IVA y dice que dará la cara ante la crisis*”. Pois é o que lle pedimos ao Goberno, que dea a cara ante a crise e que, dende logo, non faga o contrario do que di.

As recomendacións de Bruxelas sobre unha subida do IVE convertéronse nun imperativo para España, onde tiñamos un dos impostos ao consumo máis baixos de Europa. Claro, iso é historia. Só queda intacto o superreducido, o do 4 %, aquel que se aplica ao pan, ao leite, aos alimentos básicos e aos medicamentos. Por iso con este incremento os sectores das actividades afectados non deixan de levarse as mans á cabeza dado que se lles está a recortar xa non só as marxes, senón a capacidade e a forma de vida que teñen.

Por iso –como lles digo– moitos sectores saen e podemos ver, por exemplo, que a Confederación Española de Comercio, por boca do seu presidente, dixo textualmente: “As medidas aprobadas afundirán os pequenos comerciantes no pesimismo e na desesperación”.

Saben que nas miñas intervencións me gusta dar datos e creo que é importante cando se fala pois dar datos do que se está falando, e ademais é como se reflexa a verdadeira realidade das cousas. Durante o último ano máis do 30 % destes negocios xa se viron abocados ao seu peche ou a despedir a parte dos seus empregados e empregadas. Estou falando do 30 %. Evidentemente, cando un negocio pecha ou despide os seus empregados é porque non lle dá para máis; é dicir, nadie cerra un negocio porque quere.

Señores, creo que o Goberno ten que dar un paso adiante e comezar a escoitar os afectados, escoitar a xente que o está pasando mal e a xente que está xerando ademais postos de traballo.

Outra noticia do 13 de abril deste ano: dicía o presidente da Federación de Perrucarías de Galicia, a Fepega, aseguraba que o elevado peche de negocios provocaba unha baixada na recadación do sector entre un 30 % e o 40 %. Segundo este mesmo portavoz dicía que o azote do IVE nos levou a unha grave e insostible situación. O sector está nunha situación insostible. Eu tamén comparto con el esta opinión.

Ademais, prodúcese un agravio comparativo con outros sectores como, por exemplo, a publicación de revistas, transportes de viaxeiros ou servizos hoteleiros, que teñen un IVE inferior. E enténdaseme ben, que non quero dicir con isto que se teña que subir o IVE a estes, senón que o que ten que facerse é baixar ao IVE reducido o que se elevou ao IVE xeral.

A subida do IVE provocou unha enorme baixada de clientes neste sector, porque por primeira vez os profesionais xa teñen máis gastos que ingresos. E dígolles que teñen máis gastos que ingresos, porque ademais do descenso de clientes tamén hai que sumar outro efecto que provoca o IVE, que é o aumento dos gastos. Estou a falar de gastos tan importantes para este sector como é a electricidade –non lles vou dicir o que subiu nos últimos tempos– ou os produtos que utilizan estes profesionais, que tamén se viron afectados pola subida.

Non me poderán negar que a situación que atravesan estes autónomos é insostible, sobre todo porque se trata dun sector caracterizado pola súa forte atomización, con máis de cinco mil establecementos en Galicia, preto de tres mil autónomos, cunha media de 2,3 empregados e que ningunha empresa supera os 100 traballadores.

Saben que eu son de Lugo, así que me van permitir que lles poña como exemplo a miña provincia. Só en Lugo esta subida do IVE vai provocar no número de postos de traballo un descenso do 20 % dos traballadores do sector, e no resto de España provocará o despedido de 10.000 traballadores especializados e o peche de 3.000 empresas. Descoñezo se lles parece ético e moral esta subida de 13 puntos; dende logo, a min non. Nun imposto do día para o mañá non se pode subir un 160 %; repito: 160 %.

O Real decreto lei 20/2012, aprobado para garantir a estabilidade orzamentaria e fomentar a competitividade que regula o incremento do IVE, está a ter consecuencias nefastas: primeiro, agrava a crise que atravesa o sector, condena ao peche os establecementos, provoca a perda de postos de traballo e fomenta a economía somerxida, favorecendo a competencia desleal e o intrusismo. Cremos que se trata dunha medida inxusta, para un sector que dende sempre loitou por crear e manter emprego. O único que conseguen é que se estanque o consumo máis do que está e facer que o consumidor perda confianza. A perrucaría estética foi sempre un sector en movemento, dinámico, cunha constante innovación tanto en servizos como en produtos.

A reinversión que estes profesionais fixeron sempre nos seus negocios co fin de non quedarse atrás e ofrecer sempre unha boa relación calidade-precio posibilitou que ata o de agora puidesen manter un nivel óptimo de emprego, que caracterizou precisamente este sector, porque tiña menos paro que outros sectores, como o comercio ou os servizos, pero chegou o Goberno e todo ese esforzo tirouno pola borda.

Para rematar, gustárame lembrar que dende o ano 1999 a Unión Europea recomendaba aos seus estados membros que designasen cales dos sectores de man de obra intensiva debían pasar a tributar o tipo de IVE reducido, co fin de manter o incremento no emprego. O Goberno español designou como un destes sectores o da perrucaría e polo acordo de Ecofin aprobouse para o ano 2000 a medida con carácter provisional para efectos de comprobar a súa eficacia. A partir de aquí os efectos positivos fixéronse notar, traducidos na contratación de persoal, especialmente de mozos e mulleres, que se incrementou de maneira notable. A medida transitoria, que foi ata o ano 2010, tras pasar con éxito os distintos exames, viuse que a súa eficacia era boa e, polo tanto, pasou a ser unha medida definitiva. E só rexistrou un aumento dun punto nese mesmo ano, do 7 ao 8 %, ao tempo que o tipo xeral subía do 16 ao 18, pero, dende logo, consolidándose este tipo de servizos como de IVE reducido.

Este sostemento económico do sector deu un xiro radical no ano 2012 coas políticas do Goberno. En Galicia, o número total de establecementos ascende segundo o INE a uns sete mil, algo máis do 9 % do nacional. Destes, uns tres mil están na Coruña, novecentos en Lugo, oitocentos en Ouren-

se e uns dous mil en Pontevedra. Con esta medidas en Galicia pecharanse máis de trescentos establecementos.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que o futuro pasa pola rebaixa deste tipo impositivo pasando do IVE xeral ao IVE reducido, como estaba ata o momento, porque de non facelo estaremos cargando este sector cunha carga que, dende logo, non merece e non pode soportar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, quizais chame a atención de que sexa precisamente eu quen fixe a posición en nome do Grupo Parlamentario do BNG sobre esta cuestión, por razóns que saltan á vista; *(Risos.)* non son precisamente o deputado que máis uso faga dos servizos de perrucaría. *(Aplausos.)* Pero brincadeiras á parte, estamos a falar dun problema serio e coincidimos totalmente cos contidos desta proposición. De feito, o Bloque Nacionalista Galego xa presentou iniciativas semellantes no Congreso dos Deputados.

O sector da perrucaría é un sector económico importante, do que dependen moitos empregos; un sector formado na súa inmensa maioría por microempresas, presentadas por pequenos empresarios ou autónomos. Segundo a Fepega, a Federación de Perrucarías de Galiza, no noso país hai máis de cinco mil establecementos cunha media de 2,3 empregados por establecemento e estaríamos a falar pois arredor de doce mil empregos directos, e dos cinco mil establecementos tres mil están rexentados por autónomos. Este sector xoga ademais un importante papel na dinamización non só económica senón incluso da vida social dos nosos barrios, e é un sector que ve como o seu futuro está en perigo, non só polo impacto da crise económica, senón tamén pola brutal suba do IVE de 13 puntos nada máis e nada menos, en vigor desde a aprobación do Real decreto lei 20/2012.

Unha suba que algúns establecementos optaron por repercutir nos clientes, que ven como polo mesmo servizo poden estar pagando agora até 10 euros máis, co conseguinte impacto na caída da demanda, na caída da clientela. Outros establecementos en cambio optaron por absorberen eles a suba reducindo a súa marxe de beneficio. Pero se a esta redución lle sumamos o descenso na demanda por mor da crise económica –segundo a propia Fepega, nos últimos anos houbo unha baixada da recadación de entre o 30 e o 40 %– e sumámoslle tamén o incremento de custos –os produtos encarecéronse nun 3 %– e a isto hai que sumar o forte impacto da suba da electricidade, pois a consecuencia é a ruína do sector. As propias asociacións do sector calculan que xa pecharon o 30 % dos establecementos, como apuntou o señor Santín.

Ademais, a suba do IVE tivo outra grave consecuencia, que agrava aínda máis a situación que estamos a describir, como é a medra da economía somerxida por mor da proliferación de negocios ilegais de ámbito doméstico. Negocios ilegais que representan unha competencia desleal que agrava a crise do sector pero, ademais, pode producir o paradoxo, se sumamos ao peche de establecementos a proliferación de negocios ilegais, de que a suba do IVE nin sequera sirva para incrementar a recadación.

Ademais, o señor Rajoy nesta cuestión, como en tantas outras, está incumprindo a súa palabra, señoras e señores do Partido Popular, porque cando anunciou a reforma do IVE dixo que ía diferenciar o tratamento das pequenas perrucarías, que tributan polo réxime de módulos, do tratamento das grandes cadeas, e é algo que nunca se produciu.

Coincidimos, polo tanto, co grupo propoñente na necesidade de reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE a estes servizos, a estes establecementos. Coincidimos na necesidade de que volva aplicarse o IVE reducido. E brincadeiras á parte, insisto en que estamos a falar dun problema moi serio que pon en perigo de subsistencia un sector que crea un volume importante de postos de traballo no noso país, e por estas razóns votaremos a favor desta proposición non de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, eu non vou repetir os datos que aquí xa se deron sobre a situación das perruquerías no noso país, pero si que ten moita relación cun debate que se deu hoxe tanto nas preguntas ao presidente como despois coa proposición non de lei do Partido Popular, que é a natalidade e a demografía. Estamos falando de perruquerías, maioritariamente un sector feminino, moi feminizado, cuns salarios de miseria, pois non chegan aos mil euros brutos, líquidos sóense levar entre 700 e 800 euros para a casa, e que, polo tanto, non xera evidentemente unha seguridade, ademais da precariedade que hai en canto a xornadas laborais e en canto a dereitos de conciliación. Polo tanto, estamos falando dun sector feminino que con esa preocupación que ten o Partido Popular pola demografía debería de favorecer que ese sector estivese en auxe e non tivese problemas.

Pero non é soamente iso, temos un país con 296.900 desempregados; desempregados que, evidentemente, non van ir á perruquería, e menos se lles aumentan o prezo nun 13 % do IVE. Unha das primeiras cousas que deixa de facer unha persoa cando está no desemprego é ir á perruquería, son os primeiros gastos que se consideran superficiais. Polo tanto, é o sector que primeiro aparece castigado ante unha situación de crise económica.

¿Que fai o Goberno para salvar este sector? Aumentarlle o IVE 13 puntos, é dicir, deulle a puntilla para que realmente afunda na miseria. Pero a Xunta, que está tan preocupada polos emprendedores, lanza un programa, o programa Emega, da Secretaría Xeral de Igualdade de Galicia, para estimular o emprendemento feminino, e cando estimula ese emprendemento e hai unha perruqueira que abre unha pequena perruquería atópase con que non a pode manter, porque a axuda é todo ficción, é todo publicidade e propaganda. Non vale con que se lle dea unha axuda para montar un negocio se despois todas as políticas van dirixidas a que ese negocio non poida saír adiante, a condenar ese negocio ao peche nos seus primeiros meses de existencia, que é o que está pasando. A maioría dos negocios en Galicia non superan os seis meses, e xa a supermaioría non superan o ano.

Polo tanto, non se poden establecer, por un lado, políticas de axudas e, por outro, políticas que condenan o peche

dos negocios; non se pode falar, por un lado, de políticas de fomento da natalidade e, por outro lado, condenar as mulleres a seguiren tendo salarios de miseria e condenar os negocios que son fundamentalmente femininos ao seu peche por políticas recadatorias. As políticas do Partido Popular, realmente, só son políticas de publicidade cara ás persoas normais, cara ás clases populares, mentres só van dirixidas a chucharlles a esas mesmas clases populares o pouquiño que ganan, a complicarlles a vida, a facer que os seus negocios non poidan saír adiante, a non ter axudas reais.

Polo tanto, nós imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista. É evidente que se queremos salvar este sector e queremos salvalo precisamente neses emprendedores e neses autónomos, non nas perruquerías das grandes cadeas, que son as que teñen máis fácil sobrevivir, pero esas pequenas perruquerías que monta unha muller ou un home ou unha persoa con moi pouquiño apoio non podemos condenalas a que morran polo afán recadatorio do Partido Popular, que despois si, sen embargo, baixa o IVE nas obras de arte, porque, evidentemente, ¿quen non compra unha obra de arte ao ano?, ¿quen non gasta 600.000 euros nunha obra de arte? Todos, aquí os galegos saímos todos a comprar obras de arte todos os días.

Entón, por favor, déixense de publicidade e propaganda, déixense de políticas absurdas e fagan realmente política eficaz para as persoas, políticas que poidan manter o tecido empresarial deste país, políticas que non condenen a todos os negocios, fundamentalmente os negocios de mulleres, os negocios de emprendedores, os negocios onde non hai un gran capital detrás, á súa miseria e a pechar no primeiro ano da súa existencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pouso.

A señora POUSO MANEIRO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Hoxe o Grupo Socialista tráenos a este Pleno unha proposición non de lei na que solicita instar o Goberno central

que volva aplicarlle o tipo reducido do IVE do 10 % ao sector das perruquerías.

Dicirlles que o IVE constitúe en España, e en toda a Unión Europea, un dos piares fundamentais do sistema tributario. Trátase, ademais, dun imposto comunitario, unha figura regulada nas súas liñas básicas pola propia comunidade, e de cuxa recadación nacional participa tamén a Unión Europea.

Pois ben, señorías, na exposición de motivos que fai o Grupo Socialista dinos que a crise económica dende o ano 2008 afecta ao global da economía. Congratulámonos, señor Santín, de que o recoñezan, aínda que sexa tardiamente, posto que o presidente dos españois no ano 2008, que era socialista, dicía que a crise era unha falacia, puro catastrofismo, que íamos crecer por riba do 3 % e que vostedes ían seguir creando emprego e a ter superávit. Incluso o Premio Nobel de economía, na celebración do Foro económico Innova, Paul Krugman, en presenza do seu presidente naquel momento, prognosticou que as perspectivas económicas de España eran aterradoras, que os próximos anos ían ser moi difíciles para os españois e o camiño da saída da crise para España sería extremadamente doloroso. Mentres, no mesmo ano, o señor Rodríguez Zapatero dicíanos que o peor da crise pasara.

Cualificábonsos vostedes, ao Partido Popular, como anti-patriotas por pedirilles que adoptasen medidas estruturais para que o noso país tivese unhas condicións axeitadas para afrontar a situación de dificultades económicas. Tardaron demasiado en recoñecelo, perderon demasiado tempo. Non hai máis que recordar que non foi ata xuño do ano 2010 cando vostedes comezaron a adoptar medidas: adoptaron unhas medidas de subida do IVE, adoptaron unhas medidas de redución dos salarios dos empregados públicos, adoptaron unhas medidas de eliminar a dedución dos 400 euros do imposto do IRPF.

Pois ben, señor Santín, todo isto que adoptaron vostedes no ano 2010, despois de perder dous anos para adoptar medidas e facer reformas estruturais, tal e como era necesario no noso país, non foron suficientes. Foi neses anos, 2008 e 2009, cando vostedes gastaron máis do que ingresaban. Si, non ría porque o tema non é de risa, porque *daquelas tormentas agora temos estes lodos*. Fixeran vostedes unhas pre-

visións de ingreso que non se cumpriron; unhas previsións que logo deron lugar a que as comunidades autónomas e o resto das administracións públicas tivesen que devolver esas entregas a conta que vostedes fixeran por eses resultados negativos da recadación.

Ben, pois por todo este desaguizado provocado polas políticas erráticas dun goberno socialista irresponsable, os cidadáns situáronnos no momento das eleccións na bancada da oposición, dándolle os españois as responsabilidades de goberno ao Partido Popular. E iso é o que se está facendo, gobernar dende o minuto un, dende o minuto que se chegou ao Goberno. Ben é certo que houbo que adoptar medidas impopulares e difíciles, pero necesarias, coa finalidade de situar a España na senda da recuperación económica e de creación de emprego.

O Real decreto 20/2012, polo que se modificou o IVE, aprobouse nun momento excepcional da economía, onde foi necesario un aumento da recadación a curto prazo para axudar a cumprir o obxectivo de redución de déficit fiscal, tal e como o país se comprometera ante Bruxelas. Pero ante todo era preciso garantir os subsidios das persoas en situación de desemprego, garantir o sistema sanitario e garantir o noso sistema educativo.

Grazas ao esforzo, solidariedade e responsabilidade de todos os españois, isto estase conquerindo. Adoptáronse medidas para sanear o sistema financeiro, para controlar o déficit, para fomentar a competitividade e poñer as bases con todas estas reformas estruturais para frear a destrución de emprego. Todo isto, señorías, nunha conxuntura económica moi difícil, na que os intereses da débeda estaban completamente disparatados, na que nos dicían que España ía ser rescatada, cuns intereses da débeda que comían unha gran parte dos recursos públicos e nun momento en que todo o mundo falaba da prima de risco. Pois ben, iso hoxe en día non é un tema que preocupe xa aos cidadáns.

Señorías, por responsabilidade temos que manter o funcionamento dos servizos públicos sempre coa aplicación de criterios de economía, eficacia e eficiencia. Algúns políticos teñen unha actitude absolutamente contraditoria ante a fiscalidade: queremos servizos públicos gratuítos pero sen carga impositiva, e este tipo de posicionamentos, señorías, o que provoca é máis déficit...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora POUSO MANEIRO: ...—remato xa—, que é desprazar o gasto a xeracións futuras.

Ao Partido Popular preocúpalle o sector das perruquerías como lle preocupa o resto dos demais sectores da economía. Polo tanto, consideramos que, dentro desa reforma tributaria na que o Goberno central está traballando, ten que analizar e estudar polo miúdo as medidas a adoptar nesas reformas, poñendo como eixo central o interese xeral da maioría dos cidadáns, traballar nunha racionalización dos impostos e dotarnos dunha política tributaria estable e predicible que xere confianza, unha política que lles permita aos cidadáns ter máis recursos e que garanta o Estado de benestar.

Un compromiso do Goberno do Partido Popular é baixar os impostos, e xa comezamos na conta atrás, posto que xa se está traballando nesa reforma do sistema tributario.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pouso.

Réplica do autor da proposición non de lei.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidente.

Primeiro de nada agradecerlle o apoio aos grupos da oposición. Parece que somos os grupos da oposición os únicos que vivimos en Galicia, que vivimos e que falamos coa xente. Parece que o Partido Popular, pola exposición que fixo a señora Maneiro, non nos vai apoiar.

Tampouco teño claro, porque lle digo que a PNL esta ía sobre as perruquerías, dígollo porque como estivo falando de todo menos deste tema, non sei se sabía de que ía a proposición.

Tamén lle digo só un dato, voulle dar só un dato. Mire, no ano 2005 no Congreso dos Deputados hai unha proposición de lei do Partido Popular que pide precisamente isto, precisamente isto.

Tamén lle vou dicir unha cousa, señora Maneiro, vostede falou de que os impostos teñen que ser para todo o mundo aplicados de forma igual, progresiva. Niso nós estamos totalmente de acordo, por iso lles pregunto eu, ¿por que se castiga este sector de forma especial?

Eu estoulle dicindo que este sector leva un dobre castigo. Primeiro, a suba do IVE que levaron o resto dos sectores, pero é que a estes ademais lles provocou un efecto pernicioso, que é que os pasaron do IVE reducido ao IVE xeral, co cal teñen unha suba de trece puntos, do 160 % do imposto.

¿Por que se castiga este sector? Teñen que dicir vostedes por que, e se vostedes non apoian que esa suba volva atrás, será que están de acordo con que este sector sexa castigado; un sector que está perdendo postos de traballo, que está cerrando negocios e que está causando un problema moi grave de emprego neste país. Pero bueno, parece que iso non lles preocupa a vostedes.

Como lles digo, o 30 % destes negocios están a cerrar e a despedir xente. Se iso non lles preocupa, desde logo a nosoutros si. Ademais, gustárame que se fixe nunha cousa. Esta suba do IVE, que é unha máis do señor Montoro —porque o señor Montoro *cada vez que fala sube o pan*, eu dígoos sempre—, está provocando non só que aumente a recadación en IVE deste sector, está provocando o contrario, está provocando o peche de negocios e que o IVE non recade máis. ¿Que beneficio ten isto para a sociedade? Ningún, o único que provoca é peche de negocios. Polo tanto, eu creo que non ten sentido ningún. E está provocando ademais outra cousa, que eu non sei se o fai de forma consciente ou inconsciente, e é que se está producindo unha competencia desleal no sector. É dicir, que hai moitos profesionais que se ven obrigados a traballar de forma non legal, e isto está prexudicando aos que están traballando legal e lealmente. Polo tanto, creo que ten que tomar nota, creo que ten que tomar nota.

E despois recordarlles tamén que é un sector intensivo en man de obra, intensivo en traballo, e que ademais fomenta o emprego feminino; creo que son causas suficientes como para tomarnos en serio a problemática que ten este sector.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santín.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada e derogación do denominado “principio de estabilidade relativa” na repartición das posibilidades de pesca previsto na Política Pesqueira Común

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos deputados Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir:

“O Parlamento de Galiza, insta o Goberno galego a presentar diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas un recurso de anulación contra o Principio de Estabilidade Relativa imperante na UE e que discrimina a Galiza.”)

A señora PRESIDENTA: Para formulala ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, se en algo no que con toda seguridade coincidimos as forzas políticas desta Cámara cos profesionais do sector e as administracións, como por exemplo a Xunta de Galicia, é no reducido das cotas pesqueiras que dende a Unión Europea se lle asignan a España e, en consecuencia, se lle asignan á frota galega.

Coincidimos, estou seguro, na importancia de conxugar unha pesca responsable e sustentable co necesario incremento de cotas. Todo iso co fin de lograr un maior aproveitamento pesqueiro e máis rendibilidade económica. Nesa liña vén traballando o Partido Popular dende que accedeu á responsabilidade de goberno, e de feito hoxe, con datos

obxectivos na man, porque o medible non é interpretable, conseguíuse que nos últimos tres anos, os TAC e cotas para España crecieran nun 22 %. É dicir, no ano 2012 medraron un 8,7 % respecto do ano 2011, no ano 2013 medraron un 7 % respecto do ano 2012 e no 2014 incrementáronse un 7 % en relación co ano 2013. Isto demostra que existiu nestes últimos anos unha mellor negociación, non como cando gobernaban vostedes, que mandaban negociar as cotas pesqueiras á Unión Europea á comunidade de Extremadura, que probablemente sabe moito doutras cousas, pero de pesca non ten nin un só metro de mar. Tamén é certo que funcionou a suma de Arias Cañete, hoxe candidato ao Parlamento Europea polo Grupo Popular, e a suma tamén de Rosa Quintana.

Con todo, é certo que as posibilidades de incremento da cota atópanse cunha limitación, a que impoñen un sistema de reparto coñecido como Preferencias da Haia, ou tamén como é o mal chamado “principio de estabilidade relativa”.

Se aspiramos a un aumento da capacidade extractiva da nosa frota, temos que mudar este sistema de reparto, e ese é o fin último da iniciativa que hoxe trae o grupo maioritario desta Cámara. Precisamente a estabilidade relativa é un dos elementos máis antigos e discutidos da política pesqueira común, e, segundo o mesmo, os estados membros comparten os totais admisibles de capturas (TAC) de cada poboación de peixe, pero fano de conformidade cunha clave de reparto fixa e invariable que evita continuas discusións políticas; un modelo que vén aplicándose desde antes de que España formalizase a súa incorporación á Unión Europea e que asumira ao seu ingreso, pero que na práctica supón a asignación de posibilidades de capturas moi inferiores á capacidade da actividade pesqueira do noso país. Como consecuencia, vimos sufrindo os prexuízos derivados dun mecanismo de reparto que provoca asignacións desequilibradas para a nosa frota. Así o entendeu desde o principio tanto unha parte importante do sector pesqueiro como as distintas administracións, e de xeito moi destacado a Consellería do Medio Rural e do Mar. Ao final, a estabilidade relativa é unha inestabilidade plena, polo que cómpre combatela con todas as accións legais na nosa man.

Ao longo dos últimos anos xa viñemos defendendo con maior intensidade a necesidade deste cambio. Fixémolo da man do sector, coa elaboración a través dun grupo de traballo parlamentario, e o posterior respaldo unánime do Conse-

Ilo Galego de Pesca, do ditame sobre a postura unitaria de Galicia ante a reforma da Política Pesqueira Común.

O devandito ditame, no seu fundamento número 5, establecía de xeito literal: “Derrogación da estabilidade relativa. Dado que a xulgamos negativa para os intereses e viabilidade da frota galega, estimamos demandar a eliminación da aplicación deste mal chamado principio de cara a asegurar unha correcta e xusta integración das frotas europeas e unha adecuada adaptación destas aos recursos dispoñibles.”

De xeito desafortunado, este documento non contou co apoio das forzas que daquela integraban os grupos da oposición: Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, que tampouco quixeron votar a favor dunha iniciativa impulsada polo Grupo Popular, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia o 28 de marzo do ano 2012, e na que de xeito expreso se instaba a desenvolver todas as medidas precisas ao obxecto de abandonar a aplicación da estabilidade relativa tras a reforma da Política Pesqueira Común.

O Grupo Popular, a Xunta de Galicia, o sector, o propio ministerio, intentaron a vía política a través dun proceso de reforma normativa comunitaria, que aínda que conseguiu flexibilizar este principio cos dereitos transferibles ou coa asignación de cotas de descartes, hoxe segue en vigor a aplicación deste principio como criterio para a repartición das posibilidades de pesca. E hoxe, señorías, cómpre desenvolver unha nova fase, aquela que pasa por traballar ante os tribunais de xustiza da Unión Europea para conseguir derrogar este principio.

Entendemos que a razón e a legalidade comunitaria están da nosa man e están ao noso carón, que non podemos seguir aplicando un sistema que non é positivo para a nosa frota. En consecuencia, unha vez que nos dotemos da argumentación xurídica máis acaída para iniciar este proceso, poderemos defender os intereses da nosa frota apoiados pola Administración de xustiza. É dicir, un novo camiño, no que sería moi importante contar, señorías —esta vez si—, co apoio de todos os grupos con representación nesta Cámara, como xa o estamos a facer co apoio do propio sector.

Temos a oportunidade de sumarlle a esta petición a forza dunha declaración unánime deste Parlamento, de sumarlle a interposición deste recurso da man do Estado, pois como

explicamos cando o Bloque Nacionalista Galego presentou nos pasados plenos unha iniciativa similar, a doutrina e a xurisprudencia avalan este camiño para a presentación do recurso como a vía máis posible deste xeito, da man do Estado, que é quen ten as competencias.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario Popular presenta o seguinte acordo. Primeiro, elaborar un ditame xurídico que reflicta os argumentos necesarios para defender a retirada e derrogación do mal chamado principio de estabilidade relativa, tendo en conta a súa incidencia negativa no conxunto da frota pesqueira galega. Segundo, dirixirse ao Goberno de España para que denuncie ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea este mal chamado principio de estabilidade relativa, coa finalidade de acadar a súa eliminación no ámbito da representación das posibilidades de pesca previsto na política pesqueira común.

Eu só lles digo que actuemos con responsabilidade, que actuemos con altura de miras, que sexamos quen de separar as diferenzas políticas e que votemos do lado do sector. Quen lles fala sabe que o sector está de acordo. O ditame que serviu de base ao Goberno español foi elaborado en Galicia, foi apoiado polo Consello Galego de Pesca —onde están representados armadores, sindicatos, mariñeiros—, que é o órgano asesor do Goberno de Galicia, e foi apoiado por unanimidade. Por desgraza, daquela ese ditame na Cámara non puido ser apoiado polos grupos da oposición porque non quixeron apoialo. Á parte de facer unha comisión parlamentaria e traballar unha boa parte de tempo nesa comisión, quen lles fala foi ponente nese ditame. Ao final o Bloque Nacionalista Galego non o quixo apoiar e arrastrou o Partido Socialista, aínda que naquel momento —non está a señora Soneira, que era a portavoz de Pesca— a señora Soneira estaba de acordo con ese ditame en máis do 98 % do seu conxunto.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor BALSEIRO OROL: Esa é a realidade. Espero que hoxe vostedes poñan os intereses da pesca galega, poñan os intereses de Galicia, poñan os intereses dos galegos e das galegas, na tribuna do Parlamento e deixen os intereses partidistas a un lado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Rodas Chapela.

O señor RODAS CHAPELA: Bo día, presidenta. Bo día, señorías.

Efectivamente, si que poderíamos coincidir. De feito, hai escasamente dous plenos o BNG traía unha iniciativa similar, coa que lle tendemos naquel momento a man para recoller tamén as súas aportacións. Pero curiosamente o Partido Popular, unha vez máis, preferiu botar balóns fóra, escorrer o vulto e trasladar a Madrid a súa responsabilidade.

O primeiro que nos gustaría deixar claro é que, efectivamente, o principio de estabilidade foi asumido e aceptado polos grupos maioritarios estatais na negociación de entrada da Comunidade Económica Europea. Polo tanto, os galegos e as galegas estamos a padecer hoxe unha norma totalmente discriminatoria pola súa culpa e, polo tanto, a súa responsabilidade.

Como ben dicía o portavoz do Partido Popular, ten unha incidencia directa na nosa frota que pesca en augas comunitarias, e non se dá modificado a pesar de que pasen situacións como que neste ano subiu a cota da pescada un 49 %. Pero tamén ten consecuencias directas nas nosas augas. Non hai máis que ver a situación que está a vivir a pesquería da xarda, ese reparto tan inxusto polo que mentres, por exemplo, a Gran Bretaña lle corresponden 280.000 toneladas, ao Estado español correspóndenlle as miserables 40.000; ese é outro exemplo da repercusión que ten este modelo.

Pero tamén é certo que durante estes últimos 28 anos foron diversos e diferentes os compromisos de que o Partido Popular ía modificar esta realidade. Compromisos como o do señor López Veiga, que reiteradamente, efectivamente, pelexou por modificar esta situación, e ante o cal xa se teñen elaborado varios ditames onde plantexa cales deberían ser os camiños a enfocar para modificar esta situación. E o máis recente compromiso témolo no secretario xeral da Consellería do Mar, de que se ía levar aos tribunais, pero sempre en función do resultado da última negociación da PPC.

A última negociación acaba de rematar, está aí, ¡un auténtico fiasco, un auténtico desastre! Polo tanto, cómpre modificar, intentar buscar camiños novos, pero camiños que sexan tamén máis realistas. Porque, señor Balseiro, vostede sabe igual ca min cal é a posición que mantén nestes momentos o secretario xeral de Pesca do Estado. El considera que non é realista modificar a curto prazo o reparto de tax e cotas, esa é a súa posición. Tamén sabemos con claridade cal é a posición do Partido Popular de Galicia ante os postulados do Goberno central: sometemento absoluto. Polo tanto, ¿que nos vén contar de novo? ¿Que nos vén contar cando o señor Domínguez se reafirma en que no Goberno central prefiren dedicarse a outras cousas, como mellorar a súa posición, en vez de tratar de modificar este criterio de reparto que nos anula?

Dende o BNG cremos que son posibles outras solucións. De feito, na propia Unión Europea e fóra hai outras realidades totalmente distintas á que mantén Galiza. Por exemplo, a realidade de Escocia, que ten presenza directa alí onde se resolven os problemas da pesca. Ou, por exemplo, hai outras realidades como, por exemplo, as illas Feroe, que, pertencendo a un país da Unión Europea como Dinamarca, negocia directamente fóra da Unión Europea. E así, neste último reparto da xarda conseguiu pasar de menos do 5 % do total do TAC ao 12,6 %. Sabe, señor Balseiro, que iso supón 156.000 toneladas de xarda que pode pescar este ano a frota das illas Feroe. ¡Compare iso coas 3.600 toneladas que lle corresponden ao cerco galego!

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: Polo tanto —e remato, señora presidenta—, estamos nunha situación que, se tiveran vontade de consenso, pois poderíamos falala. E debería recoller a amplitude de toda a Cámara, estaríamos dispostos, pero vostede, no canto diso, o único que está facendo é un canto...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: ...á propaganda, unicamente lavar as súas miserias, que quedaron en entredito hai dous plenos cunha iniciativa do BNG.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bos días a todos e a todas.

Dicía aquel que o Partido Popular odia ou non lle gusta que se nomee, que ulía a azufre. Aquí non cheira a azufre, aquí cheira a electoralismo do máis rancio e do máis deplorable. Cheira polo anuncio do señor Feijóo, que utiliza os medios públicos para entrar en campaña dentro de dous minutos, conexión en directo coa Radio-Televisión Galega para falar dun suposto contrato, pero cando, por exemplo, había que falar da neve, non houbo conexión en directo.

Pero cheira a electoralismo rancio a proposta do señor Balseiro porque non ten nada, non hai nada detrás desta proposta máis que a necesidade de purgar as súas penas, e que o señor Balseiro poida ir polos portos do país en campaña electoral das europeas dicindo que fai algo polo sector, plantexando que é necesario cambiar un principio que leva máis de vinte anos en vigor sen que o Partido Popular fixera nada por cambialo. Porque parece que o Partido Popular non estivera nas institucións ata o de agora, que non gobernase neste país durante vinte anos, que non estivera no grupo que ten case o maior número de representantes na Unión Europea. ¿Como se entende esta situación? Enténdese simplemente por electoralismo barato.

O señor Balseiro ten que xustificar a súa incapacidade para defender o noso sector. Pero é que ademais engana a xente e engánaa dunha forma rancia, absolutamente inaceptable, porque plantexa aquí que hai que derrogar un principio co que nós estamos de acordo na súa derogación, pero resulta que o secretario xeral do Estado acaba de plantexar publicamente que el non cre nesa derogación; e que ademais é imposible e, polo tanto, hai que dedicarse a facer outras cousas; díxoo en rolda de prensa. Por certo, vostede lamentase moito de que as negociacións as fixera un estremeño, pero resulta que dende que entrou o señor Rajoy no Goberno central é a primeira vez que este alto cargo de Pesca non é ocupado por un galego, senón por un andaluz; eses aos que vostedes tanto odian. Polo tanto, detrás disto non hai nada, absolutamente nada.

É tanto así que nunha proposta profundamente electoralista, en campaña das europeas, cando un revisa o programa do Partido Popular para as europeas –non sei para que porque os programas do Partido Popular son para incumprilos ou para facer precisamente o contrario, os programas do Partido Popular son o que deciden as grandes multinacionais e os grandes bancos–, nese programa, cando se fala de pesca, en ningún caso se fala da necesidade de mirar este principio. Polo tanto, vostedes son uns farsantes, uns mentireiros. A vostedes non lles crece o nariz polo tema da idade –como as orellas–, crécelles o nariz porque fan política de engano, de mentira, de enganar a cidadanía, de dicir aquí cousas que despois nos seus programas non fan e cando chegan a Europa non defenden.

Pero, coidado, non veña vostede aquí plantexarse como defensor do sector, o sector está sendo atacado polas súas políticas: un 4,53 % de descenso das vendas no ano pasado neste sector en Galicia; atacado polas novas taxas dos peiraos; atacado pola redución das cotas; atacado pola redución de acordos pesqueiros en terceiros países e a nosa xente na súa casa. E fronte a iso vostede vén aquí ¿a que?, ¿a enganar a quen? Todo o mundo sabe quen é vostede no sector e que tipo de sector defende, aquel que dende Europa queren demacrar e destruír.

Despois falaremos dos desguaces. ¿Por que a frota galega é a que máis desguaces fai no conxunto da Unión Europea? ¿Por que a nosa xente do mar non pode sobrevivir no mar e está sendo expulsada por condicións laborais inaceptables? Simplemente porque vostedes non cren no noso mar, vostedes cren noutro modelo de explotación que nós non podemos compartir.

E se é certo que hai que derrogar o principio de estabilidade relativa, que é un principio político, non científico, polo cal aqueles países que non teñen capacidade de negociación –como é Galicia– quedaron na cola de Europa no reparto das TAC, cando se derroge ese principio hai que plantexar unha alternativa. ¿E cal é a alternativa do Partido Popular? ¿As cotas individuais transferibles? ¿Ese modelo que levou, por exemplo, o noso agro á ruína? ¿Vostedes queren trasladar á nosa política pesqueira as cotas individuais transferibles de pesca, que significan que quen teña cartos comprará cota e quen non teña cartos non a comprará? ¿Sabe o que significa iso? Acumulación capitalista de

posibilidades de pesca nas grandes multinacionais. Esa é a alternativa que hai detrás do Partido Popular. Iso é o que defenden vostedes en Europa e iso é o que levaron vostedes á Comisión e defenderon na Comisión. Nós por iso non estamos de acordo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor FAJARDO RECOUSO: Nós cremos nun novo modelo de xestión pesqueira: rexionalización do control e coparticipación do sector. Porque non é de recibo que catro xerifaltes en Europa decidan como se pesca nas rías galegas. Serán os nosos pescadores os máis interesados en manter a súa capacidade de pesca, e, sobre todo, a súa capacidade de sobrevivir, quen teñan que decidir como e cando se pesca en Galicia.

Por iso nós falamos desa rexionalización, pero tamén da necesidade de separar. Non se pode plantexar a mesma xestión para o sector artesanal e o industrial. Nós temos nun sector diferenciado..

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...e que, polo tanto, hai que priorizar o noso sector artesanal, que é aquel que socialmente é sostible, pero sobre todo tamén ecoloxicamente sostible.

Pero os datos son os que están hoxe na prensa: redución de capturas e de vendas nas nosas lonxas, non o que vostede vén aquí vendernos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Xa está ben de que utilice este Parlamento como campaña electoral, señor Balseiro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista. Señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Ben, moitas grazas, presidenta. Moi bo día a todas e a todos.

Bueno, hoxe novamente volvemos debater sobre un tema crucial, sen lugar a dúbidas, para o sector pesqueiro galego,

o denominado principio de estabilidade relativa, que, como xa se dixo aquí, non é máis que un criterio político, nada ten que ver con razóns científicas; é un criterio polo que se establecen as posibilidades de pesca para cada ano. O que si nos chama poderosamente a atención é a forma de tratar este debate por parte do Partido Popular, e nomeadamente polo seu voceiro de pesca, o señor Balseiro.

Eu creo que podemos cualificar esta iniciativa como unha iniciativa de campaña. Vostedes utilizan a Cámara de representación do pobo galego unicamente con fins partidistas, e digo isto porque hai menos de quince días que se debateron nesta Cámara iniciativas moi semellantes e que no fondo recollían practicamente as mesmas cuestións que vostede reflicte na súa iniciativa. Bueno, parece que daquela estas cuestións non tiñan tanta importancia como a que hoxe plantexa, e por iso foron votadas negativamente por vostede e polo Grupo Popular. O único que pretende vostede hoxe, señor Balseiro, é salvar a cara –xa se dixo aquí–, salvar a cara diante da incompetencia e da inoperancia que veñen demostrando día tras día os representantes e os gobernantes do Partido Popular, e ademais queren facernos cómplices aos demais grupos da Cámara.

Parécenos lamentable que despois de que os máximos representantes do Goberno galego, o señor Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, e a señora conselleira do Medio Rural e do Mar, a señora Quintana, hai xa máis dun ano dixeran publicamente que, de manterse este principio na reforma da política pesqueira común, ían denuncialo ante dos tribunais, cinco meses despois da aprobación da nova política pesqueira común non fixeran aínda absolutamente nada. Por iso vén vostede aquí, e non por outra cuestión, para trasladarlle ao sector a idea de que están vostedes facendo algo, pero, realmente, nada de nada.

Eu creo que, se realmente existe algunha intención de denunciar este principio, o primeiro que teñen que facer vostedes é poñerse de acordo. O propio secretario xeral de Pesca, o señor Domínguez, nunha entrevista que todos podemos contemplar nos medios de comunicación, dicía hai moi pouco tempo que o “principio de estabilidade relativa” era inamovible, que plantexaban centrarse noutras cuestións. Bueno, o primeiro que teñen que facer é poñerse de acordo, eu non entendo por que vostede non di isto na súa interven-

ción, por que vostede non lle di isto directamente ao sector, xa que quen ten que plantexar este recurso para nada se cuestiona facelo.

O único que pretende vostede, señor Balseiro, con esta cuestión, é traer esta iniciativa e ter unha votación do Parlamento galego, respaldada polo Partido Popular, para dedicarse estes días de campaña a ir polos portos a dicirlle á xente que efectivamente están facendo algo por derogar este principio, cando non hai absolutamente nada de nada. Por iso, e non por outra cuestión, presenta vostede esta iniciativa: chea de erros, de cuestións que non son certas, de medias verdades, e culpabilizando de todo, ¡como non!, aos grupos da oposición. Como se quen gobernase este país non fora o Partido Popular, e como se durante estes últimos dez anos quen tivera a maioría no Parlamento europeo tampouco fose o Grupo Popular.

Nós, señor Balseiro, temos clara cal é a nosa posición sobre este tema, deixámola clara en moitas iniciativas tratadas neste Parlamento, tanto no Pleno como na Comisión, e tamén a coñece o sector. Nós rexeitamos o mantemento do “principio de estabilidade relativa” porque –xa se dixo aquí– non é razoable que se dean cuestións como, por exemplo, que a España, co 25% da frota da Unión Europea, tan só lle correspondan o 7% do total de capturas que se reparten na Unión Europea, mentres a outros países como Gran Bretaña, por exemplo, con tan só o 12% da frota, lle corresponde o 14% das capturas. Esa é a nosa posición, señor Balseiro, sábea todo o mundo.

Nós imos solicitarlle que retire o apartado primeiro da súa iniciativa. Cremos que, case trinta anos despois da asunción deste “principio de estabilidade relativa”, hai centos de estudos, centos de informes e ditames xurídicos, que avalan a súa supresión. Por iso cremos que non é o momento de seguir financiando con fondos europeos estudos deste tipo, e moito menos tampouco seguir mantendo a ninguén que vive da elaboración destes estudos. O que hai que facer é tomar a iniciativa, señor Balseiro. É o momento de asumir responsabilidades e compromisos adquiridos. Como vostedes dixeron, isto é unha débeda co sector. Bueno, pois se realmente é unha débeda co sector e vostedes a comparten, eu creo que é o momento de deixarse de teatros, de deixarse destas cuestións electoralistas ás que vostede nos ten acostumados con bastante frecuencia, e de interpoñer dunha vez o recurso.

Ese é o noso plantexamento. Pedímoslle que retire o primeiro apartado se quere contar co apoio do Grupo Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Val, para que vostede estea tranquilo, nós non lle imos retirar nada. Se vostedes queren estar da parte do sector, voten favorablemente ao que pide o sector. E se queren seguir na oposición, con este tipo de decisións e con esta defensa que fixo vostede, pois seguirán nos próximos anos, que é onde vostedes están ben. Xa era de onde vostedes nunca deberon saír, por desgraza para Galicia. (*Aplausos.*)

¿Por que o Partido Popular non apoiou a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego? Señor Rodas, nosoutros xa lle dicimos que coincidíamos no fondo, pero que había un erro nas formas. Diciámoslle que a Xunta non pode presentar diante do tribunal da Unión Europea un recurso de anulación. Non pode presentalo porque esta é competencia exclusivamente dos gobernos nacionais, segundo o artigo 263. E a literalidade da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego levaríanos a perder o recurso por inadmisión. Se vostede aceptase a emenda de substitución que presentou o Partido Popular naquel pleno, non teríamos necesidade de traer esta iniciativa hoxe aquí, que cualifican vostedes de electoralista. Serán electoralistas tamén todas as iniciativas que trouxeron vostedes ao Pleno da Cámara neste mesmo pleno, serán todas igual.

Pero é certo que dixo o representante de AGE... Voulles dicir máis, o representante de AGE, no que vai de lexislatura, ao Pleno desta Cámara aínda non trouxo ningunha iniciativa de pesca. Despois, cando sobe á tribuna, fala de pesca, pero no que vai desta lexislatura o representante de AGE non trouxo a esta Cámara ningunha iniciativa de pesca. Por presentar, olvidóuselle presentar as emendas aos presupostos da Consellería de Pesca, da sección de Pesca.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) E sobe á tribuna do Parlamento parecendo que é un descubridor.

Pero dixo unha cousa que ¡Dios nos colla confesados! Dixo que AGE propoñía un sistema moderno de xestión pesqueira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como sexa o sistema moderno que defende AGE no Parlamento de Galicia, ¡Dios nos colla confesados! E non aos deputados, ¡Dios colla confesado o sector pesqueiro! ¡Dios colla confesados os galegos e as galegas que viven do sector do mar!

Pero, ¿que nos vai contar vostede, se vostede en pesca nada lle aportou ao sector pesqueiro? Vostede non trouxo nin unha soa iniciativa ao Pleno deste Parlamento e hai ano e pico de lexislatura. ¿Que nos vai dicir? Vostede céntrese máis, e despois poderémolle facer caso ao que di vostede aquí. Mentres, vostede en pesca nada, nada, lle ten aportado a este país. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Nada lle ten aportado a Galicia.

Señorías, ¿que fixo o Partido Popular para reformular a estabilidade relativa? Presentamos iniciativas parlamentarias neste Parlamento sen o apoio do Partido Socialista, sen apoio do Bloque Nacionalista Galego. Presentamos iniciativas no Congreso e no Senado.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Balseiro, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Presentamos –termino, señora presidenta– iniciativas no Parlamento europeo e elaboramos informes.

Se vostedes queren estar do lado do sector, voten o que o sector reclama. Se non, cando vaian polos portos, cando vostedes organicen actos de pesca, verán que non lles vai a xente do mar. ¿Como lles van ir? Porque vostedes viven nunha irrealidade do sector pesqueiro...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...e esa non é a que quere o Partido Popular nin é a que quere o sector galego.

Nada máis e moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da evolución que presenta a situación da lingua galega en Galicia

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Mixto, pero dado que a representante do grupo comunicou a súa inasistencia e, por tanto, non vai estar e non vai facer uso da palabra, a emenda a esta proposición non de lei considérase decaída.

Polo tanto, para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, despois dunha intervención de tanto nivel, permítanme que o baixe un pouco léndolles un texto de Eduardo Galeano. Di: “Na época victoriana non se podían mencionar os pantalóns en presenza dunha señorita. Hoxe por hoxe, non queda ben dicir certas cousas en presenza da opinión pública. O capitalismo loce o nome artístico de economía de mercado; o imperialismo chámase globalización; as vítimas do imperialismo chámase países en vías de desenvolvemento, que é como chamarlle nenos aos ananos; o oportunismo chámase pragmatismo; a traizón chámase realismo; o saqueo de fondos públicos por políticos corruptos responde ao nome de enriquecemento ilícito. Chámase convivir a algunhas das bandas que asasinan xente en Colombia á sombra da protección militar. Dignidade era o nome dun dos campos de concentración da ditadura chilena, e Liberdade o maior cárcere da ditadura uruguaia. Chámase Paz e Xustiza o grupo paramilitar que en 1997 acribillou pola espalda 45 campesiños, case todos mulleres e nenos, mentres rezaban nunha igrexa do pobo de Acteal en Chiapas.”

E eu engádolle a este texto que na Galiza chámase bilingüismo cordial á política lingüicida e de exterminio do galego, a política que está levando adiante o Partido Popular contra a nosa lingua. Porque iso é o que está pasando neste país, que nos últimos cinco anos se emprendeu unha cruzada contra a lingua propia deste país á que o señor Núñez Feijóo bautizou como bilingüismo cordial, mais a realidade é evidente, alén da propaganda, da publicidade e da impunidad con que en moitas ocasións se actúa desde este Parlamento.

Nós, señorías, vemos que o galego segue cunha persistente perda de falantes, e que isto non responde a un fenó-

meno natural. É un fenómeno que ten orixe nunha política lingüística que continúa marxinando e discriminando a nosa lingua. Aí está o Mapa Sociolingüístico, as estatísticas, a realidade cotiá de cada un e cada unha de nós, as experiencias vividas, que nos din que a lingua galega segue discriminada e perdendo falantes.

Tamén comprobamos como ao longo de todos estes anos de suposto proceso de normalización lingüística o ensino —que é un elemento fundamental de transmisión e de coñecemento da lingua para garantir ese principio de que todo o mundo coñeza en igualdade de condicións a nosa lingua— non foi capaz de cumprir esa función.

E tamén, señorías, comprobamos como no noso día a día persisten as discriminacións e os estereotipos contra o noso idioma. Convidoo a calquera de vostedes a que intenten vivir un día en galego, a que intenten que lles dean unha factura en galego, ter unha carta en galego, que os atendan con normalidade en galego na Galiza, e verán que é unha misión imposible. É máis, hai un rexeitamento e, desde logo, é imposible poder facelo.

¿A que nos leva esta situación? Pois ben, a que o galego é a única lingua do Estado español que neste momento está perdendo falantes. Esta é unha responsabilidade de cara ao presente e é unha responsabilidade de cara ao futuro, polo menos para aqueles que non renegamos da nosa patria e que queremos que a lingua galega siga sendo unha lingua viva e que persista en xeracións futuras.

Porque, señorías, o que se está facendo aquí con ese bilingüismo cordial é atacar o galego vilmente, témolo repetido en moitas ocasións. En cinco anos non hai nin unha soa medida positiva a prol do galego, e o único que temos é destrución e cada vez arrinconar máis a nosa lingua. Fíxense, o Partido Popular aprobou ese decreto contra o galego que prohíbe que determinadas materias se poidan ensinar na nosa lingua. Iso é o que está pasando no século XXI na Galiza, hai materias nas que temos un decreto que prohibe que se poidan dar en lingua galega. Un decreto que, por certo, a propia Xustiza puxo no seu lugar declarándoo ilegal, e, diga o que diga o Goberno do Partido Popular, ese decreto vai contra a legalidade vixente.

Vemos tamén como ese decreto provocou xa que sexa imposible na práctica que un neno ou unha nena que viva

nunha cidade galega teña ensino infantil en galego. Imposíbel, señorías. Marxinaron xa e erradicárono xusto no lugar no que máis importante era a presenza do galego. Vostedes, tamén en nome da liberdade, eliminan o requisito dunha proba para o acceso á función pública. Non entendemos moi ben como se pode garantir a atención aos cidadáns en galego se os funcionarios e funcionarias non teñen un coñecemento pleno da nosa lingua. Tamén eliminaron as axudas para a promoción do galego nos concellos; tamén reduciron dunha maneira absolutamente drástica todo o apoio ao noso sector do libro galego, que está neste momento nunha situación crítica, preocúpelles ou non ou parézalles irrelevante, porque ao mellor a algúns os libros tamén lles sobran.

Vostedes dismantelan tamén os servizos de normalización, traballadores e traballadoras de normalización lingüística. E despiden ao profesorado Celga por defender os seus dereitos.

Non actúan cando se producen discriminacións flagrantes no Estado, como que a unha persoa se lle neguen bolsas predoutorais, por entregar a documentación en galego. O secretario xeral de normalización lingüística non existe, dá igual, non hai ningún problema. E logo fálannos de tolerancia.

Vemos tamén como se reduciu a presenza do galego nos medios de comunicación. Temos unha TVG que nos pon debuxos ás 8 da mañá en alemán e en inglés, e para iso temos un medio de comunicación público cuxa obriga é defender o galego. Tamén vemos como están poñendo unha parte desa programación en inglés e en alemán para que vaíamos aprendendo que o noso futuro é emigrar; mentres non hai unha programación infantil nin xuvenil en galego para a nosa mocidade, non se pode escoller. Non podemos escoller ir ao cinema en galego, non o podemos escoller. Hai un claro monolingüismo nese ámbito, mais xa vemos que a vostedes isto non lles preocupa. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E así poderíamos seguir durante todo o tempo que dure este pleno, relatando a discriminación e as inxustizas que neste momento se están cometendo desde o Goberno da Xunta de Galiza, que claramente violan a Declaración dos dereitos lingüísticos, a Carta europea das linguas, o Estatuto de autonomía, a Lei de normali-

zación lingüística. Realmente, é o máis parecido a un golpe de estado que podemos ver desde o ámbito lingüístico.

Non só actuaron vostedes desde este terreo, e como me queda moi pouco tempo, só vou dar dous datos. Aquí, en nome da crise e da austeridade, xustificáronse recortes absolutamente dispares. Hoxe a Secretaría Xeral de Política Lingüística representa aproximadamente media décima dos orzamentos da Xunta de Galiza. É o valor económico que se lles dá ás políticas de normalización, e dise que é porque hai crise. Pero é que no ano 1993 tamén había crise, e o Goberno, que daquela tamén estaba ocupado polo Partido Popular, destinaba máis de 17 millóns de euros.

Tamén nos din que como hai crise económica non podemos gastar en normalización da lingua galega, mais o Partido Popular a nivel de Estado, este ano 2014, resulta que incrementa dunha maneira importante o que lle dedica ao Instituto Cervantes, que como saben as súas señorías se dedica a promocionar o español, que está en perigo de extinción. É curioso, a Xunta de Galiza destina 5,4 millóns de euros para as políticas de normalización lingüística, e ao español, que como todo o mundo sabe está en perigo de extinción, 110 millóns de euros. É dicir, vinte veces máis para a promoción do español, e aínda temos que soportar que o galego está moi promocionado, que está moi apoiado e que non...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...necesitamos nada máis.

Pois ben, ante esta situación nós queremos que este Parlamento faga un acto de dignidade. Dignidade é defender a lingua galega, dignidade é recoñecer o grave problema que temos e dicirlle á Xunta de Galiza que ten que retirar todas estas medidas regresivas, que claramente están vulnerando dereitos e principios fundamentais e que poñen en risco o futuro da nosa lingua.

E ao mesmo tempo queremos recoller unha iniciativa social que nos parece moi loábel. Hoxe a Mesa pola Normalización Lingüística está traballando outra vez na presentación ante a Unesco dunha denuncia pola vulneración de dereitos fundamentais. Pois parécenos que si, que ante o exterminio programado que se está producindo neste país

contra a nosa lingua debemos saír ao mundo enteiro a dicirlle que nós non aceptamos esta política que vulnera a legalidade e os dereitos humanos fundamentais.

Este Parlamento hoxe ten a oportunidade de poñerse do lado da razón...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e non do lado da barbarie.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

Ten a palabra, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar a iniciativa que presenta hoxe o BNG porque se axusta á consideración e ao traballo que vén realizando Alternativa Galega de Esquerda en relación coa lingua galega, e, sobre todo, porque responde a unha necesidade imperativa urxente, que é parar o proceso de desgaleguización da sociedade debido a unha actitude negativa obstrucionista do Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno que debera protexer, por riba de calquera circunstancia, a nosa lingua e cultura.

Na iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego hai un bo elenco de exemplos de aspectos que sinalan esa actitude negativa e obstrucionista, e non os imos repetir aquí porque xa o fixo a voceira do BNG.

Xa o dixemos aquí, é preciso un firme compromiso do Goberno da Xunta de Galicia en defensa da normalización da lingua galega. Sería a mellor maneira de positivizar unha actitude que hoxe en día no imaxinario social está residencia como negativa, secundaria, con estigmas e prexuízos, que fai que persoas que no eido rural eran galegofalantes, cando se asentán por circunstancias socioprofesionais nun contexto urbano vólvense castelánfalantes; ou o que provoca que se asocie o uso da lingua galega a unha determinada ideoloxía.

Os datos sociolingüísticos do IGE, o Mapa Sociolingüístico de Galicia, os informes do Observatorio da situación da lingua galega, reflicten datos sobradamente preocupantes: descenso de monolingües en galego, en cinco anos, nun 13 %; triunfa o colonialismo da lingua a sobre a lingua b, o que chamamos ideoloxización da diglosia.

Un decreto do plurilingüismo que provocou, por primeira vez en democracia, o retroceso da lingua propia de Galicia na escola pública e que anima as críticas do Comité de expertos sobre España no tocante ás observancias da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias.

Os índices de normalización da lingua galega nos eidos de xustiza, forzas de seguridade, empresas, comercio, banca, farmacia, sanidade, son baixos e dan pena, e cómpre reverter ese proceso.

O galego nas TIC. Os contidos en galego na rede non chegan ao 25 %, e lectores de fontes galegas son arredor de 190.000 persoas.

O galego está presente de forma residual nos xornais impresos, que reciben axudas concedidas de forma clientelar para logo facer un uso en certo modo simplemente culturalista e mesmo ás veces folclorizante da lingua galega, para cumprir criterios estatísticos, pero que desde logo non contribúen a normalizar o uso da lingua galega.

O galego está ausente na oferta de ocio e entretemento. Intenten vostedes, por exemplo, acudir a ver unha película galega no cine subtitulada en galego, algo que reclaman, por exemplo, colectivos mesmo de xordos.

Xa discutimos aquí sobre a necesidade de deseñar con urxencia as estratexias pertinentes para acadarmos máis funcións sociais, máis espazos de uso para o galego. AGE quere, desexa e traballa para iso, para que as persoas poidan vivir en galego contando co amparo da lei e das institucións. Polo tanto, o mínimo é amosar preocupación pola involución que está experimentando a lingua galega no seu uso. O mínimo é denunciar os ataques que veñen coñecendo os dereitos lingüísticos de galegos e galegas por parte do Goberno da Xunta e do Estado. O mínimo é apoiar a iniciativa da Mesa pola Normalización Lingüística, que presentará unha denuncia ante a ONU pola situación que estamos

describindo. ¿Mínimo? Si, pero de importancia maiúscula a ollos da sociedade, xa que a unanimidade do pleno do Parlamento a esta iniciativa faría ver que existe conciencia política sobre a necesidade de protexer, mellorar e favorecer a normalización da lingua galega en todos os eidos da vida, e para que deste xeito a sociedade perciba que queremos camiñar de forma seria do estigma á estima en relación coa lingua galega.

Polo tanto, esta iniciativa conta co apoio da Alternativa Galega de Esquerda. Agardemos que tamén co apoio do grupo maioritario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Caamaño.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, contan que hai anos, xa uns cantos anos, un rapaz que ía cara á casa cruzando unha fraga, á noiteña, viu como un raio caía nunha silveira, e da silveira saíu unha voz que lle dicía: Alberte, se chegas a presidente, lembra cumprir co bilingüismo cordial do teu pobo. *(Risos.)*

E el colleu esa frase *(Aplausos.)* como se fose lei divina, sen preguntarlle, por suposto, ao pobo nin explicarlle que é o bilingüismo cordial, e lanzouna e repítea sistematicamente: o noso modelo é o bilingüismo cordial. Está ben como slogan, se non fora que é de orixe divina e ninguén sabe moi ben o que é. Xa temos un novo axente, digamos intérprete, de normas divinas que descubrimos hoxe, outro deputado do PP, que é o único que entende o principio de estabilidade relativa en materia pesqueira. Xa son dous. *(Aplausos.)* Por tanto, imos ao serio.

¿Que é o que nos está a pasar coa política lingüística deste país? E non o di nin no Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista de Galicia nin ningunha das forzas políticas da oposición aquí presentes, nin as organizacións que se preocupan pola lingua, dende a Real Academia Galega até a Mesa de Normalización ou calquera outro colectivo. Non os vou citar, vou citar a un máis distante, teoricamente

máis neutro, con máis capacidade de avaliación do que nos está a acontecer: Consello de Europa, informes do Consello de Europa sobre a situación da lingua, e entón imos ver se estamos esaxerando a oposición ou non.

¿Pois que é o que di o Informe do Comité de ministros do Consello de Europa sobre a situación do galego como lingua minoritaria en Europa? Primeiro, manifesta expresamente a súa preocupación pola redución progresiva do ensino do galego no ensino desta comunidade autónoma en todos os niveis educativos. Manifesta a súa fonda preocupación porque a introdución do chamado trilingüismo, que debe ser outra variedade do bilingüismo cordial pero cunha coda –debe ser este xeito de interpretación da realidade das linguas dun país–, se poña en práctica a custa do galego. Advirte sobre a falta de apoio institucional e público á lingua minoritaria, aínda que oficial, de Galicia.

E isto é o que nos di unha institución internacional con ollos na distancia e que non vive día a día, como moitos de nós, a situación que estamos a sufrir as galegas e os galegos, que non é que sexa de bilingüismo cordial, é de desaparición preocupante da nosa lingua despois de tantos séculos, de tantas persoas e de tantos ancestros, avós, pais, defendéndoas espontaneamente e con interese. Un patrimonio único. Un patrimonio que é dos galegos, un patrimonio que é de toda España, pero que tamén é un patrimonio universal, como é toda manifestación de cultura, porque enriquece a quen a defende, a quen a utiliza e a quen a coñece. Esa é a situación.

Fronte a iso, a política lingüística e en xeral cultural da Xunta de Galicia é facer da lingua galega un parque temático. Aquí está Galicia e aquí temos un parque temático que se chama lingua galega. Hai un día de entrada gratis para todos os habitantes, ese día que non se paga entrada é o día das letras galegas; ese é o día de entrada gratis no parque temático. *(Aplausos.)* Fóra do parque temático non hai lingua en Galicia.

E así, sobre esa lóxica do parque temático, temos estruturada a política lingüística deste país. De vez en cando hai que facer unha homenaxe a algún escritor coñecido ou escritora, cando non é Rosalía de Castro tócalle a outro, e facemos posicións de día a día. Hoxe ofrecemos de sete a oito no parque cultural específico da lingua galega o espectáculo tal. Por certo, sesión única. Mañá xa se acaba e xa veremos se temos outra.

¿Por que teño que falar así de claro, e así lamento ter que facelo, e ter que acudir á ironía por non utilizar outro tipo de xesto nesta tribuna? Porque, como moitas galegas e galegos estou profundamente preocupado polo que está a pasar. E as forzas políticas e moitos persoeiros da vida de Galicia reunímonos unha vez ao ano para celebrar nun acto moi ben organizado: que as lápidas dos cemiterios de Galicia –recordarano moitos dos deputados aquí presentes– se escriban en galego, e alí estamos todas as forzas políticas. Pois ben, quérolle dicir á Xunta de Galicia que non vaia ser que nun deses actos –oxalá sexa moi tarde, pero non será así pola súa política– non nos encontremos cunha lápida que diga: “Aquí hai unha lingua á que deixaron morrer. Xunta de Galicia”. Agardando que iso...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: ...non ocorra nunca.

E como estou preocupado imos subscribir dende o Grupo Parlamentario Socialista esta iniciativa do Bloque e tamén para que se entere a Unesco –e é triste ter que facelo– da situación que está a padecer a lingua oficial de Galicia e, polo tanto, moitos galegos e moitas galegas.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grupo Parlamentario Popular, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día ou boa tarde, señorías.

Como soe ser normal nestas datas, coincidindo co Día das Letras Galegas, o Bloque Nacionalista trae a debate a súa iniciativa sobre a lingua. Vaia por diante que nosoutros compartimos o punto de partida desta iniciativa, singularmente en dous aspectos: na necesidade de defensa do galego como idioma propio de Galicia, que nos identifica como pobo, e na necesidade de artellar medidas de impulso do galego fronte á forza expansiva do castelán. Non podía ser doutra maneira porque –como diría Ramón Piñeiro– a humanización harmoniosa da paisaxe e a creación espiritual da lingua son as dúas raíces máis profundas da comunidade

social galega. Pero a partir de aí empezan as diferenzas, diferenzas que fan que nosoutros non poidamos apoiar esta iniciativa. Non o facemos fundamentalmente por tres razóns:

En primeiro lugar, porque non é unha iniciativa plantexada con espírito de consenso, máis ben está plantexada con espírito de confrontación. Non está plantexada con espírito de consenso porque parte na súa concepción de algo que o nacionalismo vén reiterando e que para nós é absolutamente inasumible, que é a pretendida superioridade moral cando falan da lingua. Miren, vostedes: para tratar de buscar o consenso con nós deberan de ter presente dúas cousas:

A primeira: abandonar a soberbia de considerar que só os nacionalistas traballan por Galicia e que só vostedes son donos lexítimos da súa identidade e da súa lingua. *(Aplausos.)*

A segunda: falaba alguén aquí da inspiración divina do programa do Partido Popular, non é verdade iso. O Partido Popular ten, evidentemente, a súa idea da lingua e non responde a ningún capricho nin ao desvarío de ninguén, expresa o noso ideario, expresa o sentir da nosa xente, dos nosos votantes, e expresa tamén un programa político, un programa contido nunhas eleccións e respaldado pola maioría social de Galicia. *(Aplausos.)* Cando falan do Partido Popular deben de ter moi presente que nosoutros non somos moi poucos, señora Pontón, poucos son vostedes; nosoutros somos moitos, nosoutros representamos a maioría social de Galicia, e calquera solución do problema da lingua pasa por entenderse non co Goberno do Partido Popular senón cos votantes do Partido Popular. *(Aplausos.)* Iso débennos de ter moi presente e abandonar as posturas de confrontación permanente con nós.

En segundo lugar, non podemos apoiala porque é unha iniciativa baseada nun concepto moi simple: establecer un relatorio de eivas do galego e determinar cun criterio puramente maniqueísta que as políticas do nacionalismo resolven eses problemas e as do Partido Popular son as causantes do mesmo. Acúsannos de sermos inimigos do galego e de defendermos o castelán; completamente falso. Nosoutros defendemos as dúas linguas: o galego, como lingua propia de Galicia, e o castelán, como lingua que falan tamén por dereito propio moitas persoas nesta terra. O que non queremos son monolingüismos nin en galego nin en castelán

(Aplausos.), queremos que a inmensa maioría da cidadanía de Galicia teña capacitación nas dúas linguas e poida expresarse con absoluta liberdade, que poida expresarse con liberdade, señor Antón, naquela que estime máis oportuno. Liberdade e respecto, que é o que lles pedimos.

E cando falan e cando fan o relatorio das eivas en galego, esquécense de dúas, dúas que loxicamente son responsabilidade súa e que están a causar un grave problema nesta cuestión idiomática: en primeiro lugar, o intento de apropiación da lingua polo nacionalismo, cos problemas que ben reflectían Alonso Montero ou Méndez Ferrín, e, en segundo lugar, a pretensión de que as linguas se impoñen por decreto. Fronte a iso nosoutros entendemos que as linguas pertencen ao pobo que as fala e non se impoñen por decreto, senón que se falan por convicción e non por imposición. *(Aplausos.)*

En terceiro lugar, señora Pontón, non podemos aceptala porque é unha iniciativa instalada nunha posición puramente negativista, centrada en denuncias, supostos incumprimentos, exixencias e adobiada ademais dunha mensaxe con reberetes puramente catastrofistas. Nosoutros cremos que en vez de laiarse hai que defender o positivo: que o galego segue sendo a lingua máis falada en Galicia —o que non ocorre nalgúns sitios que pon vostede de exemplo na súa iniciativa—, que o galego ten unha lexislación que o ampara e entidades que velan pola súa normalización, que é a lingua de comunicación da radiotelevisión de Galicia. Cremos que en lugar de confrontar hai que prestixiar socialmente o galego como elemento de penetración, coa idea de que as linguas non pertencen aos partidos políticos senón á sociedade.

E permítame rematar, señor presidente, pois tamén cunha brincadeira como facía o señor Caamaño. O señor Caamaño facía referencia á orixe divina da inspiración do presidente da Xunta de Galicia, eu fago referencia a algo moito máis prosaico, que é a postura do Partido Socialista. Señor Caamaño, o que vostede acaba de expresar aquí a min recórdame a aquel vello grupo musical Alaska y Los Pegamoides, unha estrela invitada e uns teloneiros que bailan ao ritmo que lles tocan. O que pasa é que aquí a estrela invitada é a señora Pontón e Los Pegamoides son vostedes.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Mentres non sexan capaces de artellar unha posición independente e unha posición propia respecto deste tema e doutros dificilmente van avanzar e van arrancar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Só permítame un segundo.

Falaba vostede dun epitafio e eu recórdolle outro que está alí nun cemiterio da Terra Chá: “Aquí están os nosos ósos esperando polos vosos. Bipartito”. *(Aplausos.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Réplica do grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, eu quero empezar por darlles as grazas tanto ao Grupo de AGE como ao Grupo do PSOE pola súa intervención, polo seu apoio a esta iniciativa, e, desde logo, lamentar que o Partido Popular veña aquí facer unha serie de... sobre un debate que creo que é moi transcendental para este país, lanzar unha serie de tópicos, descualificacións persoais e buscar un chiste fácil. *(Murmurios.)* Ao mesmo tempo, pois que se lles nota a carraxe e o enfado por ter que falar de novo dun problema que, efectivamente, preocupa a miles de persoas e que preocupa ao Bloque Nacionalista Galego.

E nós, aínda que a vostedes lles moleste e aínda que vostedes sigan con esa política de descualificación, imos seguir defendendo a lingua, e non facemos ningún tipo de apropiación, porque a lingua calquera pode apropiarse dela, vostedes poden defendela en vez de atacala. O problema, señorías, é que levamos cinco anos en que o PP se subiu ao cabalo dos que defenden acabar coa nosa lingua e puxo en marcha medidas contrarias ao proceso de normalización lingüística. Levamos cinco anos non defendendo a política do BNG, defendendo o Plan xeral de normalización lingüística que aprobou e que votou este Parlamento por unanimidade. *(Aplausos.)* Creo que moitos dos que hoxe están aquí sentados votaron naquel momento ese Plan xeral de normalización lingüística. Tamén defendemos o que di o Estatuto, aínda que non sexa a norma que nós defendemos.

Polo tanto, mire en que momento de precariedade absoluta estamos falando. A realidade que nós estamos aquí

describindo está denunciada pola Real Academia Galega, está denunciada polo Consello da Cultura, por asociacións no ámbito do ensino, polo Consello de Europa, que censurou a política lingüística que está facendo a Xunta de Galiza porque vulnera a Carta europea das linguas e, polo tanto, dereitos humanos fundamentais. Xa sabemos que a moitos non lles doe a lingua galega, non porque –como dicía Castelao– a lingua non se sente no bandullo, mais a nós preocúpanos moito que a lingua estea nun momento tan crítico e que existindo unha discriminación tan importante o único que faga a Xunta de Galiza é vulnerar e pisotear os dereitos dos galegos e das galegas. Porque vostedes son os únicos que están defendendo o monolingüismo, o monolingüismo en castelán, porque cando hai unha discriminación para a lingua galega nunca está a voz do Partido Popular para denunciála, e asegúrolles que hai a diario discriminacións.

E remato citando de novo a Eduardo Galeano, que di: “En lingua guaraní *ñe’ê* significa ‘palabra’ e tamén ‘alma’. Cren os indios guaraníes que os que amenten a palabra, ou a dilapidan, son traidores da alma”. Considero que é unha maneira ben linda de denominar o que aquí serían desertores do arado, que é o que estará no seu epitafio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos criterios de uso dos fondos europeos para a pesca e a actual Orde de axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Ramón Val Alonso, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.)

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que poña en marcha un programa específico de dinamización da flota artesanal e do sector marisqueiro, co fin de deter a sangría de máis de 4.425 cotizantes ao réxime especial do mar que este país vén sufrindo desde o ano 2008, no que se contemplan as seguintes medidas específicas:

a) A revisión das taxas e impostos que afecten a estes sectores.

b) A posta en marcha de paradas biolóxicas remuneradas para restablecer a situación dos recursos mariños.

c) O acondicionamento dos bancos marisqueiros e a posta en valor das zonas improdutivas.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da mesma ten a palabra o señor Rodas Chapela.

O señor RODAS CHAPELA: Bo día de novo.

Traía o BNG da man de Ana Pontón a preocupación pola desaparición da lingua e agora volvemos retrucar con outra gran preocupación, que á a desaparición do frota galega, que, a diferenza da lingua, esta si que se sente no bandullo.

A Unión Europea considera que existe un exceso de frota e que hai que reducila; curiosamente a que hai que reducir sempre é a galega. Pretende blindar os intereses dos outros estados pesqueiros e obrigarnos a renunciar ao dereito de podermos pescar nas nosas augas e nas augas comunitarias, e que sexa a frota francesa, a inglesa, a irlandesa e incluso agora mesmo a norueguesa as que poidan subministrar de peixe os nosos mercados. Miren se non onde acaban máis da metade das capturas destas frota de especies como a pescada, o rape ou o gallo, especies que son preferentes nos nosos mercados, e que incluso agora que rematou a campaña da xarda tamén os noruegueses están a pór aquí a xarda a 0,8 euros.

Ante esta situación de estrangulamento, a Unión Europea, co beneplácito do Partido Popular, alenta unha solución

individual ao armador, e así poder contribuír a unha mellor xestión da actividade extractiva, desguazando o barco, claro está, e así nos últimos anos véñse subvencionando a paralización da actividade. Isto é nada máis e nada menos que a destrución das nosas unidades produtivas, dos nosos barcos.

Dende que goberna o Partido Popular ningún acordo de pesca entre a Unión Europea ten a Galiza como referente. Curiosamente, dos case trinta acordos de pesca en vigor, a frota do atún vasca e francesa son as que saen máis beneficiadas. Nestes excelentes acordos comerciais Galiza sempre está ausente. A modo de exemplo: o recén renovado acordo con Senegal, no que se conqueriron sete novas licenzas para atuneiros de Bermeo, e nós unicamente a migalla de dous barcos para pescar a pescada negra; ou no recén acordo con Gabón, onde quince atuneiros conseguiron xa a licenza, mentres as dezaseis licenzas de palangreiros galegos desapareceron. ¿Por que será?, preguntámonos. ¿Será porque son vascos ou franceses ou será porque Galiza non ten representación?

Este é o drama da frota galega: temos os mellores barcos, pero temos os peores gobernantes. Mirade, a modo de exemplo: antes de entrar na Unión Europea o Estado español contaba con 460 embarcacións que faenaban nas costas europeas, o acordo coa CEE posibilitou a redución ata chegar aos famosos 300 barcos; dende os famosos 300, moitos barcos se teñen perdido polo camiño; unha década despois, 74 barcos; dúas décadas despois, 109 barcos; ata chegar á situación actual, onde Galiza conta unicamente con 87 barcos: 49 palangreiros e 38 arrastreiros.

Galiza é o país que máis frota ten desguazado, que máis unidades ten destruído. Portos emblemáticos como o da Coruña ou o de Marín miran como paseniñamente van pasando de 90 barcos de Gran Sol na Coruña a unicamente 8, ou como de 45 barcos unicamente a 7. Esa é a realidade da nosa frota pesqueira, esa é a realidade das políticas que impón a Unión Europea e que acata relixiosamente o Partido Popular. Dende que entramos na Unión Europea, dous de cada tres barcos son sistematicamente desguazados na Galiza.

Isto en canto á frota do Gran Sol, pero poderíamos falar da frota de altura e grande altura, das embarcacións modernas con últimas tecnoloxías que pescaban nos mellores bancos do mundo. Podíamos falar de como paseniñamente, ano tras ano, aquelas embarcacións significativas, e significativas non só

pola súa capacidade de activación económica, pola riqueza que lles daban aos pobos costeiros, senón tamén polo traballo que xeraban, van paseniñamente acabando no desguace. Embarcacións como o *Beatriz Nores* de Marín, os *León Marco*, os *Lagunak*, os *Río Orxas*; embarcacións de Gran Sol como o *Herbadi Tres*, como o *Santhil*, como o *Cuatría Dos*. Calquera que saiba algo de barcos darase conta de que estas son embarcacións significativas que deixaron unha longa estela, pero que acabaron por desgraza tamén na picota.

E, efectivamente, levamos unha senda terrible, dende que alá no ano 1990 nos expulsaran os grandes conxeladores de Namibia ou que no ano 1995 fora declarada a guerra do Fletán. Desta longa travesía si que hai responsables. Pero, ¿como non?, nesta travesía un dos máximos responsables é quen é hoxe candidato ao Parlamento Europeo, quen desglosa a súa capacidade de negociación. Lembrarlles a todos os galegos e a todas as galegas que este señor xa foi ministro de Agricultura no ano 1999, cando a frota galega faenaba no banco canario-sahariano, e daquela expulsáronse 140 embarcacións galegas daquel banco, das cales quedaban 24 en Mauritania; 24 que tamén foron expulsadas con este señor ministro, e que no día de hoxe das 24 unhas 10 xa foron desguazadas, mentres as outras deambulan polos *mares del Señor* a través de acordos privados.

Este magnífico ministro é o mesmo que no acordo de repartición das cotas do cerco na pesqueira da xarda ten demostrado a súa competencia ao establecer, ao aceptar unha repartición discriminatoria, pero tamén para establecer unha repartición dentro das cotas do Estado español baseadas no principio de capturas históricas.

Esta é a política do Partido Popular de Galiza, que nos condena unha vez máis a que a frota galega no teña futuro, a non poder vivir e traballar con dignidade nin sequera nas nosas costas.

No período que acaba de rematar, pero que vai ter a súa prolongación ata o 2015, a Comisión de Pesca vén implementando unha serie de axudas para darlle saída á asfixia á que teñen sometido ao sector as diferentes propostas que leva a cabo a Unión Europea en colaboración co Estado español.

A frota galega é a máis numerosa de toda a Unión Europea, con 4.738 embarcacións, a que máis potencia acumu-

la de todo o Estado, pero o que ninguén di é que é a máis ecolóxica, a máis sustentable de todo o Estado, a que reflicte un modelo de actividade máis repartida, pois a media das súas embarcacións é das máis pequenas de todo o Estado: 8,88 metros, en comparación con outras embarcacións, como as vascas, con 28,32 metros. Velaí a gran diferenza. Polo tanto, estamos ante modelos diferentes: modelo de poucas embarcacións de gran tamaño, que concentran a riqueza nuns poucos, ou o noso modelo, cun elevado número de embarcacións onde a actividade, onde a riqueza está moi repartida.

Polo tanto, estamos ante unha situación dramática, de afogamento, onde nos impiden traballar e onde a única saída que nos plantexan é unicamente o desguace. E así nos van atornillando paseniñamente, e co consentimento e coa colaboración da Consellería do Mar van conquerindo que a frota vaia minguando...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: ...e plantexando como única alternativa a posibilidade de que os nosos barcos acaben nunha rotonda, en tarefas non pesqueiras, como arrecifes ou como barcos de lecer.

O BNG plantexa que xa non podemos seguir desguazando máis barcos, que temos que defender a actual frota que temos, defender o seu dereito a poder pescar e a poder modificar os criterios do novo modelo de pesca, baseado nos supostos dereitos históricos de pescar, por outro modelo, baseado no modelo das comunidades costeiras a poderen pescar en función das tribulacións e non dos capitais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Socialista ten a palabra o señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas novamente.

Ben, o Grupo Parlamentario Socialista presenta unha emenda a esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego por varias razóns:

Nós non cremos que a publicación da Orde de paralización definitiva sexa un problema en si mesmo, consideramos a orde coma unha ferramenta máis ao dispor do sector pesqueiro e dos profesionais do mar. E cremos que que exista esta orde non implica para nada que todo o mundo se vexa obrigado a acollerse a ela.

Nós non estamos a favor da paralización definitiva como única alternativa. Nós cremos que o problema fundamental radica na incapacidade por parte do Goberno galego de ofrecer alternativas ao sector pesqueiro, debido principalmente á falla de implementación de políticas proactivas. Temos que dicir, e hai que recoñecer, que, efectivamente, o Partido Popular traballa moi ben a sección de publicidade e propaganda, esquecendo esoutro plano que é o da xestión e do goberno.

Hai meses que o propio sector urxía a publicación desta orde porque non vía outra saída, porque non vía nin ve outra saída aos seus problemas. Isto para nós amosa, sen lugar a dúbidas, o fracaso dun Goberno; cando o propio sector non ve máis saídas que abandonar a súa actividade pon de manifesto o fracaso da acción dun Goberno. Refírome con isto a que, efectivamente, desde hai tempo se vén abocando a gran parte do sector a ter que paralizar a súa actividade, ben pola pésima xestión das posibilidades de pesca, ben pola falla de capacidade na negociación de acordos de pesqueiros con terceiros países, ben pola nula capacidade á hora de implementar políticas de mellora na comercialización, ben pola incapacidade de contribuír a poñer en valor zonas improdutivas. O que está claro é que non hai vontade de ningún tipo por parte do Goberno do Partido Popular en mellorar e potenciar un dos piares económicos deste país, e iso podémolo comprobar desgraciadamente cada día.

Se analizamos o número de afiliados ao réxime especial do mar da Seguridade Social, comprobaremos como ten diminuído a razón de dous afiliados ao día no último ano, ata un total de 784 persoas menos neste réxime, pasando de 22.397 a finais do ano 2012 a tan só 21.613 a finais do ano 2013. E a cifra aínda é moito máis dura e moito máis preocupante se a comparamos coa que había a finais do ano 2008,

onde existían 26.038 cotizantes, e se o comparamos co que existe a finais do ano 2013 a redución sería de 4.425 persoas.

Isto, sen lugar a dúbidas, pon de manifesto que o problema é moito máis grave que a publicación dunha orde de paralización definitiva, existe un problema de raíz que o Goberno galego parece non querer abordar, un problema baseado en cuestións de xestión. O Goberno do Partido Popular non foi quen de eliminar ese principio de estabilidade relativa na reforma da política pesqueira común da que falamos con anterioridade; polo tanto, as cotas seguen sendo insuficientes para a nosa frota. O Goberno do Partido Popular non parece entender que exista un problema de comercialización no sector pesqueiro. O Goberno do Partido Popular non parece entender que contamos cun magnífico potencial, con iso que agora chaman o *know-how*, e que non se está a facer nada por poñelo en valor, máis ben todo o contrario, o que se está a facer é dar pasos no sentido contrario, pasos para afogar e para asfixiar a xente do mar. Eu non sei con que intencións, pero exemplos sobre isto hai moitos. Non temos máis que lembrar o que ten acontecido coa frota do cerco, onde se defenden posicións que non benefician para nada a nosa frota e si benefician as frotas doutros territorios, e onde agora tamén veremos o que pasa coa sardiña, ameazada cun plan de xestión, e onde todo parece indicar que non ocorrerá nada bo para os barcos galegos.

Ese é o fondo da cuestión. O fondo das cuestións son as políticas do Partido Popular, as que abocan á paralización da actividade; son as xestións deste Goberno as que están a levar á ruína a moitas empresas pesqueiras. Non ten nada que ver esta orde, que ben utilizada sería unha ferramenta axeitada para aqueles que voluntariamente, –repito– voluntariamente, quixesen abandonar o sector. O problema é que a xente está a abandonar o sector de xeito involuntario, aínda sen desexalo, porque non ve outra saída. Ese é o problema real.

Polo tanto, nós cremos que é primordial...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VAL ALONSO: ...poñerse a traballar para que os profesionais, para que a nosa xente do mar non vexa como única alternativa o ter que abandonar o sector. E para iso o Goberno galego ten moitas ferramentas, ten un orzamento anual, ten unha importante cantidade de fondos europeos

que ben utilizados deberan de servir para dinamizar o sector. Onte mesmo aprobouse no Parlamento Europeo o Fondo Europeo Marítimo da Pesca: 6.396 millóns para o período 2014-2020, moitos deles que virán para Galicia.

Aquí o que falla realmente é a capacidade e a vontade do Goberno á hora de apostar polos sectores produtivos. Por iso nós reclamamos a través desta emenda a posta en marcha de políticas activas de dinamización, principalmente da frota de baixura e do sector marisqueiro, porque é nestes sectores onde se atopa a maior capacidade de xerar emprego e de dinamizar as pequenas vilas costeiras. Nós cremos que realmente con vontade política e con recursos económicos todo se pode realizar, o que é preciso é esa vontade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bos días a todos e a todas de novo.

A verdade é que eu lamento moito que para ser un indocumentado nestes temas do mar e ser o único portavoz que parece ser que non se entera do mar lle molesten tanto as miñas intervencións ao señor Balseiro. *(Aplausos.)* Lamento moito que el sexa o único profesional do mar que hai no Parlamento, porque eu non sei se é profesional do mar, o que si sei é que é profesional da navegación, pois foi capaz de navegar en política dende os profundos e escuros camarotes do Partido Socialista ata ser o máximo responsable do Partido Popular en Lugo. Polo tanto, da navegación marítima en política si que sabe bastante.

Pero, dende logo, o que non lle vou consentir é que falte ao respecto ao meu grupo e, polo tanto, á nosa xestión e á nosa actividade como membros dun sector ou parte dun sector que está sendo agredido por vostede. Mire, se vostede tivese un mínimo de respecto polo sector, non aparecería o que se colgou onte na páxina web da Consellería. Vostede sabe que despois de moitas reclamacións deste grupo e

outros da oposición para que se convoquen as eleccións democráticas nas confrarías galegas, esta semana deciden vostedes a convocatoria para finais de xullo. E son vostedes tan indecentes e tan pouco respecto teñen pola xente do mar que colgan o modelo para a presentación de candidatura a vogal das confrarías na páxina web da Consellería, e di o seguinte o modelo: “Nome e apelidos, DNI, alcume co que se coñece”. Vostedes teñen un modelo da pesca e dos profesionais do mar que cre que para a xente ter que identificarse ten que utilizar un alcume. Unha falta de respecto que está dando moito que falar nos portos deste país e que parece que vostede, que tanto os pisa, non se decatou.

Pero cando fala de falta de respecto a este grupo e ás nosas iniciativas debería explicar por que dos máis de medio cento de iniciativas que levamos á Comisión de Pesca tan só unha foi aceptada; todas as demais, que teñen que ver con inversións na acuicultura deste país, nos nosos sectores produtivos, nas rías, coa devolución das perdas ás nosas mariscadoras, todas esas rechazadas sempre co voto en contra do Partido Popular.

Pero cando falamos ademais de desguace, vostede vive nun país absolutamente alternativo, e eu quero recordar os datos. O ano pasado, soamente o ano pasado, o 42,4 % dos barcos que se desguazaron no conxunto do Estado foron galegos. Pero ademais, desde que vostedes volveron ao Goberno da Xunta, máis de 1.100 persoas abandonan o réxime xeral do mar. Abandonan o sector, desde que vostedes gobernan, máis de 1.100 persoas cada ano porque vostedes son incapaces de darlle calidade de vida e darlle capacidade de traballo a ese sector.

Polo tanto, cando falamos de política pesqueira común, cando falamos dos fondos europeos, o que non é de recibo é que a orde da Xunta sexa para a paralización definitiva. Aquí fomentamos que se desguacen os barcos para que acaben de ornamento en moitos restaurantes, pero dános igual que todos os seus mariñeiros vaian á rúa. Pero é que ademais existimos que non volva haber actividade, cando a realidade é que o noso país ten capacidade e necesidade de producir máis desde a nosa pesca, cando eses fondos deben de ser utilizados para o que di a política pesqueira. Porque vostedes saben que unha das iniciativas da política pesqueira e dos seus fondos é a incorporación da muller ao mar. ¿E cal é a situación das mulleres no mar deste país? Que son as que

ocupan os peores postos de traballo: as redeiras, 300 euros de ingresos cada ano; as mariscadoras, apenas 450 euros de ingresos cada mes; esa é a realidade da política pesqueira.

Por iso cando nós falamos de onde hai que utilizar as axudas, non as utilizamos para desguazar. ¿Por que non se utilizan onde incluso esa política pesqueira nalgún apartado fala, na política para minorar os impactos negativos socioeconómicos da redución de cotas? ¿Por que non se plantexan esas axudas? ¿Por que non se fala da modernización da nosa frota? ¿Por que non se utilizan esas axudas non para desguazar, senón para que os nosos barcos non vaian a pique como están indo nos últimos meses? Por certo, hoxe acaba de chegarnos a este grupo que temos tan pouca iniciativa a admisión a trámite por parte da Mesa, e o seu traslado á Xunta de Portavoces, da iniciativa que conxuntamente co Bloque Nacionalista presentamos para que se faga unha comisión non permanente de investigación dos accidentes no mar deste país. Polo tanto, este grupo que non fai case nada, esperemos que sexa atendida esa petición por parte do Partido Popular e, dunha vez por todas, estudemos as causas polas que se deron esas dramáticas situacións nos últimos meses.

Polo tanto, ante esta situación nós plantexámoslles que hai dúas alternativas: continuar co desguace e desmantelamento da nosa frota para que ao final sexan as grandes multinacionais quen exploten as capacidades pesqueiras do noso país, ou ser capaces de investir esas axudas en que a nosa frota tradicional, en que os nosos sectores produtivos de primeira necesidade –aqueles que están máis achegados ás nosas costas–...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...teñan máis capacidade de traballar. Porque, ¿que sería da nosa costa se eses millóns que se gastan, que se invisten, en destruír frota se invistisen en poñer máis metros cadrados de mar a producir?

Por certo, eu quero recordarlle que vostede saíu en prensa non hai moito, cando gobernaban outros –eses que eran tan malos–, pedindo que non se utilizasen máis fondos europeos para desguace, senón para subvencións á nosa frota artesanal. Polo tanto, espero que sexa coherente, pero coñecendo o seu pasado político véxoo bastante complicado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

Grupo Popular. Ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Se me permiten, señorías, vou empezar polo final. Eu dicíalle, señor Fajardo, que eu non lle podo falar a vostede de pesca porque vostede de pesca no Pleno deste Parlamento vive de rendas. Porque, se todos os grupos fixeran coma vostede e fixeran como o grupo de AGE, no Pleno do Parlamento de Galicia, no que vai de lexislatura, non se falaría de pesca. Esa é a realidade. Vostede non trouxo no que vai de lexislatura nin unha soa iniciativa de pesca ao Pleno do Parlamento. E vostede sobe á tribuna e quere dar leccións. Demóstreo. Claro que a atenderemos, ¿como non imos atender esa iniciativa? A primeira que vai traer. E aínda encima, claro, tena que traer con outro grupo. Teño a dúbida de que saíra de vostede. *(O señor Fajardo Recousó pronuncia palabras que non se perciben.)* Teño a dúbida de que saíra de vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E con isto a AGE xa lle temos contestado. Empecen vostedes a traballar, traian iniciativas e empezaremos a debatelas.

O que si teño é unha curiosidade, señor Rodas, e a vostede como lle queda un turno de réplica quixera que ma aclarara. Ao Partido Socialista non lle queda turno de réplica, se nón tamén ma podía aclarar. Efectivamente, vostedes, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, parece que están en contra dos desguaces. Eu téñolles que dicir que vostedes tamén teñen un pasado, vostedes tamén gobernaron, e a época que máis barcos se desguazaron en Galicia foi precisamente nos catro anos do Goberno bipartito. *(Murmurios.)* Mire, entre o ano 2005 e 2008 desguazáronse 538 embarcacións en Galicia –Goberno bipartito–; entre o ano 2009 e 2013 desguazáronse en Galicia 248 embarcacións, é dicir, un 54 % menos no mesmo período de tempo o Partido Popular que o Goberno bipartito.

Pero o problema non era ese, o problema é que os galegos tamén se deron conta e a vostedes volvéronos poñer nas bancadas da oposición. Porque o problema eran os documentos que deixaron vostedes do que prevían desguazar, e

prevían desguazar vostedes 93 buques. E nese mesmo período de tempo, cun Goberno do Partido Popular, en vez de desguazar 93 desguazáronse 37.

E se falamos de orzamentos, vostedes dedicaron a desguaces, cando tiveron a responsabilidade de goberno, 60 millóns de euros, e o Partido Popular dedicou no mesmo período de tempo 38 millóns de euros. (*Murmurios.*) Hai que saber un pouco tamén a historia e é bo tamén mirar as cifras.

Ademais esta élle unha medida voluntaria e unha medida ademais que demanda o sector, que necesita esta medida –porque non todo é desguace– para modernizar a frota, para axustar a frota, para que as empresas ás veces non quebre cando non teñen máis que un barco, moitas veces. E ademais inclúe outras medidas socioeconómicas, e incluso os nacionalistas do País Vasco defenden esta medida. Non sei que lle ocorre ao nacionalismo aquí, agora que tan ligados están vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, cos nacionalistas daquela maneira, vascos.

Á parte de que esta é unha iniciativa que vén demostrar (*Interrupcións.*) os motivos polos que afirmamos, señor Rodas, primeiro, que vostedes están alonxados da realidade pesqueira, aínda que a vostedes non lles pareza. Que vostedes non baixan aos portos, que vostedes non falan co sector pesqueiro, porque facendo un plantexamento como o que fai vostede hoxe aquí, é imposible falar co sector pesqueiro. Claro, non me estraña que vostede vaia montar unhas xornadas de pesca á Mariña de Lugo con non sei canta plana maior do Bloque Nacionalista Galego, e do sector non lles vaia ningún. ¿Como lles vai ir, defendendo vostedes o que están pedindo, defendendo todo o contrario do que pide o sector?

E vostedes veñen cun discurso ademais, á Cámara, catástrofa, aínda sabedores de que por moito repetir non vai ser máis certo. E se os nacionalistas baixaran aos portos, saberían que o sector é o primeiro que está a favor das axudas para a reestruturación da frota. Así o afirma Cepesca, que aglutina a meirande parte das asociacións pesqueiras españolas; así o afirma a Asociación de Armadores de Vigo –que é a primeira de Galicia– e así nolo din aos que pisamos os portos, aos que falamos co sector. E cando organizamos temas pesqueiros, enchemos os salóns de mariñeiros porque lles dicimos o que queren escoitar e lles solucionamos os problemas que queren oír. (*Aplausos.*) Vostedes non, vostedes sempre todo o contra-

rio do que quere o sector. (*Aplausos.*) Así nolo din en portos como pode ser Burela...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor BALSEIRO OROL: ...así nolo din en portos como pode ser Celeiro, así nolo din en portos como pode ser A Coruña, ou así nolo din en portos importantes de Galicia. Vostedes sigan nesa liña. Oxalá non houbera que despezar ningún, pero é necesario...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...e pídeo o propio sector. Vostede siga nesa liña. Espero –termino, señora presidenta– que me aclare vostede, cando vostedes estiveron no Goberno, por que cambiaron de criterio e por que vostedes desguazaron moito máis que desguazou o Goberno Popular no mesmo tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Rodas, ten a palabra.

O señor RODAS CHAPELA: Bueno, señor Balseiro, teño que informalo de que ten mala información. Pregunte ben e mire canta xente veu ao acto noso de Burela. (*Murmurios.*) Pregunte ben, pregunte canta xente veu ao de Celeiro. (*Aplausos.*) Pregunte, que o están enganando.

Pero bueno, en todo caso, a cuestión é ir á realidade. A realidade é que o BNG nunca tivo responsabilidades en pesca, (*Murmurios.*) ¡vostedes si!, (*Murmurios.*) ¡vostedes si! E a realidade é que nos últimos tres anos vostedes levan desguazado 41 barcos de artes menores, 10 barcos de cerco, 18 arrasteiros de Portugal, 9 palangreiros, 19 arrasteiros de Gran Sol, 10 palangreiros de Gran Sol, 9 palangreiros de superficie, 6 grandes conxeladores, 2 bacallaeiros, 5 palangreiros de espada; e faltan aínda os datos do 2013. Esa é a realidade.

E non podemos compartir, señor Val, a súa emenda porque isto non é casualidade, isto non é voluntario, isto é froi-

to dunha política concreta deseñada pola Unión Europea pero tamén compartida absolutamente polo Partido Popular. E ten a súa repercusión non só no número de barcos —que é dramático—, senón tamén no número de empregos. Falaba antes o señor Val, pero é que dende o 2000 ata hoxe pasamos de que no sector do mar houbera 75.000 afiliados a haber agora neste ano unicamente 21.000. Esa é a fotografía da realidade que comprende a xente do mar, non os seus foguetes de artificio.

A política europea impídenos poder pescar, esa é a realidade. Pero ¿para que?, para poder quedar eles co noso mercado. Francia exporta ao Estado español o 48 % das súas capturas de merluza, gallo e rape; iso é o que lles preocupa. Pero é que pasa exactamente igual co Reino Unido, o 56 %, e Irlanda, o 62 %. Ese é o tema, o quid da cuestión.

Polo tanto, dende o BNG cremos que isto é insoportable, temos que cambiar o modelo. Non é de recibo que se autoricen desguaces en caladoiros onde aumenta a cota o 49 %. Non é de recibo que se autoricen desguaces na pesca de baixura ou na do litoral provocadas por medidas que adopta o Estado español no modelo de reparto: por exemplo, no tema da xarda; por exemplo, no tema do cerco.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Non é absolutamente de recibo. Polo tanto, é súa a responsabilidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos á votación das proposicións non de lei. Pechamos as portas.

A señora PRESIDENTA: Comezamos pola votación da proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do señor Losada Álvarez, á que non se presentaron emendas.

Votación da proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de I+D+i.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa da señora Díaz, que dixo que non aceptaba as emendas presentadas. Polo tanto, votamos a proposición.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o traspaso das vivendas da Sareb en Galicia para a súa posta á disposición da cidadanía en réxime de alugueiro social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa da señora Rodríguez Arias, que dixo que non aceptaba a emenda da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da elaboración dunha estratexia española polo cambio demográfico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa do señor Sánchez, que dixo que aceptaba a emenda do Bloque Nacionalista Galego como emenda de adición.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Decreto 37/2014, sobre a aplicación do Plan director da Rede Natura.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, á que non se presentaron emendas, por iniciativa do señor Santín.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a aplicación do tipo reducido de IVE do 10 % aos servizos da perrucaría

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Balseiro, que entendo que non acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? ¿Acepta o señor Balseiro a votación por puntos?

O señor BALSEIRO OROL: Si, aceptamos a votación por puntos.

A señora PRESIDENTA: Ben, entón, votamos, se lles parece, os dous puntos da iniciativa por separado. En primeiro lugar, o punto número 1.

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada e derogación do denominado “principio de estabilidade relativa” na repartición das posibilidades de pesca previsto na Política Pesqueira Común

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 26; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 1 desta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación o punto número 2.

Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada e derogación do denominado “principio de estabilidade relativa” na repartición das posibilidades de pesca previsto na Política Pesqueira Común

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 2 desta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votación da proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Pontón Mondelo. Xa comuniquéi que a emenda decaera; polo tanto, votamos a proposición.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón

Modelo, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da evolución que presenta a situación da lingua galega en Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Rodas Chapela, que dixo que non aceptaba a emenda socialista.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos criterios de uso dos fondos europeos para a pesca e a actual Orde de axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico noroeste

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día, co punto 6, de interpelacións ao Goberno.

Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o número e a duración dos contratos existentes entre produtores e industrias lácteas

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a interpelación, don Pablo García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bos días, conselleira.

Estamos –e falabámolo xa onte– a menos dun ano para que desapareza o sistema de cotas, un sistema que veu regulando o sector lácteo en toda Europa, pero especialmente necesario en Galicia. Recordamos, simplemente para efectos de fixar, que vimos falando disto desde o ano 2003. Vostede sabe que na reforma intermedia xa se anunciaba ou xa se vislumbraba a desaparición deste sistema. E foi no ano 2008, é dicir, hai seis anos, cando definitivamente se tomou o acordo de que desaparecera o sistema de cotas na campaña 2014-2015, que, polo tanto, remata nesta última campaña. A partir de aí, desde que se tomou esa decisión, houbo unha preparación para esa liberalización, para esa transición cara á liberalización do mercado; unha situación na que –e non é paradoxal– a crise de 2009 o que trouxo foi esa volatilidade e esa inestabilidade nos prezos do leite, que, señora conselleira, foi o que aconteceu nestes últimos meses cando vostede dalgún xeito se atribuíu a subida de prezos e tamén o que está acontecendo agora con esa baixada estacional..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor GARCÍA GARCÍA: ...esa volatilidade e esa conxuntura de subidas e baixadas de prezo. E, ao mesmo tempo, como medida concreta había ese 1 % desde ese ano –o cal non é menor– de incremento de todos os países produtores na súa cota.

Digamos que este é o marco no que nos movemos, o punto de partida, que levou tamén unhas medidas concretas para prepararse para esa transición –ou para adecuar os mercados para esa transición–, que é o que se coñece como “paquete lácteo, ano 2012”, que vostede tamén coñece. Paquete lácteo, en definitiva, cuxas medidas máis importantes se resumían, para entendernos todos, en substituír esas cotas por unhas relacións contractuais entre produtores e industrias, cousa que ata entón estaba prohibida na Unión Europea. E modificaron a normativa para poder facerse de xeito que ese proceso fose máis ordenado, máis controlado, e que, dalgún xeito, amortecera a desaparición do sistema cara á liberalización.

Un sistema necesario, o paquete lácteo, para todos os países, pero especialmente necesario, entendemos nós –non sei se vostede tamén o entende– para España, e, por suposto, se é para España, fundamentalmente para Galicia, como país deficitario que somos en canto á produción, e como país que non temos unha industria potente no sector lácteo, que non temos unha distribución e que, polo tanto, temos veciños que exercen unha tremenda presión nos nosos mercados con este produto. Polo tanto, se nalgún sitio era necesario desenvolver ese paquete lácteo, entendemos que con máis forza, se cabe, en España e, por ende, con máis forza, se cabe, en Galicia.

Polo tanto, señora conselleira, paquete lácteo 2012. Aí estaba o real decreto, estaba a Lei da cadea alimentaria, da que a vostede non lle fixeron nin caso, nin a vostede nin ao señor Feijóo, nas alegacións que mandou. Estaba o ano mínimo de duración dos contratos, estaba a estabilidade por campaña, estaba a figura do mediador, estaba a creación das OPL, estaba, en definitiva, que a finais do ano pasado tiñamos que ter todos un contrato, os produtores de leite. E todo aquilo que non fora mediante o contrato, e cumprindo esas normas, estaría fóra da legalidade.

Polo tanto, señora conselleira, a primeira pregunta é clara. ¿Que avaliación fai hoxe vostede do funcionamento destas medidas? Despois dun ano, ¿que avaliación fai?

¿Comparte, señora conselleira, o que tamén xa empeza a dicir o señor Cañete de que isto non está funcionando neste país? E, por ende, se non funciona neste país, entendo que non funciona en Galicia. ¿Empeza tamén xa vostede a compartir iso que nós lle dicíamos e polo que vostede me dicía a min que era un catastrofista e que non tiña nin idea, que era un pesimista e que o que había que trasladar ao sector era ilusión porque esas medidas ían funcionar e todo ía ser marabilloso? Un ano despois, ¿segue vostede mantendo esa opinión ou mudou?

Porque, señora conselleira, amparándose nesa subida volátil e conxuntural, estacional, que houbo, o que houbo foi unha ausencia de política activa por parte do Goberno. Ao non desenvolver o paquete lácteo, en concreto a figura esa dos contratos tal e como fora concibida, coa filosofía que fora concibida, fai que o sector hoxe se atope na mesma situación que no ano 2009, exactamente igual. Despois de todo este lío,

despois de todo isto, estamos igual que no ano 2009. Temos unha baixada estacional, temos a xente sen contrato. Os que o teñen, téñeno de dous ou tres meses, que supoño que é a filosofía que defende o Partido Popular nas relacións contractuais dos traballadores e, polo tanto, que tamén quere exportar ao sector lácteo se ese é o modelo de contratos, de dous ou tres meses. E temos unha presión de leite foráneo, e é o que está pasando para baixar estes dous ou tres céntimos que está baixando agora o leite, cunha colocación aquí de tres ou catro cisternas que fai que nos poñamos todos nerviosos e que inmediatamente a industria aproveite para baixar os prezos. Porque non se está a cumprir nin o que acordou vostede e o señor Feijóo co sector naquel documento que vostede asinou, porque non existe ningún tipo de acción política para impulsar os contratos, señora conselleira; porque non se cumpre a filosofía coa que foi aprobada a normativa, porque non se está nin sequera a cumprir, señora conselleira –e isto é máis grave–, a lexislación vixente.

A directora xeral xa me contestou os datos que preguntaba eu na interpelación. Despois de todo ese esforzo e despois de todo iso, vostede ten seis contratos en Galicia, seis contratos con máis dun ano de duración, que era o que se propoñía con todo isto. Todo isto, no fondo, o que quería era que os gandeiros tiveran un contrato e souberan como ían cobrar o leite a un ano vista; polo tanto, salvando as estacionalidades correspondentes e, dalgún xeito, tendo unha programación a un ano vista. Redúcese a iso, para simplificalo entre vostede e mais eu. Ben, pois despois de todo isto, despois de todo este lío, despois de todas as súas notas de prensa, despois de todas as súas comparecencias, despois tamén de cada vez que fala o señor Feijóo do sector lácteo –non sei se porque lle vén á cabeza ou porque vostede lle pasa a nota–, vostede o que ten é en toda Galicia seis contratos, hoxe por hoxe. Eses son os datos que me daba a directora xeral, non sei se cambiaron desde aquel día.

¿Sabe, señora conselleira, que a práctica totalidade dos gandeiros galegos entregaron o leite do mes pasado, de todo o mes de abril, sen contrato, e que, polo tanto, se incumpría a lei? Se o sabe, señora conselleira, contésteme, por favor: ¿que foi o que fixo durante todo ese mes para evitalo?, ¿que medidas tomou?.

¿Sabe que os contratos son asinados sen ningún tipo de negociación por parte dos produtores? E se o sabe, ¿que fixo?

É dicir, no mes de maio, un mes despois, é dicir, o outro día, chéganlle ao gandeiro co contrato, coa renuncia expresa –que ten que renunciar tanto á figura do mediador como á duración do contrato que estipula a lei–, e dinlle que ou llo firma ou non lle seguen recollendo o leite, e xa lle colleron o leite do mes pasado sen contrato. Ante todo iso, vostede, neste mes e dez días, ¿que foi o que fixo, señora conselleira?

¿Cantos contratos foron asinados mediante a negociación das organizacións de produtores lácteos, que existen dúas en Galicia, unha de moi recente creación e outra desde hai máis dun ano? Por certo, ¿que fixo vostede para que a actividade desas organizacións de produtores –que era un dos instrumentos básicos para esa negociación– funcionara? ¿Que fixo vostede dende que é conselleira? ¿Reuniuse sequera algunha vez cos representantes das OPL neste proceso? Non recordo, nin teño constancia. Se non é así, desmíntao, señor conselleira.

Sabendo que durante todo o mes pasado os gandeiros venderon sen contrato e, polo tanto, estamos incumprindo a lei, ¿cantas inspeccións fixo vostede para dicirnos cal é o problema, onde estaba, se hai algún tipo de sanción, se se tomou algún tipo de medida durante este mes? Estamos incumprindo a lei, supoño que ata aí chegaremos, cumprir a lei e facer cumprir a lei.

Señora conselleira, sabendo que hai cerca de dúas mil explotacións, e reconéceo a súa propia directora xeral, que nunca na vida –é dicir, non neste mes e medio senón desde que se puxo en marcha isto nas dúas campañas– viron un contrato diante e que lles venden fundamentalmente a primeiros compradores. ¿Fixo vostede algún tipo de inspección?, ¿fíxoo vostede?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: Ten os listados, sabe se o gandeiro algunha vez entregou con contrato ou non.

Señora conselleira, sabendo vostede que as industrias en Galicia, acolléndose a esa excepción, que a lei recolle como excepción, a converten en norma, e, polo tanto, obrigan os gandeiros a firmar en fraude de lei, ¿vai facer vostede algo?, ¿fixo vostede algo? Ou o que sería máis grave: ¿está de acordo vostede con esa práctica que están facendo as industrias?

¿Sabe, por exemplo, o que fan en Francia, que son os que nos están colocando as cisternas aquí, que a lexislación os obriga a que os contratos duren tres anos como mínimo? ¿Sabe vostede o que estaban facendo alí e que nós non somos capaces de facer aquí? ¿Cales son os motivos polos que alí son capaces de facelo e nós aquí, coa mesma lexislación, non somos capaces de facelo? Porque son eses, repito, os que están metendo o leite, as cisternas, nos últimos tempos.

Porque ese é o problema, señora conselleira, non se trata...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...só do que vostede deixa de facer, senón do terreo que estamos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...perdendo con respecto aos nosos inmediatos competidores.

Señora conselleira...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ..., contésteme ás preguntas.

A señora PRESIDENTA: Rematou o seu tempo xa.

O señor GARCÍA GARCÍA: E espero no turno de réplica, despois, poder seguir dándolle datos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor García, espero, cómo non, darlle cumprida resposta a todas as súas dúbidas.

Como ben sabe, o Real decreto 1363, do ano 2012, é o que regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais do sector lácteo, e nel establécense as condicións de contratación. Este decreto sinala no seu artigo 11.2 que os contratos nos que participe como subministrador un produtor ou unha agrupación ou asociación de produtores terán unha duración mínima dun ano. Mais tamén o artigo 11.3 apunta a que esta duración mínima dun ano non será de aplicación no caso de que o produtor ou unha agrupación ou asociación de produtores a rexeite por escrito. Neste caso, a renuncia deberá ir incluída no propio contrato ou anexada a el nun documento á parte.

Así pois, tendo en conta esta aclaración, cómpre tamén sinalar a título preliminar que a organización interprofesional láctea INLAC, mediante convenio co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ten encomendada a creación e xestión da base de datos denominada “Gecole”, na que se inclúe toda a información dos contratos lácteos en España.

Indo á primeira das súas preguntas, e de acordo coa información existente nesa base de datos, o número de contratos de leite de vaca subscritos entre produtores galegos e receptores, á data de 31 de xaneiro de 2014, era de 8.476. Se comparamos ese número de contratos coas entregas de leite realizadas no mes de xaneiro de 2014 polos produtores galegos, foron 10.022 as entregas, e temos que o 85 % das entregas de leite realizadas por produtores galegos do mes de xaneiro de 2014 se fixeron baixo contrato, o que supón unha suba de case 3 puntos porcentuais respecto de decembro de 2013.

Asemade, hai que ter en conta que os receptores de leite teñen un mes de prazo para comunicar á INLAC os novos contratos asinados. E a INLAC tamén ten algúns días máis para gravalos na aplicación do Gecole, polo que esta aplicación non recolle a información de todos os novos contratos que reemprazaron os que remataron o mes anterior.

Por iso, tal e como está deseñado actualmente o sistema, nunca teremos información actualizada a tempo real da situación dos contratos de subministración de leite, mais podemos dicir con rotundidade que case a totalidade das entregas de leite en Galicia se están realizando baixo contra-

to. Mais se achegamos informacións doutras ferramentas de control e seguimento, como poden ser as extraídas da aplicación informática Sitalac, onde se rexistra a información das entregas de leite dentro do réxime da taxa láctea, temos que as cifras das entregas de leite dos subministradores de produtores galegos feitas baixo contrato andan arredor do 98,5 %, o que completa a estatística formulada polo Gecole.

No relativo á segunda pregunta, de acordo coa información existente en Gecole, á data do 31 de xaneiro de 2014, había uns 2.600 contratos de produtores galegos que tiñan unha duración de doce meses ou superior. É dicir, arredor dun 30 % dos contratos subscritos polos gandeiros galegos cuxas explotacións se dedican á produción láctea teñen unha duración igual ou superior ao ano, o que fai que esta porcentaxe e ese número global avance cara ao obxectivo de consolidar esa relación contractual en períodos máis extensos.

Por último, e en referencia á súa terceira cuestión, e como ben sinalabamos hai pouco nesta Cámara, a Consellería do Medio Rural e do Mar desenvolveu os controis sobre o terreo do Plan nacional de controis de contratos lácteos correspondentes ao ano 2013, alén de facer un seguimento continuo das estatísticas para ir vendo a súa evolución e determinar os pasos a seguir. Amais, tamén seguimos fieis á nosa intención de achegar aos órganos con competencia no control dos mercados para efectos de competencia toda canta información poidamos para dar conta de posibles actuacións irregulares non só ao abeiro da interpretación desta normativa en materia estatal, senón daquelas que garantan a libre constitución de prezos. En todo caso, e volviendo ao fío da resposta, temos que sinalar que dende a Consellería de Medio Rural e do Mar xa foron comunicadas ás industrias máis de 5.500 incidencias nos contidos dos contratos para proceder á súa subsanación. Isto non quere dicir que haxa 5.500 contratos erróneos, senón que nestes contratos se observaron circunstancias a clarexar ou corrixir dentro dos contratos, o que dá imaxe –supoño eu– do rigor e da exhaustividade deste plan de control.

En particular, e indo á preocupación que vostede facía pública en reiteradas ocasións, a inspección aos subministradores, produtores, que renunciaron por escrito á duración mínima dun ano tamén controla se o receptor lle ofreceu un primeiro contrato con esa duración ou non. Neste senso, de

detectarse incumprimentos neste apartado, iniciárase o correspondente expediente sancionador.

Indo ao fondo da cuestión que afecta á base da produción láctea galega, volvemos repetir que entendemos que as nosas accións neste eido deben pasar por mellorar a posición negociadora dos produtores. Así, o real decreto que desenvolve o chamado “paquete lácteo” permite, como vostede ben sabe, que estes se organicen en organizacións de produtores de leite ou en asociacións das organizacións de produtores, as cales poden, dende logo, negociar dende unha mellor posición todas as condicións dos contratos dos seus socios, incluída, polo tanto, a súa duración.

Para tal fin, a Xunta de Galicia liderou reunións co sector produtor para amosarlle o interese do Goberno autonómico na creación dunha única organización de produtores, aínda que fose pola asociación de varias delas, atinxindo mesmo ao gran efecto positivo que podería ter a súa condición suprarrexional. O obxectivo que se pretende é que os produtores se atopen na mellor posición negociadora fronte a posibles compradores, e iso pasa pola súa asociación nunha organización de produtores ben dimensionada para poderen negociar en condicións de maior igualdade co sector comprador.

A maiores, o Ministerio acaba de poñer encima da mesa a modificación do real decreto do paquete lácteo, para adaptalo tanto ao regulamento comunitario da OCM como para adaptalo á Lei da cadea alimentaria, así como para incluír melloras despois xa de dezaioito meses de aplicación do paquete lácteo. Para isto creouse un grupo de traballo reducido, que en breves datas celebrará a primeira reunión e, como non pode ser doutro xeito, Galicia estará presente para poñer enriba da mesa todas aquelas cuestións que poidan mellorar a capacidade de construción dun valor positivo para o noso leite.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica de don Pablo García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, non esperaba menos de vostede. ¿Vostede cre que os gandeiros renuncian voluntariamente a

un ano de contrato? É dicir, vostede o que me está dicindo é que chega a industria xunto a un gandeiro e que lle di: ¿Vostede quere un ano de contrato? E o gandeiro dille: Non, non, non, eu prefiro de dous meses. ¿Isto é o que está dicindo vostede, señora conselleira? Ou sexa, ¿vostede cre que ese papeliño que o gandeiro firma, onde di que renuncia ao ano de contrato, o firma voluntariamente? ¿Vostede cre que o papeliño que firma renunciando á figura do mediador o gandeiro o firma voluntariamente? Ou sexa, ¿estame dicindo que vostede cre iso? Porque entón o problema é moitísimo máis grave que o que eu pensaba. ¿Vostede está dicindo que iso é así e que, polo tanto, a culpa é dos gandeiros que firman ese papel, e que vostede xa fixo todo o que tiña que facer sacando ese decreto? ¡Home, faltaría máis que non sacara os decretos! ¡Faltaría máis! Xa é o que nos queda, que vostede nin sequera sacara os decretos que lle corresponden. Xa é a única cousa que nos falta.

E fala das OPL. ¿Cantos contratos se negociaron baixo a figura da OPL, señora conselleira? Ningún, ningún, ningún. ¡*Ni uno!* ¿Que vén falando vostede do labor desenvolvido das OPL e o que vostede leva feito polas OPL se non foron capaces de asinar ningún contrato neste ano e medio, señora conselleira? Non nos tome o pelo.

Señora conselleira, eu preguntáballe claramente: no mes de abril, vostede ¿que espera?, ¿que lle cheguen os datos? Ou sexa, a fonte de información sobre o que está pasando no sector, se se está poñendo en marcha o paquete lácteo, se se está cumprindo a lexislación, se os gandeiros firman ou non firman contratos, ¿vai ser a través das páxinas web a tres meses pasados? Señora conselleira, ¿vostede non sabe que no mes de abril se entregou o leite sen ningún tipo de contrato en toda Galicia? Se non sabe iso, o problema é moitísimo máis grave do que eu pensaba, señora conselleira. E se o sabe e non fixo nada, algo nos terá que explicar. Pero, claro, se non o sabe, se vai esperar a que se publiquen os datos tres meses despois, pois, claro, aviados imos. ¡Aviados imos!

Señora conselleira, díxoo a directora xeral: só seis, non un ano, de máis dun ano. De máis dun ano só seis, o resto dun ano; só seis de máis dun ano, señora conselleira. E esa era a filosofía da lei. Polo tanto, a partir de aí... Claro, porque, señora conselleira, no fondo o que eu aquí lle preguntaba é: ¿que fixo a Xunta, que está facendo e que vai facer? E sobre iso, coma sempre, nada de nada.

Bueno, dixo o outro día que, ante todo isto, vostede o que propón é información e sensibilización para dicirlles aos gandeiros que, agora que teñen un prezo un pouco bo, non produzan demasiado porque igual se pasan e, polo tanto, van ter que pagar multa, e que, como dixo a directora xeral, que sexan cautelosos, que sexan cautelosos á hora de vender leite. Iso é o que vostede lle ofrece ao sector. A súa frase foi: “Pedir sentidiño”. Ou sexa, todo o instrumento político e toda a acción política dunha conselleira e dunha consellería é pedirlle ao sector sentidiño. E que non vai ser que, agora que lle pagan un pouco ben o leite, produzan de máis. ¿Esa é a súa acción política para adaptarse á nova situación? Sobre que haxa multa, a resposta perfecta do Partido Popular. Vostede dixo: “Sería admisible, pero non razoable”. Alguén tería que explicar iso. É dicir, sería admisible pero non razoable, un posicionamento político tamén de primeiro nivel da Consellería do Medio Rural, e nun sector tan importante en Galicia como é o sector lácteo, cara ao posible pago de supertaxa para esta campaña.

E, por suposto, o colmo dos colmos, tal como lle dicía antes: mentres os franceses xa aplicaron o paquete lácteo totalmente, xa teñen os contratos totalmente desenvolvidos, xa están con eses períodos, vostede di: “Sería inxusto poñernos a correr uns antes ca outros e, polo tanto, hai que empezar co novo sistema cando remate a campaña”. ¡Home!, señora conselleira, o sector non pode esperar. Non pode esperar a que remate esta campaña para adaptarse ao novo sistema, teremos que nos ir adaptando antes.

Señora conselleira, isto non se fai só a base de decretos. Repito, sería o colmo que non sacase os decretos. Isto faise a base de acción política, e vostede non a tivo. E quizás lle pase xa como cando foi o acordo cos gandeiros, que tivo que vir o señor Feijóo, ou cando foi o acordo cos do cerco, que tivo que ir o señor Rueda. Señora conselleira, o problema é que xa non está vostede, xa non se lle espera; non se lle esperou na negociación da PAC e non se lle espera con este problema do sector lácteo.

Ben é verdade que agora nestes últimos días acabamos de...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Remato, presidenta.

Acabamos de descubrir que o señor Alejandro Millán Mon, de familia de deputados do século XIX, descubriu que en Galicia había vacas e, polo tanto, imos ter...

A señora PRESIDENTA: Señor García, xa rematou o seu tempo.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...que fiarnos do señor Millán Mon, porque os plantexamentos que nos fai...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García. *(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor García, a verdade é que eu creo que as hemerotecas son testigos do que un fai e do que un di. Vostede dime se eu estou convencida de que algún gandeiro renunciaría voluntariamente a firmar un contrato por un ano. ¿Vostede recorda o que dicía o ano pasado cando se puxo en marcha o real decreto que obrigaba a facer os contratos por un ano, e como vostedes pedían que non obrigáramos a firmar eses contratos por un ano, que aquilo era meternos nun camiño sen saída? ¡Home!, non hai máis que ir aos datos do ano pasado. Diciao vostede e algunha organización agraria que está ben próxima ás súas filas, máis que ás deste lado da bancada. Falar do valor das OPL... É que mire, é que eu teño que seguir insistindo. Non son eu a que teño que negociar os prezos. Eu teño que axudarlle ao sector a marcar o camiño de como eles teñen que construír o prezo. Pero é que quen ten que conseguir esa forza para negociar son precisamente as organizacións de produtores.

Eu non vou facer o que fixeron outros. Aínda hai ben pouco, o Tribunal da Competencia facíanos chegar unha advertencia de “*cuidadito* coas reunións que se manteñen, que non se fale de prezos”. E advertíannos de reunións que precisamente tiveron lugar durante os anos 2007 e 2008 dentro da Consellería do Medio Rural, gobernada naquel momento polo bipartito, onde dicían que estabamos incum-

prindo a norma da competencia e que podían ser sancionados tanto os produtores de leite como a propia Administración autonómica.

Entón, o que temos que facer dende a Administración autonómica é ser serios, e dicirlle ao sector realmente os pasos que teñen que dar. E onde teñen eles que ter unha fonte de traballo é precisamente en fortalecer esas organizacións de produtores para facerse fortes ante os compradores, que pode ser a industria ou a distribución.

Mire, fala vostede do meu posicionamento político e sobre o que eu dixen de se era admisible ou razoable que nos puideran impoñer unha sanción por sobrepasarnos na taxa láctea. ¡Home!, admisible claro que é, porque hai unha lei. E o non admisible sería o incumprimento da lei. Paréceme que razoable, non; e por iso estamos traballando dende a Xunta de Galicia, dende outras comunidades autónomas, co Ministerio e en Bruxelas para buscar solución ao problema de ter que evitar que neste último ano haxa sancións polo sobrepasamento na taxa láctea. E nesa liña é onde nós imos seguir a traballar. Xa sei que vostede prefere dar algaradas noutros sitios, pero a miña forma de traballar é esa, e non me vai cambiar vostede.

Di que os franceses aplicaron antes o paquete lácteo. Pois si, pois si, pero é que ata que en España non se cambiou o Goberno no ano 2012 non houbo forma de poñelo en marcha. *(Aplausos.)* Xa me gustaría que se fixera antes, pero non foi así.

Vostede di que a min non se me espera. A min espérase-me, e os datos falan por si sos. O sector é consciente plenamente de que nunca o levarei a un camiño sen saída. E no cerco os datos que temos e os datos que xa se expuxeron neste Parlamento falan por si sos de que quen tiña a razón era a Administración e que había algúns que estaban tentando enganar o sector. E o mesmo ha de pasar, se Deus quere, coa cota láctea.

E de fiarnos do señor Millán Mon, por suposto, fiome del moito máis que dalgúns que venden fume pero que non fan nada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Interpelación de D^a Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento das sentenzas que prevén a devolución de parte das pagas extraordinarias non aboadas ás e aos empregados públicos

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Paz para formular a súa interpelación.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados e señora conselleira de Facenda.

Os empregados públicos, sen ningún lugar a dúbidas, están sendo dos traballadores cos que o Partido Popular ten iniciado medidas pioneiras de devaluación das súas condicións de traballo, das súas condicións laborais e sociais, que posteriormente son aplicadas ao conxunto da clase traballadora. Foi xa nada máis chegar o Partido Popular ao Goberno, aos poucos meses, no ano 2012, cando se tomou a primeira medida —a primeira medida dese goberno, obviamente non era a primeira medida que se tomaba en relación coas retribucións dos e das empregadas públicas—. Nese sentido hai que dicir que desde que o señor Mariano Rajoy foi ministro de Administracións Públicas no ano 96 comezou a moda de utilizar os empregados públicos como resorte por parte dos diferentes gobernos para intentar reducir gasto público, e desde o ano 96 veñen sendo sometidos os empregados públicos a recortes salariais camuflados, como dicía a señora Pontón na súa intervención, coa neolingua, chamándolles “conxelacións salariais” ao que en realidade son recortes e reducións dos seus salarios e da súa capacidade adquisitiva.

Pero empezamos no ano 2012, onde, a través dun decreto lexislativo, o Goberno do Estado impón unha eliminación, unha redución, quitarlles directamente a retribución da paga extra a todos os empregados públicos das diferentes administracións de todo o Estado. Efectivamente, esa foi unha norma aprobada polo Goberno do Estado que era de obrigada aplicación no resto das administracións públicas, e así nolo fixo saber naquel momento o presidente da Xunta de Galiza, que aplicaban esa norma porque se vían obrigados a facelo. Seguramente esa era naquel momento a súa doutrina, porque estabamos nas vésperas dunha campaña electoral en Galiza e vimos tamén como durante esa mesma campaña

electoral dixo que non se lle ían pedir aos empregados públicos máis sacrificios nin máis recortes desde a Xunta de Galiza. É máis, fixo posteriormente unha afirmación tan rotunda como que os empregados públicos nos orzamentos do 2013 non ían ter ningún tipo de redución. Posteriormente vimos como iso non era certo, e nos orzamentos para o ano 2013 contemplouse unha nova redución, tanto do número de efectivos a través da imposición de taxas de reposición absolutamente delirantes como mesmo de amortización de postos de traballo, que, a pesar de que na Lei de orzamentos figuraba como só daqueles que non estiveran efectivamente ocupados por ningún traballador ou traballadora, vimos como a aplicación que se fixo foi de mesmo amortizar postos de traballo que si estaban ocupados por traballadores e traballadoras, ademais de inflixirles aos empregados públicos un novo recorte salarial.

Como hoxe –como xa vimos aquí esta mañá na sesión de control– se declarou iniciada a campaña electoral por parte do Partido Popular, eu digo que teño a esperanza de que hoxe a señora conselleira nos traia boas noticias en relación cos empregados públicos e desminta todas as declaracións e, sobre todo, todas as actuacións, tanto do presidente da Xunta de Galiza como as súas propias, en relación cos salarios dos empregados públicos.

Posteriormente, tamén xa no ano 2012, a Xunta de Galiza aprobou unha lei, tamén por urxencia e por lectura única, neste Parlamento, que entrou en vigor no mes de marzo do ano 2012, na que tamén se establecían novos recortes para os empregados públicos, tanto nas súas percepcións en casos de incapacidade temporal como reducións nas retribucións do persoal interino e no persoal laboral temporal, entre outros recortes que se aplicaban a través desa lei. E, ademais, tiña a particularidade de que era unha lei que se cargaba un dos principios básicos da democracia, un dos principios básicos, case poderíamos dicir o ADN das relacións laborais no noso país e neste Estado, que é a negociación colectiva.

Pero ese mesmo señor Núñez Feijóo que dicía no ano 2012 que se lles retiraba a paga extraordinaria aos empregados públicos porque o impoñía o Estado, fíxose, ou parece que se fixo, confesional desa doutrina, porque vimos como en anos posteriores, mesmo non sendo xa imposta esa medida por parte do Estado, tanto para o exercicio 2013 como

para o 2014 –e, se nos temos que fiar dunha entrevista que recentemente apareceu nun medio de comunicación do propio presidente da Xunta, tamén para o ano 2015– en Galiza, para os empregados da Administración pública galega, se vai manter esa redución, ese recorte, nas retribucións extraordinarias dos empregados públicos. E isto é así a pesar, como dixeran con anterioridade, de que supón vulnerar drasticamente un principio básico da democracia, como é a negociación colectiva. E é así a pesar de que está contrastado que, ademais de ser un atentado contra os dereitos dos traballadores –que mesmo está sendo recoñecido así en diferentes sentenzas xudiciais das que falaremos posteriormente–, é un banco de ensaios para despois aplicarlles esa mesma devaluación ao resto dos traballadores. E ten unha incidencia claramente negativa no conxunto da economía.

Hai que dicir que en moitas ocasións, mesmo cando se presentou esa lei da que falei con anterioridade, a conselleira de Facenda dixo neste Pleno que era unha lei de carácter temporal, que só se aplicaría mentres persistise a situación económica tan negativa que existía naquel momento e que, en canto empezase a haber indicios de recuperación, poderían revisarse esas medidas.

Hai que dicir que a propia lei contiña unha disposición no sentido de que aos dous anos da súa entrada en vigor se faría unha revisión desas medidas, dous anos que, por certo, hai que dicir que tamén xa se cumpriron.

En relación coas pagas extraordinarias dos empregados públicos, hai xa moitos meses, máis de medio ano, que se veñen producindo sentenzas de primeira instancia referidas ao persoal laboral como tamén a persoal funcionario, sentenzas tanto de xulgados do social coma do contencioso administrativo, que declaran a nulidade desa decisión da Administración de recortar, de detraer, de non pagar, unha retribución xa gañada, xa devengada polos empregados públicos. Hai mesmo sentenzas e resolucións do Tribunal Supremo, señora conselleira que avalan esa mesma doutrina, que veñen dicir esencialmente que aquí se está aplicando con carácter retroactivo un recorte sobre unhas retribucións que os traballadores xa gañaron, porque nesa paga extra, por moito que se cobre con posterioridade a que esa resolución, ese decreto lei, fose aprobado polo Goberno, o acto en virtude do cal o traballador e traballadora ten dereito a esa paga extraordinaria é previo. O traballo que lle dá ese dereito foi

previo, xa foi realizado e, polo tanto, tanto os xulgados de primeira instancia, os xulgados do social, os do contencioso, o Tribunal Superior de Xustiza, como mesmo o Tribunal Supremo, todos utilizan a mesma argumentación, a mesma base doutrinaria, para dicir que a actuación que fixo o Goberno de Galiza e o Goberno do Estado é absolutamente contraria a dereito.

A pesar diso, tivemos que ver declaracións da conselleira, que hoxe nos acompaña, dicindo que a pesar das sentenzas que xa había, a pesar de que os empregados públicos manifestaron xa reiteradamente que, se isto non se solucionaba pola vía da negociación colectiva, en base a sentenzas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...que xa existían ían presentar recursos masivos ante os distintos órganos xudiciais, a conselleira permitiuse o luxo de dicir que non se ían acatar as sentenzas, que non se ía dar cumprimento ás sentenzas por parte da Xunta de Galiza.

Nós, señora conselleira, quixeramos que nos explicara o motivo desta actuación, pero, sobre todo, tamén con perspectiva de futuro, cando menten vostedes, se cando din que as medidas son temporais e que se revisarán cando cambie a situación económica ou cando vostede veu onte aquí a vender-nos Galiza no país das marabillas, se menten vostedes cando din que é necesario seguir mantendo medidas de machacar os empregados públicos porque segue sendo necesario recorrer ao aforro na Administración pública ou cando vén vostede aquí a falarnos dunha recuperación que, desde logo...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...polo que se ve, non están vostedes dispostos a que repercuta tamén no peto dos traballadores. Ten vostede as preguntas por escrito e esperamos que na súa intervención dea conta das mesmas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Elena Muñoz.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz):

Moitas grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

En primeiro lugar, quero lembrar que, en relación coa pregunta formulada pola señora Paz, esta actuación da Xunta de Galicia ten a súa orixe nun real decreto lei estatal, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xuño, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e fomentar a competitividade. Efectivamente, este real decreto, nas súas disposicións, supri-me a percepción da paga extraordinaria do mes de decembro do ano 2012 para o conxunto dos empregados públicos, posto que así, ademais, expresamente o establece. E faino a partir da entrada en vigor da lei, o que ocorre ao día seguinte da súa publicación oficial, isto é, o día 15 de xullo de 2012. Polo tanto, estamos fronte a unha norma estatal de alcance xeral para todos os empregados do sector público e que é tamén de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas, a estatal, a autonómica e a local.

Deste xeito, non só afecta aos empregados públicos da Xunta de Galicia, ou da Comunidade Autónoma, senón aos 2.991.800 empregados públicos de toda España. E, ademais, hai que lembrar e hai que ter en conta que esta decisión a toma o executivo central de xeito extraordinario, nun momento tamén de circunstancias excepcionais, polo enorme déficit público, superior aos 90.000 millóns de euros, que atopou cando chegou ao Goberno de España, que, entre outros moitos gastos, obrigou a adoptar medidas en materia de gastos de persoal.

Deste xeito, no propio preámbulo do Real decreto lei 20/2012 recóllense numerosas referencias ao contexto de grave crise económica e orzamentaria ao que debe atender-se no período 2012-2014, e que se concretan, entre outras medidas, nas dirixidas á redución do gasto de persoal nas administracións públicas. E, en concreto, no seu artigo 2 establece que a redución desas retribucións é unha medida extraordinaria de contención de gastos de persoal que ten por finalidade contribuír á consecución dos obxectivos da estabilidade orzamentaria e ao cumprimento do marco constitucional.

Dito isto, quero reiterar novamente que con ese decreto lei se exige un novo esforzo a todos os empregados públicos,

esfuerzo que, por certo –non o citou a señora Paz na súa intervención, aínda que si citou outros realizados–, non era o primeiro. O Goberno anterior socialista baixou un 5 % a retribución de todos os empregados públicos de forma permanente. Polo tanto, esa medida xa se tomara antes. Esta é unha medida excepcional, unha medida que se aplicou só para a paga extra do ano 2012, na que si se exige un esforzo a todos os empregados públicos, ese esforzo necesario para contribuir á mellora da situación económica, ese esforzo que se pide aos empregados públicos para axudar aos que non teñen emprego, aos que están desempregados. E, polo tanto, novamente, dende logo desde a Xunta de Galicia, esta conselleira sempre agradecerá ese esforzo que están realizando os empregados públicos para o ben de todos os desempregados de Galicia (*Aplausos.*)

Pero, evidentemente, recoñecer ese esforzo non quere dicir que, aínda que sexa difícil, hai que tomar medidas, medidas para garantir a sostibilidade dos servizos públicos esenciais neste contexto de dificultades económicas. E por iso foi a necesidade de actuar sobre o gasto de persoal.

Despois desa aplicación do real decreto, producíronse diversas sentenzas xudiciais, efectivamente. Fixo referencia a elas a señora Paz. A Avogacía Xeral do Estado, que é o máximo órgano xurídico para a Administración central do Estado, non comparte o criterio establecido nesas sentenzas, e por iso está recorréndoas. En concreto, a Avogacía Xeral do Estado xa nos trasladou que consideran que o dereito a percibir a paga extraordinaria non se debe considerar un dereito individual incluído no sentido dos protexidos polo artigo 9 da Constitución española, porque ten que interpretarse de forma restritiva, e debe considerarse que os que a norma suprema está protexendo son única e exclusivamente os dereitos fundamentais propiamente ditos.

Ademais, tamén cómpre manifestar, en relación co que se está argumentando nas sentenzas –que é maioritariamente a cuestión do devengo da paga extra e a posible retroactividade–, que tamén os propios servizos xurídicos da Xunta de Galicia, a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, ten argumentado que a remuneración das pagas extra dos funcionarios se produce o primeiro día hábil do mes de xuño e de novembro, de modo que a non percepción desa paga extra de Nadal que prevé o Real decreto lei 20/2012 é plenamente aplicable á totalidade da devandita paga ao ter tido vixencia

antes da súa remuneración. E a posibilidade de que mediante disposicións con rango de lei se poidan reducir as retribucións dos funcionarios sen afectar os principios constitucionais é unha cuestión que xa foi tratada polo Tribunal Constitucional e polo propio Tribunal Supremo, concluíndose sempre que, se a norma entra en vigor antes da remuneración desa retribución, non se está vulnerando a Constitución.

E seguindo ese criterio manifestado polo Goberno de España e o criterio dos Servizos Xurídicos da Xunta de Galicia, a Xunta está recorrendo, de acordo co que está previsto na lexislación, a través dos seus servizos xurídicos, as sentenzas recaídas, persoándose nos correspondentes preitos para a aplicación do establecido nese real decreto.

En relación con esas sentenzas recaídas, teño que dicir que a actuación da Xunta se axusta estritamente á legalidade prevista, e que, ademais, o percorrido xudicial das distintas demandas presentadas en torno á paga extra non é homoxéneo; é dicir, temos diferentes tipos de sentenzas. Dentro dos procedementos xudiciais, hai sentenzas, supostos, que non son firmes, e que polo tanto son susceptibles de recurso, caso no que, en aras á obriga que temos, estamos interpoñendo os correspondentes recursos. E, por outro lado, aqueles casos nos que a sentenza é firme, e unha vez que o órgano xudicial determina a súa execución, estamos levando a cabo a súa execución nos seus propios termos.

Neste momento, hai presentados recursos ante o Tribunal Supremo, recursos ante o Tribunal Constitucional, de feito que aínda non se pronunciou, pero si que paralizou a devolución desa paga extra do ano 2012 que intentaron outras administracións públicas, como, por exemplo, é o caso do País Vasco, no que o propio Tribunal Constitucional determinou a suspensión desa devolución ata que non dite sentenza sobre o fondo. Polo tanto, o irresponsable ao noso modo de ver, sería actuar á marxe do esgotamento dos recursos procesuais e sen que o Tribunal Constitucional –que é o que ten que ter a última palabra– se teña pronunciado sobre a cuestión controvertida. E, polo tanto, esperaremos a esa sentenza do Tribunal Constitucional, e así llelo trasladei ás organizacións sindicais coas que me reúnin para falar precisamente desta cuestión.

Deste xeito, e en relación con esas cuestións de inconstitucionalidade, estase solicitando a suspensión das vistas xa fixa-

das ata que se pronuncie o Tribunal Constitucional. En canto ás costas impostas ás que facía referencia, nas demandas coñecidas ata o momento unicamente nun proceso en vía contenciosa se impuxeron, xa que nos conflitos colectivos, que son os que ata o de agora son maioritarios, non existe tal imposición.

Polo tanto, non existe falta de acatamento por parte da Xunta de Galicia, como se refería na súa pregunta escrita, nin arbitrariedade, senón que o que estamos facendo é estritamente cumprir coa legalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Eu acabo de quedar un pouco descolocada neste debate, porque dixo a conselleira que lles agradecía aos empregados públicos o esforzo que estaban facendo para atender as persoas que non teñen traballo neste país, e a min, da intervención do presidente, pareceume entender que aquí todo o mundo tiña traballo, e que quen non o tiña era porque non quería. Por iso quedei un pouco desconcertada.

Mire, señora conselleira, debería vostede explicarlles aos empregados públicos para qué vale realmente o esforzo e ese saqueo ao que vostedes os levan sometendo desde o ano 2012, porque, que eu saiba, segundo os datos oficiais, temos o maior índice de paro de toda a historia, a menor cantidade de afiliados á Seguridade Social de toda a historia, e eses parados, cos que vostede di que son tan solidarios os empregados públicos, teñen a menor taxa de cobertura que nunca tiveron neste país. É dicir, nunca antes houbo tantos desempregados, tanto parados e paradas que non tiveran ningún tipo de prestación; polo tanto, por desgraza, a eses empregados públicos que tamén están sufrindo nas súas carnes o saqueo das políticas do Goberno do Partido Popular non se lles pode intentar, aínda por riba, meter o dedo nos ollos.

Mire, hai dúas cuestións diferentes neste debate. Por un lado –ao que vostede fai referencia–, que é unha imposición

do Goberno do Estado a través do Real decreto 20/2012, e que é o que até agora ten motivado sentenzas xudiciais que din que é unha aplicación ilegal por tratarse de aplicar con carácter retroactivo unha redución salarial sobre uns salarios que xa estaban devengados, no que vostede non nos respondeu a dúas cuestións. Primeiro, ¿pretende vostede que creamos que só a Avogacía do Estado ten razón e que todos os xulgados de Galiza e do resto do Estado que viron procedementos deste tipo están equivocados, que o Tribunal Superior de Xustiza está equivocado, que o Tribunal Supremo está equivocado, e que, polo tanto, só os órganos que dependen directamente dos gobernos, como é a Asesoría Xurídica da Xunta e a Avogacía do Estado, teñen razón e que, polo tanto, van acabar gañando ese preito?

E, mire, a respecto doutra cuestión, non nos dixo vostede por que nós falamos de actuación arbitraria e temeraria. Porque xa temos visto situacións parecidas da Xunta de Galiza que acabaron custándolle moitos cartos á Administración pública galega. E por iso nos gustaría saber se teñen vostedes algunha cuantificación, se todos os empregados públicos, ou maioritariamente, optan por emprender demandas individuais, en relación cos custos que iso podía acabar tendo para a Administración pública galega, ademais, por suposto, de obrigar os propios empregados públicos a incorrer en gastos para defenderen os seus dereitos.

Pero, miren, hai outras decisións que están afectando aos empregados públicos e que lle competen unicamente a vostede, nas que non pode escudarse detrás do Goberno do Estado. Porque a lei que se aprobou aquí en febreiro do 2012 aprobárona porque vostedes quixeron. A Lei de orzamentos para o ano 2013, na que novamente lles volven ir ao peto aos empregados públicos, igual que no ano 2014, cando no resto das administracións non se fai, cando non era obrigado polo Estado, foi unha decisión única e exclusivamente da Xunta de Galiza. E vostede e o presidente da Xunta de Galiza dixeron en varias ocasións que esas medidas só se ían levar a cabo e ían manterse na medida en que estivésemos nunha situación de recesión económica.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Eu a vostede onte escoitelle aquí neste Pleno dicir que imos coma un tiro, que a economía galega está medrando, que empezou a recuperación, que

acabou a recesión. E, polo tanto, eu o que lle pido é que nos diga cando vai acabar tamén a recesión para os empregados públicos e as empregadas públicas de Galiza.

Quero que nos diga desde esta tribuna quen mente, se o presidente da Xunta de Galiza cando di que para o ano 2015 se van seguir mantendo esas medidas en relación cos empregados públicos ou vostede cando nos di desde aquí que Galiza se está recuperando.

E esas son, señoras e señores deputados, señora conselleira, as cuestións que nós pretendemos suscitar con esta iniciativa. Porque mire, quitándolles dereitos e retribucións aos empregados públicos non só se están vulnerando dereitos destes traballadores, non só se está vulnerando a negociación colectiva, senón que se está devaluando no seu conxunto a economía galega. E, desde logo, a min gustaría que vostede neste debate lles aclarase aos empregados públicos se van seguir estando na diana do Partido Popular, e se vostedes van seguir tamén... *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz, moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Elena Muñoz.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, presidenta.

Insisto, señora Paz, o que fixo a Xunta de Galicia, o que está facendo a Xunta de Galicia, é estritamente cumprir coa legalidade, cumprir co establecido no Real decreto lei 20/2012. Nós non pensamos que temos máis razón, ou que ten máis razón a Avogacía do Estado ou a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia que os propios tribunais de xustiza. Nós o que dicimos é que hai un sistema xudicial, hai un marco legal que, dende logo, temos todos que cumprir. E nese sentido neste momento non se poden executar de forma unilateral sentenzas que establecen esa non retroactividade. A Administración xeral do Estado xa nos dixo que non se pode incumplir o establecido no Real decreto lei 20/2012, porque sería obxecto de impugnación. Polo tanto, temos que esperar a que dite sentenza o Tribunal Constitucional. E cando dite

sentenza o Tribunal Constitucional, esta comunidade autónoma actuará en función desa sentenza.

Pero tamén se referiu, señora Paz –aínda que non na súa pregunta escrita si neste Parlamento neste momento, na súa intervención–, ás medidas tomadas pola Xunta de Galicia.

Efectivamente, no ano 2013, a Xunta de Galicia toma unha decisión e toma unha medida retributiva para os seus empregados públicos. Nese momento o que se plantexa, e así desa forma foi trasladado na propia presentación dos orzamentos para o ano 2013, é que, dende logo, a Xunta de Galicia, este goberno, aposta pola estabilidade do emprego, dos empregados públicos, e aposta pola profesionalización dos empregados públicos. E neste sentido estamos apostando por esa profesionalización e por esa estabilidade.

Pero, mire, como me comparou con outras administracións públicas que non fixeron, que non tomaron a mesma medida retributiva que tomou a Xunta de Galicia, vou darlle uns datos para que vexa se quere trasladar ese modelo á Xunta de Galicia, e entón pode dicírllelo a todos os empregados públicos.

Mire, na evolución dos empregados públicos desta comunidade autónoma entre xullo de 2011 e xullo de 2013, o número de empregados públicos traballando para a Xunta de Galicia baixou un 1,8 %, un 1,8 %. Pois, mire, a Administración local en Galicia, no mesmo período, baixou un 14 % os empregados públicos; a Administración do Estado baixou un 4,5 % os empregados públicos; a Administración do Estado en toda España baixou un 4,3 % os empregados públicos; e a Administración local en toda España, o 15,1 %. Pero, ademais, é que, como media das comunidades autónomas, baixaron os empregados públicos das súas comunidades nun 4,9 %. ¿Sabe canto significaría iso para Galicia? Que, se chegamos ao mesmo que están facendo outras comunidades autónomas, neste momento esta comunidade autónoma tería case 3.000 empregados públicos menos. ¿A que empregados públicos lles dicimos que teñen que ir para a súa casa porque non se mantén a medida que se tomou neste goberno? ¿Querédelo dicir vós? Non. O que nosoutros eliximos foi a estabilidade no emprego. Derrogamos a Lei de medidas, a parte da de redución da xornada dos interinos, porque dixemos que non iamos reducir retribucións nin xornada laboral a todos os interinos, que as iamos manter, a

diferenza do que fixeron moitas comunidades autónomas. *(Aplausos.)* Apostamos pola estabilidade no emprego público, señora Díaz. *(Aplausos.)*

Somos a terceira administración autonómica que menos reduciu o número de efectivos no último ano, cos datos publicados. E, ademais, estamos traballando pola mellora das condicións dos empregados públicos...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): ...convocando concursos de traslados como dende hai moito tempo non se convocaban e garantindo o dereito á mobilidade dos empregados públicos –dende 2009 máis de 6.800 prazas ofertadas–; impulsando ofertas de emprego público dentro do límite de taxa de reposición do Goberno de España –165 prazas no Sergas, 117 prazas en educación, 47 prazas na Administración xeral–; facilitando a flexibilidade laboral para todos os empregados públicos; aprobando en tres meses máis de 5.000 solicitudes de flexibilización horaria –tanto en modalidade automática ou por conciliación– aprobando ou poñendo en marcha o teletraballo para todos os empregados públicos; e elaborando unha lei para a mellora das condicións de traballo e para o recoñecemento do traballo de todos os empregados públicos.

Seguiremos traballando por eses empregados públicos aos que novamente recoñecemos ese esforzo, e traballaremos para mellorar as súas condicións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Modificación e alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Antes de suspender a sesión ata esta tarde, coméntolles ás súas señorías dúas cuestións: o aprazamento, por petición do Goberno, co coñecemento do grupo e da deputada preguntante, da pregunta número 21784, do Bloque Nacionalista Galego, e que as preguntas números 22687, do BNG, e 22688, da AGE, se substanciarán de xeito acumulado.

Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis trinta horas, catro e media.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Boa tarde. Reanudamos a sesión.

Interpelación de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política do Goberno en materia de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde a todas e a todos. Señor conselleiro.

A realidade é que cos seus recortes en materia de investigación, cos recortes do seu Goberno, o Goberno galego ten activado unha auténtica bomba de tempo, unha bomba no tempo. Os recortes aplicados en investigación hoxe provocarán as súas peores consecuencias estourando no futuro, e de xeito transversal en todos os sectores produtivos do noso país.

Son recortes agradecidos –recoñézoo–, sobre todo para un Goberno curtopracista como o seu, sen proxecto de país e preocupado unicamente polas enquisas inmediatas e os votos. Contrariamente ao que sucede cos recortes aplicados en materia sanitaria ou educativa, os recortes aplicados hoxe en investigación son dificilmente identificables para a cidadanía, que se atopará, iso si, coas súas consecuencias uns anos máis tarde, cunha duración de décadas e infiltrados en todos os sectores da economía e da sociedade.

O Goberno galego ten activado unha bomba de tempo, porque os resultados da investigación tardan moitos anos en dar os seus froitos e precisan, precisamente, dunha aposta continuada e decidida no tempo, todo o contrario do que está a facer o Goberno galego. Todos os indicadores, absolutamente todos, relacionados co progreso científico e tecnoló-

xico, tanto no referente ao investimento público como ao investimento privado, sofren un retroceso sen precedentes, situando Galicia á cola de Europa nas políticas de I+D+i.

A porcentaxe do PIB investida en I+D+i pasou do 1,01 % no ano 2009 ao 0,87 % do PIB no 2012. Galicia ocupa, de feito, o posto número 12 das 17 comunidades do Estado, onde a media de investimento en investigación é do 1,30 % do PIB. A media de gasto en I+D+i da Unión Europea é do 2,2 %. Comunidades como o País Vasco invisten nesta materia o 2,19 %; Francia, o 2,2 %; Alemaña, o 2,8 %; Finlandia, o 3,8 % do PIB. Galicia está, sen dúbida –supoño que niso coincidirá con nós–, á cola de Europa en gasto en I+D+i, mesmo por detrás de países como Portugal, cunha situación económica de crise tamén, pero que inviste o 1,51 % do PIB en investigación. Esa é a realidade.

Estamos, pois, á cola do país que está á cola de Europa en investigación. Galicia ocupa o posto número 13 en gasto en investigación por habitante, con 179 euros por habitante e ano investidos en investigación, a metade que Cataluña, tres veces menos que Madrid e –xa non digamos– a anos luz do País Vasco. Dende o ano 2008 diminuíu en 34 euros por habitante e ano o investimento en investigación, que se situaba en 209 euros per cápita naquel ano 2008. Polo tanto, todos os indicadores –como lle dicía ao principio– sofren un importantísimo retroceso.

Se falamos de investigación universitaria, sufriu constantes recortes, aos que se engade, ademais, a falla dunha política clara nesta materia, cuxas consecuencias son palpables segundo todos os datos dispoñibles. O Sistema universitario de Galicia perdeu 983 investigadores dende o ano 2010, practicamente 1.000 investigadores novos menos á disposición do Sistema universitario, algo que é unha auténtica barbaridade.

Os ingresos por investigación –posto que nós interpretamos e entendemos que a investigación non é un gasto, senón un investimento– realizados nas universidades galegas pasaron dos 99 millóns de euros no 2008 aos 82 millóns de euros no ano 2010. Número de libros publicados nas universidades galegas, pasaron dos 368 exemplares no 2008 a 296 no 2010. Esa á a realidade.

A realidade que nos sitúa nun modelo económico que pasou de estar centrado na especulación urbanística, no

ladrillo, a centrarse agora nun Goberno que ten como única estratexia a venda a prezo de saldo do sector financeiro, incluíndo o espolio das caixas, a venda do sector empresarial –vexamos o caso de Pescanova e Barreras–, en definitiva o desmantelamento do que xa era de por si un sector feble no eido industrial e económico de Galicia, igual que o sector financeiro.

Dicía ao principio que as consecuencias da ausencia dunha política investigadora son transversais, e afectan todo o tecido produtivo. Cando falamos de recortes en investigación, non estamos falando soamente de que hai menos investigadores, menos grupos de investigación e, polo tanto, menos traballo en materia de investigación, que afecta os que realizan esa función; afecta todo o tecido produtivo do país; afecta, en definitiva, o futuro que como país aspiramos a ter.

E ten unhas consecuencias económicas evidentes. Galicia perdeu 5.821 empresas de tecnoloxía alta e media entre o ano 2008 e o ano 2012. E iso implicou un auténtico desastre en materia de emprego de alta tecnoloxía no sector tecnolóxico. 69.134 empregos perdidos no sector tecnolóxico entre o ano 2008 e 2012, 832 empresas con actividades innovadoras desapareceron en Galicia. Ese é o devastador escenario que nos deparan as súas políticas e a ausencia de pulo investigador.

Un despropósito, un auténtico despropósito que constata a falla dunha política decidida de impulso da innovación e da investigación como piares de futuro de Galicia e dun modelo produtivo viable. Todos os informes –todos– reflicten que a maior parte dos países de Europa teñen incrementado os seus investimentos de I+D+i nos últimos anos. Vostedes, adoradores da competitividade, sen embargo, recorren o camiño contrario de saída á crise. Comentabamos onte, precisamente, o caso de Alemaña, cun incremento dun 7 % de recursos en materia de investigación. Polo tanto, sitúanos nun contorno en que países con maior desenvolvemento nesta materia precisamente son os que están incrementando os investimentos en investigación.

Se falabamos –diciamos antes– de como se está a comportar o Goberno no eido da investigación, hai dous exemplos moi concretos no eido universitario.

Primeiro, as axudas a investigadores en concorrencia competitiva, convocatoria anual que fai a Xunta de Galicia.

Mentres que no ano 2012 había 139 grupos e proxectos financiados por parte da Xunta de Galicia, grupos e proxectos investigadores, cun importe das axudas de 20,6 millóns de euros, no ano 2013 pasaron a ser soamente 91, practicamente 50 grupos menos de investigación, un descenso do 35 % tanto nos grupos de investigación subvencionados como nos proxectos e nos traballos que estes facían. Pero é que, ademais, dáse a circunstancia de que nin tan sequera se invisten os recursos que estaban contemplados: o 28 % das axudas previstas non foron adxudicadas. Polo tanto, a situación é realmente máis grave do que vostedes están mesmamente a recoñecer.

A propia Conferencia de Reitores estatal recoñece e afirma que os recortes en investigación están a ser, desde logo, insoportables para o sector universitario. Pero o seu afán por recortar en investigación levounos mesmo a recortar os salarios dos investigadores –un 5 %– que prestaban servizos con cargo a proxectos de índole estatal, de índole internacional, e mesmo proxectos financiados por empresas privadas, co cal vostedes quedaron con recursos, con cartos que non son seus e que por riba non incrementan os recursos nin as arcas públicas, porque eses proxectos finalmente permanecen, como non pode ser doutra maneira, no propio grupo promotor da investigación.

O Goberno galego aplica políticas curtopracistas –dicía ao principio–, sen un horizonte de futuro, sen obxectivos, e percorrendo o camiño contrario da saída da crise, impedindo, ademais, o asentamento en Galicia do tecido produtivo e do valor engadido, condenando os galegos e as galegas á emigración e ao paro. Recordemos que 16.000 mozos e mozas cada ano marchan de Galicia.

Esta mañá moitos encheron a boca falando de combater a crise demográfica que sofre o noso país, pero, ademais de intentar que nazan máis rapaces, máis nenos e máis nenas en Galicia, tamén hai que procurar que os mozos e as mozas que teñen realizados estudos, que están traballando no sector da investigación, poidan desenvolver o seu traballo no seu país. Esa é a mellor política en materia de demografía.

Desde o punto de vista da Alternativa Galega de Esquerda urxe un cambio de rumbo nas políticas de apoio á ciencia, urxe e é unha obriga, é a única vía que temos se pretendemos ter un horizonte real de saída da crise, non ese hori-

zonte ficticio e irreal no que vostedes se empeñan en instalarse, algo urxente e remediabile se se pretende transcender, ademais, o que é un tradicional atraso de Galicia nesta materia, e camiñar de verdade cara á saída da crise, unha saída que ten que ser social, unha crise que ten que ser social...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...e que chegue a todas as capas da sociedade.

Para dar este cambio de rumbo é preciso percatarse da situación e facer unha avaliación rigorosa do estado da materia. E por iso desde Alternativa Galega de Esquerda planteamos esta interpelación, porque é unha obriga do Goberno responder se ten pensado mudar as súas políticas en materia de I+D+i, e, se o ten pensado facer, como o vai facer.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

Respóstalle o conselleiro de Economía e Industria. Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Vázquez, escoitando a súa intervención, resulta chamativo como, estando de acordo coa importancia que lle damos á I+D+i, podemos ter percepcións distintas, efectivamente, do que Galicia necesita neste eido e mesmo da realidade actual en materia de innovación e investigación. Porque, máis alá de que vostede empregou algúns datos incorrectos na súa intervención, o certo é que temos todos claro que a I+D+i xoga un papel clave no camiño do retorno ao crecemento económico.

Dende logo, dende este Goberno vemos claramente que Galicia é unha das comunidades autónomas que está avanzando neste camiño. Temos unha política activa en materia de innovación, como ben coñece vostede, a través da Estra-

texia de especialización intelixente, que permitirá mobilizar eses 1.600 millóns de euros, pero o conxunto do sistema galego de innovación é xa un referente no presente, aínda que vostede se empeñe en debuxar o contrario. Permítame falarlle de realidades e de feitos.

Saiba vostede que en Galicia temos cinco centros tecnolóxicos de referencia internacional e un sexto en tramitación. Tan só nestes centros xa traballan máis de 1.000 investigadores, obtiveron en 2013 máis de 40 millóns de ingresos, teñen máis de 1.300 clientes e prestan servizos tecnolóxicos en máis de 30 países. Se a iso lle engade vostede o conxunto de empresas de referencia, tanto nacional e internacional, que están traballando no sector da I+D+i, podería debuxar un escenario totalmente distinto do que vostede trasladou na súa intervención.

Dende logo, esta é a Galicia real de hoxe en materia de innovación, señoría, esa que vostede intentou caricaturizar na súa intervención. En calquera caso, nesta interpelación intentarei trasladarlle cal é esa política de innovación que estamos desenvolvendo no Goberno e que, como ben sabe —porque xa non é a primeira vez que falo desta política de innovación nesta Cámara—, se basea en catro principios básicos.

En primeiro lugar, unha aposta polo talento, unha aposta polo talento que merece ser apoiado e desenvolvido e co que os nosos investigadores intentan orientar o seu traballo ás demandas e necesidades da sociedade.

En segundo lugar, a necesaria implicación do sector privado; un sector privado onde merecen especial atención as pequenas e medianas empresas.

En terceiro lugar, unha prioridade no eido da transferencia de resultados. Se non hai transferencia de resultados, señoría, non hai innovación, falaríamos dunha innovación teórica, e este Goberno cre firmemente na transferencia de resultados como un elemento que permita a retroalimentación positiva no tecido industrial galego.

E por suposto tamén, dotar o sistema de I+D+i dos recursos necesarios, tanto aos centros de coñecemento como aos demais axentes implicados. E neste senso, loxicamente, cobran especial importancia as oportunidades que nos ofre-

cen os fondos europeos, e que temos a obriga de canalizar adecuadamente.

En definitiva, señorías, estamos falando dunha política de innovación aberta, centrada no talento, centrada na implicación do sector privado, na transferencia do coñecemento e na utilización eficiente dos recursos necesarios, especialmente neste caso dos fondos europeos. E para todo isto estamos poñendo sobre a mesa accións concretas, como lle dicía, realidades e feitos, con programas e proxectos interdisciplinares, que teñen unha incidencia directa sobre a economía produtiva deste país.

En primeiro lugar, faláballe da aposta polo talento, unha aposta polo talento tanto nos centros de coñecemento e nas universidades como nos centros tecnolóxicos. Neste eido, se nos referimos ás universidades, bastaría dicir que as universidades galegas teñen hoxe máis persoal docente e investigador que ao comezo da crise. Sen dúbida, neste dato tivo moito que ver o apoio dado dende a Xunta de Galicia á investigación universitaria, que sitúa a Galicia á cabeza das comunidades autónomas nesta materia. Un modelo baseado na captación e consolidación de talento que supón ademais un investimento de preto de 150 millóns de euros dos fondos propios da Comunidade Autónoma.

E tamén talento nos centros tecnolóxicos. Estamos apoiando firmemente o papel dos centros tecnolóxicos, tanto a través dos contratos programa como a través das axudas aos equipamentos e programas específicos, como Innterconnecta ou Conecta pemes.

En conxunto, señoría, en conxunto, estamos falando de máis de 120 millóns de euros en catro anos de investimento nos centros tecnolóxicos dende este Goberno, unha cifra sen precedentes na historia da Comunidade, o que significa unha aposta pola innovación.

E, dende logo, continuamos traballando noutras iniciativas importantes e novidosas no eido do talento, como é a captación de científicos de gran proxección que van poder acadar un contrato estable para desenvolver a súa tarefa aquí en Galicia, as bolsas para as estancias formativas no estranxeiro e incluso tamén as unidades mixtas centros-empresas, co obxectivo de conseguir que grandes empresas que son referentes internacionais instalen en Galicia tamén as súas unidades en innovación.

Polo tanto, unha aposta polo talento firme tanto dende as universidades galegas como dos diferentes centros tecnolóxicos que está desenvolvendo un apoio dende o Goberno galego.

O segundo eixe de actuación, a implicación do sector privado. Non podemos perder de vista, señoría —e aí si podemos estar de acordo—, que no País Vasco máis do 75 % dos gastos de I+D+i proveñen do sector privado, o 75 %. Ese grao de implicación das empresas é o que permite, sen dúbida, que o País Vasco poida ser hoxe líder indiscutible en España. E niso temos que traballar e niso estamos a traballar dende o Goberno, na implicación do sector privado en materia de innovación, en materia de I+D+i, que permita que as pequenas e medianas empresas galegas tamén fagan unha aposta pola innovación.

Iso é o que estamos a facer dende o Goberno, con programas como Ininterconecta e Conecta pemes, no que estamos mobilizando máis de 250 millóns de euros en materia de innovación en colaboración coas pequenas e medianas empresas e os centros tecnolóxicos. Deses 250 millóns de euros, a metade, a metade, son aportacións directas do sector privado e a outra metade son aportacións do sector público.

En terceiro lugar, señoría, a transferencia do coñecemento; unha investigación que, se non chega ao mercado de forma directa, evidentemente, non aproveita todo o seu potencial. E, dende logo, se falamos de sector produtivo, estamos a falar loxicamente de transferencia de coñecemento.

Galicia está no grupo de cabeza, como ben vostede sabe, no referido á solicitude de patentes e modelos de utilidade. As políticas de fomento da propiedade industrial, xunto co esforzo das empresas galegas, teñen permitido que o ratio, señoría, de solicitude de patentes se incrementase nun 5 % con respecto ao ano 2008.

Pero, señorías, é certo —e estamos no cuarto punto— que estes tres principios comentados hai que dotalos de recursos, recursos que supoñen un esforzo por parte do Goberno e que neste ano 2014 o Goberno está a facer un esforzo tamén sen precedentes nos orzamentos. Incrementáanse un 33 % os fondos destinados a innovación en empresas e nos centros tecnolóxicos de coñecemento, para chegar ata os 50 millóns de euros de esforzo orzamentario por parte do Goberno.

En definitiva, señorías, estamos falando de talento, estamos falando de implicación do sector privado, estamos falando de transferencia de coñecemento, estamos falando de catalización do financiamento. Iniciativas coas que imaxino, señoría, concordarán, e se non están de acordo, eu creo que deberían de dicilo e que especificaran no punto no que non concordan. Porque máis alá de empregar demagoxicamente estatísticas —unhas oficiais, outras non—, o que está claro é que a nosa responsabilidade, a responsabilidade do Goberno —tamén da oposición— é facer a mellor política de innovación con recursos ao noso alcance. Dende logo, esa responsabilidade como Goberno é o que estamos a facer, e o que esperamos loxicamente da oposición é que poida presentar propostas que permitan avanzar en políticas de innovación activas.

Dende logo, se ao que se van limitar é a solicitar maiores investimentos e ter máis investigadores, estaremos de acordo, non teñan ningunha dúbida. Pero, dende logo, se esa é toda a súa aportación, xa lle digo que será cumprida pero que non aporta moito. Calquera proposta que poida vir dende o seu grupo, dende logo, será escoitada, será analizada e será impulsada.

Aquí ten unha política de innovación clara apostando polo talento, apostando pola transferencia de coñecemento, apostando pola pequena e mediana empresa, apostando pola utilización eficiente dos recursos, e dende logo eu convidoo a que comparta esta política de innovación e que poida facer todas as achegas que crea conveniente. E se o único que fai é reclamar máis investigadores e máis gasto en I+D, dende logo xa lle digo que esa proposta será cumprida amplamente por parte deste Goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Señor conselleiro, o seu Goberno cuestiona sempre todos os datos e todos os informes cando non lle son favorables. Non só cuestiona os informes de Cáritas, como fixo o presidente, senón que cuestiona mesmo a EPA se tampouco lle convén. Cuestionan os datos de calquera organismo.

Eu voulle dicir, a modo de pé de páxina da miña intervención, as fontes que citei, para que vostede poida contrastar os datos que empreguei, datos actualizados; nalgún caso os datos están actualizados ao ano 2013, noutros ao 2012, porque, como sabe, os informes non sempre incorporan os datos de exercicios do ano anterior.

Dígolle as fontes para que o poida comprobar. Empreguei os indicadores do sistema estatal e español de investigación, o Instituto Nacional de Estadística, o Instituto Galego de Estadística, a Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía –instituto oficial–, os informes do MEC –Ministerio de Educación e Ciencia–, os informes do Observatorio Estatal do I+D+i –o Icono– e, por suposto, os informes da Conferencia de Reitores universitarios do Estado. Reitores, 75 reitores, supoño que representativos de 75 campus de todo o Estado, que o pasado mércores leron un manifesto onde a grandes rasgos viñan denunciar o que este grupo acaba de facer na tribuna; polo tanto, non é só cando vostede di que os nosos datos non se axustan á realidade, senón que di que os máximos responsables de todos os campus de todo o estado menten; cuestión que xa comeza a ser algo reiterado pola súa parte.

E unha pregunta moi concreta, moi concreta. Eu voulle pedir a fonte que empregou vostede para dicir que hoxe hai máis investigadores en Galicia que cando chegaron ao Goberno. É unha pregunta moi concreta. Quero que me diga a cifra cando vostedes entraron, a cifra de investigadores no Sistema universitario neste momento, e me aclare exactamente que fonte. Eu díxenlle 930 investigadores menos no Sistema universitario de Galicia. ¿De acordo?

Ben, con respecto aos datos, abundando máis nesta cuestión. Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, aprobárono vostedes neste Parlamento. Dentro das súas obrigas, tiña a realización de informes periódicos de seguimento e de avaliación deste plan de investigación e sobre o estado da investigación. ¿Onde están eses informes? Eu non os atopo por ningún lado; nada de nada. Polo tanto, ¿cal foi o impacto dese plan, que está a piques de rematar, 2011-2015, cales son as consecuencias, os efectos e os resultados dese plan? Gustárame sabelo.

Pero fíxese ata onde chegan vostedes. Vostedes crearon no ano 2012 a Axencia Galega de Innovación, no ano 2012.

Na disposición adicional quinta do decreto de creación desa axencia establécese a creación do Observatorio Galego de Innovación, que ten encomendada a realización dun informe anual sobre a situación da investigación e a innovación en Galicia. Eu entrei nese observatorio, non hai ningún informe.

Vostedes incumpren a súa propia normativa, e cuestionan datos, datos doutros organismos que si fan o seu traballo; datos aos que nós temos que recorrer porque vostedes non fan o seu traballo de acordo co que establecen na súa propia normativa. Vostedes constituíron a Axencia Galega de Innovación, o Consello Galego de Innovación, o Observatorio Galego de Innovación, e non hai ningún informe sobre o que ten conseguido o seu famoso e célebre Plan galego de investigación, innovación e crecemento.

Falou vostede doutra cuestión que é a Estratexia RIS3, 1.924 millóns de euros, evidentemente de fondos europeos; non son recursos da Xunta de Galicia.

Un plan polo tanto que está por realizarse, unha estratexia que está por tanto por realizarse, que terá unha avaliación intermedia no ano 2018 e unha avaliación final no 2020. Falaremos no seu momento sobre os resultados desa estratexia, pero nosoutros estamos a falar da situación actual, estamos a falar da situación actual.

E, por outro lado, vostede fáleme de estratexias e de proxectos que emanan evidentemente de iniciativas europeas. E eu fágoille unha pregunta, que é de bastante sentido común: ¿vostede cre que os fondos europeos van intentar que en Galicia se desenvolva un sector tecnolóxico competitivo, un desenvolvemento de tecnoloxía e de industria e de empresas altamente tecnolóxicas que compitan coas empresas europeas, que compitan coas empresas francesas? ¿Vostede pensa que os núcleos de poder situados en Bruxelas pretenden para nós un grao de desenvolvemento que compita precisamente con eles? Pois esa non é a realidade.

O papel que ten reservado Centroeuropa para nós, para a periferia de Europa e para Galicia como periferia da periferia, é un papel absolutamente subalterno, un papel reservado a ser nutrinte de materias primas para as súas empresas, para as empresas deles, un papel que lles sirva para nutrilos de man de obra barata, como está sucedendo xa, e un papel

reservado para recibir o que eles producen, os seus bens xa manufacturados...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...concibíndonos a nós simplemente como receptores e como consumidores.

Polo tanto, a pesar de que, como vostedes din, os nosos datos son catastróficos, pareceume interpretarlle ao final da súa intervención que ían aceptar se a nosa proposta era solicitar un incremento de recursos públicos para a investigación, que o ían aceptar. Espero que esa parte a cumpra.

E despois, para rematar –xa remato, señor presidente–, dicíanos que fixeramos propostas. Bueno, vaíamos por partes, isto é unha interpelación. Eu preguntolle polo traballo que vostede realiza nesta materia, despois haberá unha moción, onde, sen dúbida, poderá escoitar as nosas propostas.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

Réplica. Señor conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, presidente.

Señor Vázquez, eu entendo perfectamente que vostede teña un escepticismo absoluto nos fondos europeos. Voulle dar un dato. No bipartito, a execución da política de innovación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, un pouquiño de memoria histórica. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor. Silencio. Silencio, por favor, señorías.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): No bipartito, cando convocaba axudas de innovación, facíao con fondos propios –eran as épocas de bonanza– e non consideraban oportuno executar os fondos

europeos que tiña asignados Galicia. O bipartito executou o 5 % dos fondos tecnolóxicos que tiña á súa disposición, *(Murmurios.)* este Goberno executou o 100 % dos fondos tecnolóxicos. *(Aplausos.)*

En calquera caso, eu entendo que dende esa perspectiva e dende ese escepticismo pois tamén teña algunha dúbida sobre o papel que a Estratexia de especialización intelixente pode xogar en Galicia. Dende logo, nós temos o pleno convencemento de que, co esforzo conxunto entre a Comisión Europea, o Goberno central e a Xunta de Galicia e o propio sector privado, estaremos en disposición de mobilizar máis de 1.600 millóns de euros de fondos europeos, que será unha oportunidade sen precedentes para que o noso tecido produtivo poida incrementar a súa competitividade e poida incrementar o gasto en I+D.

Porque, efectivamente, en Galicia temos un reto colectivo que é incrementar o gasto do sector privado en materia de innovación. No País Vasco ese gasto, ese investimento, é do 75 % do total do gasto en innovación; en Navarra, o 68%; en Galicia non chegamos ao 50 %. Pero, dende logo, a nosa aspiración é traballar co sector privado para que o sector privado incremente tamén a súa aportación ao sistema de I+D+i e que acompañe os esforzos dende este Goberno. E, dende logo, os indicadores xa reflicten que ese camiño se está a producir, e Galicia foi a segunda comunidade de España na que máis creceu o gasto empresarial en innovación tecnolóxica. Programas como Innterconecta ou Conecta pemes están a ser unha panca para que, efectivamente, o sector privado se implique na política de I+D+i, que, polo tanto, se incrementen os gastos dedicados a esta partida.

Se me fala de datos cuantitativos, seguimos lóxicamente incrementando en primeiro lugar o persoal de I+D en Galicia, que se está incrementando o 5 %, mentres que en España iso non ten ningún tipo de avance, e no persoal que as empresas destinan a este fin Galicia é unha das sete comunidades autónomas que entre 2008 e 2012 incrementaron o número de traballadores en I+D+i.

Polo tanto, un esforzo por parte deste Goberno centrado, como lle dicía na miña intervención, no talento, na transferencia de coñecemento..., *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* na pequena e mediana empresa...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ...e tamén na utilización eficiente dos recursos.

Pregúntame vostede polos datos. Pois, efectivamente, pasouse en Galicia de 5.213 investigadores no curso 2008-2009 a 5.258 no curso 2011-2012. Se vostede utiliza de forma tendenciosa as cifras, eu creo que non paga a pena, sinceramente; o que paga a pena é falar dunha política concreta en materia de innovación. Eu teño os datos tamén á súa disposición para que os poida comprobar.

En calquera caso, como lle dicía, dende a Xunta de Galicia temos unha aposta decidida pola I+D+i, pola investigación e pola transferencia do coñecemento, e xa se están a reflectir eses datos. O informe sobre o índice de competitividade rexional da Unión Europea indica que a innovación en Galicia creceu un 6,4 % anual, o que converte a Galicia, señoría, nunha das 7 comunidades que medran en España, unha das 50 de entre as 260 analizadas que medran tamén en Europa.

Polo tanto, señoría, seguimos apostando pola innovación, seguimos apostando polo sistema de I+D+i, centradas nas catro actuacións, o talento, apostando polas universidades e polos centros tecnolóxicos. Reflectinlle o dato: 120 millóns de euros de investimento nos centros tecnolóxicos galegos, un dato sen precedentes, o que significa aposta polo talento, pola innovación en Galicia; aposta pola pequena e mediana empresa, que se ten que implicar no sistema de I+D+i; por suposto, transferencia de coñecemento, clave para que o noso sector produtivo poida ser máis competitivo; e utilización eficiente deses recursos europeos, que vostedes non quixeron poñer en valor no seu momento, pero que nós si o imos facer da man do sector privado.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que é o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía do uso público do castelo de Monterrei polo Goberno galego con carácter exclusivo e permanente

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cando queira, pode formular a pregunta.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, a fortaleza de Monterrei é considerada a acrópole máis importante de Galicia, un imponente conxunto defensivo erguido sobre unha atalaia que albergou torres defensivas, un palacio, un cárcere, un cuartel, un templo, conventos e casas de labranza. Pola magnitude do conxunto e pola súa cualificación como elemento imprescindible da historia galega, a fortaleza de Monterrei precisa dun marco de intervención que garanta a súa conservación como recurso cultural e turístico. A fortaleza de Monterrei é un dos bens culturais máis importantes de Galicia.

Esta é a resposta escrita do Goberno galego a unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista. Señor conselleiro, lembre o que vostedes mesmos din da fortaleza de Monterrei: a acrópole máis importante de Galicia, elemento imprescindible da memoria galega, da historia galega, un dos bens culturais máis importantes do noso país.

Señorías, a acrópole de Monterrei, no val do Támega, ten dereito a un respecto e consideración que este Goberno do señor Feijóo lle nega. Aséntase sobre os restos do castro de Baranceli, os edificios son dos séculos XI e XII, acolleu diferentes estirpes señoriais, foi testemuña de guerras, tamén de sonados encontros, como o de Felipe el Hermoso e o cardeal Cisneros, aquí estableceuse a primeira imprenta de Galicia e imprimiuse o Misal auriense, o primeiro incunable galego, en 1494. Foi cuartel xeral do exército de Galicia durante as guerras con Napoleón. En 1931 foi declarado monumento de interese nacional pola Segunda República. Na actualidade é un ben de interese cultural e forma parte do Catálogo de monumentos do patrimonio histórico de Galicia.

Señorías, ¿como pode ter este Goberno a ousadía de desprezar as súas propias palabras e limitar o disfrute de Monterrei a algúns privilexiados? ¿Como pode este Goberno renunciar a actuar conforme o plan director que el mesmo elaborou? Señor conselleiro, ¿non teñen voste-

des unha mínima sensibilidade para respectar esta longa historia, procurar coidados e mimos que a eternicen, para recoñecemento, gozo, admiración, mesmo veneración, de todos os recunchos da acrópole de Monterrei por toda a sociedade?

Señor conselleiro, o Grupo Socialista faille unha pregunta moi concisa: ¿garante o Goberno galego o uso público exclusivo, permanente, do castelo de Monterrei?

Como veciño de Monterrei...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...exixo transparencia, claridade e datos reais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Respóstalle o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor presidente.

Señor Fernández, estou totalmente de acordo no que vostede dicía ao principio da súa pregunta, das características e do valor que sen dúbida ten todo o complexo de Monterrei, e por iso está actuando a Xunta de Galicia. Non é nova, efectivamente, esa resposta que se lles deu a vostedes por escrito, a secretaria xeral de Turismo teño entendido nunha comisión de xeito oral en resposta a unha pregunta do BNG, e sempre imos dicir exactamente o mesmo.

Vostede sabe que se está facendo un investimento importante, tras moitos anos de abandono –hai que dicilo–, despois de que se fixera a negociación, e hai que recoñecerlle o mérito que ten o Goberno bipartito de encauzar unha negociación para a cesión deste edificio que culminou no ano 2009, e a obriga da Xunta de Galicia, do actual Goberno, é darlle un uso axeitado a ese complexo e, por suposto, totalmente respectuoso co que representa, faltaría máis.

3,4 millóns de euros para usos culturais, coa máxima protección e consolidación do patrimonio cultural, é o que está no plan director, e impulso da potencialidade turística de todo o enclave, non, non, de todo o enclave, vostede sábeo perfectamente tamén, outra cousa é que o queira recoñecer, alá ou hoxe en sede parlamentaria, pero sabe perfectamente que do cen por cen que configura o recinto só un 17 % estará adicado a usos hostaleiros.

Polo tanto, sen perder o carácter de público do conxunto en ningún momento, sen perder o carácter de ben de interese cultural, esa razón da actuación haberá máis de tres cuartas partes, o 83 %, totalmente visitable.

Por suposto, a adaptación, con todas as autorizacións. Sabe vostede tamén que tanto a comisión que se encarga de velar polas obras que se fan no contorno do Camiño de Santiago como a Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural autorizou estas obras, e non ten outro segredo nin ten outra finalidade que compatibilizar o que é a obriga de mantemento –insisto– tras moitísimos anos de abandono dun ben, que estou de acordo en que é absolutamente fundamental na historia de Galicia, cuns usos que o fagan rendibles.

¿Que problema hai en facer unha actuación que compatibilice o acceso público do recinto con algunha utilidade que reforce a potencialidade turística de toda a comarca, que lle dea emprego á xente que está alí e que, en definitiva, garanta a sustentabilidade dun conxunto que non nos podemos permitir que non o sexa?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor vicepresidente.

Réplica. Señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

A pregunta era e segue a ser a mesma: ¿garante o Goberno galego o uso público exclusivo, permanente, do castelo de Monterrei? A súa resposta manipula os datos e pretende simplemente enganar.

Mire vostede, se se converte, se se leva o hotel ao castelo, vostede dáme uns datos sobre a totalidade da superficie, pero o que afecta os inmobles, o que vai significar a instalación dun hotel no castelo é claramente dun uso público de entorno ao 12 % e un uso privado de entorno ao 80 %.

Este Goberno, polo tanto, está a vender o referente dun pobo e dos seus antergos. Outra vez, unha vez máis, espolian o uso público. Cheira a intereses particulares, cheira a pelotazo. E para iso este Goberno ten decidido vulnerar as condicións de cesión e aceptación do castelo e recinto amurallado de Monterrei, cuxo destino estaba perfectamente definido con destino a centro de divulgación, innovación e promoción da moda, o viño, as augas medicinais da comarca, restauración e musealización dos edificios e arquivo das tradicións da fronteira e dos pobos próximos.

Señor conselleiro, quizais o señor presidente Feijóo, nunha desmadrada tarde dun carnavalesco Día de Comadres, sobrepasando todos os límites do Entroido, decidiu abandonar o incómodo e decadente relleno das rías para aspirar a se converter nun novo conde de Monterrei.

Señor conselleiro, se teñen agallas, se cren no proxecto, vaian á comarca de Verín e nunha convocatoria aberta explíquenlle aos axentes sociais daquelas terras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández.

Réplica. Señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor Fernández, mire, eu si que lle vou responder en serio ao que me acaba de dicir. Agora resulta que o complexo non vale de nada. Como as porcentaxes non lle saen, redúceo todo a unha parte, ¡eh!, porque todo o demais non lle vale para as súas porcentaxes.

Mire, estaba todo abandonado, a parte a que vostede se refire e todo o demais. E igual que lle recoñecín o mérito de negociar co Estado a transferencia que nós culmina-

mos, porque nos tocaba, porque chegamos ao Goberno nese momento, non lle podo dicir o mesmo dos usos que tería, porque ao mellor vostede non sabe que no ano 2007 –e imos facer, que xa o vin antes, xa o vexo sempre, que lles molesta moito que falemos do que vostedes fixeron, pero é que nós tivemos que herdar e moitas veces rectificar– a outra parte do Goberno que vostedes sustentaban e do que formaban parte aprobou un plan director –non sei o que valeu, seguro que valeu moitos cartos– que, mire, o que viña dicir –presentárono no ano 2007, no ano 2008 tamén, con bombo e platillo, non lles deu tempo afortunadamente a executalo a partir do ano 2009–, porque resulta que dicía que fronte ao 17 % –e non llo ocultamos– que nós queremos dedicar, oia, non a ningún –vostedes falan do tempo, que non lles interesa concretar–, a un parador de turismo, o mesmo que nos reclaman con toda a énfase que se faga en Muxía canto antes, ¿por que en Muxía vale para revitalizar a Costa da Morte e resulta que en Monterrei un parador de turismo da mesma empresa Paradores de Turismo vale para todo o contrario, señor Fernández? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio. Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Porque é así. Pero mire, voulle dicir máis. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio. Silencio, por favor. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Plan director do señor Quintana. ¿Sabe os usos que estaban previstos? Están aí, para velos: uso residencial, vivenda privada ou pública, uso hostaleiro privado, uso turístico, implicando o centro superior de xestión e comercialización da oferta de turismo cultural. Total, uso empresarial, ata o 64 %; nós, o 17. Non sei se apreciaba o conxunto; nós, si.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D.^a María del Carmen Pardo López e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance xeral para Galicia do desenvolvemento da Estratexia do cadro comunitario para o período 2007-2013 en materia de políticas rexionais de cohesión económica e social

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cando queira, pode formular a pregunta.

A señora PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora conselleira, a política rexional é un dos capítulos máis importantes do orzamento comunitario, da Unión Europea, pois representou un terzo do orzamento plurianual para 2007-2013, cifrado nun millón de euros.

Esta política comunitaria, que ten por obxectivo reducir as diferenzas de desenvolvemento entre as rexións da Unión Europea, materializándose a través dos fondos estruturais, beneficia todas as rexións, pero cun baremo, cun criterio que, como todos sabemos, se utiliza para determinar que rexións pertencen a esa categoría, e que é o PIB per cápita en relación coa media comunitaria.

Ata agora Galicia sempre formou parte deste grupo denominado actualmente “obxectivo de converxencia”, ao non exceder o 75 % do PIB comunitario. Para o período en finalización 2007-2013 tomouse daquela como referencia a media do PIB dos anos 2000 a 2002.

O Marco estratéxico de referencia, Mecega, Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia, foi o documento de planificación para a execución dos ditos fondos, dos que hoxe lle solicitamos un primeiro balance, e a través da avaliación previa establecéronse conclusións e recomendacións sobre aqueles criterios de relevancia, efectividade e utilidade necesarios para garantir e para o éxito da Estratexia do cadro comunitario obxecto desta pregunta, de maneira a calcular as posibilidades reais de alcanzar os obxectivos establecidos e valorar en que medida as actuacións recollidas nesta estratexia responden ás necesidades sociais, eco-

nómicas e ambientais detectadas para a rexión e ata que punto serían capaces de pór en marcha un proceso sostido de desenvolvemento rexional.

Señora conselleira, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que, unha vez rematado o período 2007-2013, e se ben a regra N+2 fai que o período real de execución sexa ata o 31 de decembro de 2015, ou sexa, que o período de elixibilidade finaliza efectivamente o 31 de decembro do ano 2015, ou, aínda dito doutro modo, que sendo que esta regra implica o descompromiso automático, perda de fondos europeos, daqueles fondos que sendo programados nun determinado ano non sexan incluídos nunha petición de pago no segundo ano seguinte —e remítome ao Regulamento do ano 2006— e que en Galicia cumprimos esa regra, e como consecuencia non se producen descompromisos automáticos, é un bo momento hoxe para preguntarlle polo punto de situación da execución.

Dado que adicionalmente houbo neste período un xiro estratéxico ás políticas rexionais, e que criterios como a utilidade, a sostibilidade ou a efectividade pasaron a marcar a execución dos fondos, pedímoslle hoxe un balance xeral sobre a mesma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pardo.

Respóstalle a conselleira de Facenda. Cando queira, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, presidente.

Efectivamente, os fondos comunitarios teñen sido —e seguen a ser— fundamentais para a estrutura económica de Galicia, para o desenvolvemento da nosa Comunidade e para a calidade de vida dos galegos. Teñen contribuído a que Galiza experimentara nos últimos vinte anos un proceso de modernización sen precedentes, mellorando a nosa capacidade de creación de riqueza e prosperidade, e teñen contribuído ao noso avance en termos de converxencia. Dende o ano 97, o PIB per cápita de Galicia evolucionou cara á Unión Europea, ata superar o 92,4 % no ano 2009.

Coa achega dos fondos da Unión Europea, temos construído redes de infraestruturas, mellorado a accesibilidade do territorio, apoiado o tecido produtivo, reforzada a educación e a formación, incentivada a innovación e fomentado o desenvolvemento rural e o sector pesqueiro, entre outros avances.

Dende a adhesión de España á Unión Europea, e ata o período 2007-2013, as achegas destinadas a Galicia foron de arredor de 19.000 millóns de euros, en termos de axudas de fondos europeos.

No presente contexto de financiamento 2007-2013, que é o período obxecto da pregunta, Galicia insírese no obxectivo de converxencia e centra a súa estratexia en potenciar as estruturas e actividades relacionadas coa I+D+i, establecendo novos mecanismos de transferencia de tecnoloxía, apoiando as pemes e promovendo obxectivos relacionados coa mellora da nosa competitividade.

Coas dotacións de fondos estruturais, as do marco de desenvolvemento rural, a través do Feader, e o programa de desenvolvemento rural de Galicia, as axudas agrícolas do Feaga e as do Fondo Europeo da Pesca, a axuda total supera os 6.908 millóns de euros, tanto a través de programas xestionados pola Xunta como por organismos de ámbito estatal.

En relación co programa, o período 2007-2013, para facer unha valoración, cómpre falar do nivel de execución, do nivel de certificación. O nivel de certificación dos programas de fondos estruturais atópase neste momento dentro dos parámetros normais da dinámica de xestión dos programas. E para iso hai que ter en conta, por un lado, que a senda financeira dos programas é de sete anos e que o ritmo de execución real se acelera nos últimos anos do período; e, en segundo lugar, que o período de elixibilidade do marco financeiro remata o 31 de decembro do ano 2015.

Pódolle asegurar que os programas rexionais do Feder e Fondo Social de Galicia veñen cumprindo ata o de agora a normativa, a regra N+2, o que significa que non se perdeu ningún fondo por falta ou atrasos na execución dos programas.

O nivel de execución, en termos globais, é do 63 %, en liña coa media das intervencións dos fondos estruturais,

como tamén así o manifestou o propio comisario europeo de Política Rexional cando visitou esta comunidade autónoma.

Polo tanto, seguiremos traballando para optimizar esa execución, seguir optimizando a execución dos fondos europeos, acadar o nivel máximo de axuda asignada e non perder nin un só euro dos fondos adicados a Galicia neste período.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, conselleira.

Réplica. Señora Pardo.

A señora PARDO LÓPEZ: Grazas, señora conselleira.

Deducimos e reconfirmamos da súa primeira intervención ese bo ritmo de execución e a importancia que para Galicia ten este capítulo no orzamento da Xunta de Galicia, pero tamén a súa importancia desde o punto de vista cualitativo. E concluímos tamén coas súas palabras que unha redución agora drástica dos fondos recibidos ata o momento implicaría graves danos na economía e no emprego.

E dáme ocasión de recordar que, no marco do proceso de reformulación da política rexional a partir do 2014, a Xunta de Galicia decidiu en 2009 apostar de cheo pola defensa dunha axuda transitoria para as rexións que por primeira vez abandonarían a categoría de rexións menos desenvolvidas, como era o noso caso, e recordar tamén o exitoso resultado da mesma, con máis dun 80 % no marco financeiro plurianual para Galicia en relación co período que hoxe nos ocupa.

Cofecemos, en relación con este período 2007-2013, polas comparecencias públicas de diferentes membros do Goberno nos últimos días, que o comisario de Desenvolvemento Rexional, que recentemente visitou Galicia —e adicionalmente participou na presentación da RIS3, da Estratexia de especialización intelixente, da nosa comunidade—, expresou ao seu regreso a Bruxelas, e por escrito ao presidente da Xunta, a súa satisfacción co ritmo de execución dese período de fondos europeos. E permítome, ademais, citar unha desas frases na que o comisario dicía: “*Tuve la oportunidad de ver directamente lo que puede hacer la política regional*

de la Unión Europea cuando se combina talento local, innovación y visión.”

Tras a súa primeira explicación, podería, señora conselleira, puntualizarnos datos cuantitativos, como a porcentaxe de execución dos distintos programas operativos –dos que podemos falar, obviamente, ata 31 de decembro do 2013– e tamén destacar algunha intervención relevante xestionada pola Xunta de Galicia, por exemplo no caso do Feder ou do Fondo Social.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pardo.

Réplica. Señora conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, señor presidente.

Pois, en concreto, na execución a 31 de decembro de 2013 dos programas operativos correspondentes á rexión de Galicia, aos rexionais do Feder e do Fondo Social Europeo, efectivamente estamos dentro da media da execución de todas as rexións europeas.

No caso do Feder, do tramo autonómico do programa operativo rexional que xestiona a Comunidade, certificáronse ata o de agora 612,6 millóns de euros en termos de axuda, correspondente a un 60,3 % do programado, e correspondéndose esta cantidade con 23.469 proxectos financiados.

Este ritmo de execución corresponde á normal dinámica de xestión dos fondos europeos, incrementando o esforzo como fixemos nos últimos anos de execución deses fondos, compensando a baixa execución nos primeiros anos do marco 2007-2008, e nesa liña no ano 2013 realizouse ese esforzo adicional, incrementando a execución do programa operativo do 45 % a 31 de decembro do 2012 ao 60,3 % a decembro do 2013.

Por aportar algúns datos relevantes a nivel de eixo no caso do Feder, destaca o elevado ritmo de execución dos eixos 3, medio ambiente e contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos; e 4, transporte de enerxía, que

alcanzan xa unhas porcentaxes de execución do 71,5 % e do 88,6 % respectivamente. No eixo 3, case 102 millóns de euros certificados corresponden a instalacións de tratamento de augas residuais. No eixo 4, con 333 millóns de euros certificados, destacan actuacións nos temas prioritarios relativos a autopistas e autovías e a estradas rexionais e locais.

Noutros eixos, algunhas actuacións que podemos destacar son o eixo 1, dedicado a I+D+i e ás TIC-infraestruturas de banda ancha, que inclúen o despregamento de redes de nova xeración, cun gasto certificado de preto de 50 millóns de euros.

O programa de cooperación transfronteiriza, que financia tamén o Feder, acumula ata o de agora un nivel de execución do 67 % no tramo rexional, e se falamos do programa rexional do Fondo Social Europeo, o nivel de certificación foi do 59 %, correspondente a 211 millóns de euros de axudas e 263 millóns de euros en termos de custo total elixible, destacando por exemplo o nivel de execución do eixo relativo ao aumento e mellora do capital humano, co 73 %, despois da reprogramación que se fixo en 2013, para reforzar as medidas concretas dirixidas especialmente a persoas xoves que abandonan prematuramente a educación ou a formación, ou tamén destacando na execución dos eixos 1 e 2, relacionados co desenvolvemento de servizos específicos para o emprego, as medidas para incrementar a participación da poboación emigrante no mundo laboral ou as de integración no mundo laboral de persoas desfavorecidas.

Seguiremos traballando para a execución destes programas, ...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): seguiremos traballando para a execución desas medidas e cumpriremos coas nosas obrigas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Alejandro Gómez Alonso e dous deputados/as máis, do G.P Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopa a construción da variante de Noia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cando queira, señor deputado.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, señorías.

Para falar deste proxecto construtivo témonos que retrotraer á última lexislatura do Goberno do presidente Fraga, xa que foi precisamente nesa época na cal se deixou aprobado o proxecto construtivo, se deixou aprobada a declaración de impacto ambiental, se licitou a variante de Noia, e todo iso baixo o convencemento de que era a mellor alternativa para desconxestionar os tráfico da vila de Noia.

Pero coa chegada do bipartito, dun xeito inexplicable dende o punto de vista técnico, polo tanto só en base a consideracións políticas, este proxecto foi derogado. A anterior conselleira de Política Territorial, para solucionar os problemas desta importante vila, decidiu encargar un novo estudo informativo, no cal se establecían cinco alternativas, denominado “variante interior”. Calquera das cinco alternativas da variante interior era mala, cada cal peor. Isto, evidentemente, provocou por parte dos veciños de Noia que se organizaran nunha plataforma, e que durante máis de mil novecentos días estiveran traballando continuamente para enfrontarse a ese proxecto construtivo que era absolutamente lesivo para os intereses de Noia e que ademais era a peor das solucións técnicas para solucionar os problemas de congestión viaria desta importante vila.

Señorías, tanto na oposición como agora que estamos no Goberno, este grupo parlamentario sempre mantivo o mesmo discurso político sobre a súa posición política en torno aos proxectos construtivos. Nós, cando estabamos na oposición, sempre defendemos a construción da variante da ponte sobre a ría de Noia, porque sabemos que, ademais de que xera un menor impacto ambiental e de ter un menor custo, é a mellor solución viaria para a vila de Noia, é a mellor solución viaria para vertebrar Outes, Son, Muros, e tamén para conectar esa vila e esa zona co sur da bisbarra, da comarca da Barbanza.

E por iso, señorías, gustaríanos preguntarlle ao señor conselleiro cales son as previsións de posta en servizo desta importante infraestrutura, porque, pese ao tempo perdido, por sorte agora se está a recuperar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Gómez Alonso.

Respóndalle o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Grazas, señor presidente.

Señor Gómez Alonso, as obras para a construción da variante de Noia marchan a un bo ritmo –foron adxudicadas e iniciáronse no mes de xullo do ano 2010–, o que vai permitir –este bo ritmo– non só cumprir as previsións establecidas no contrato, senón mesmo anticipar a súa posta en servizo, se loxicamente as condicións meteorolóxicas non mudan de forma radical, cuestión que non é esperable.

Esta infraestrutura é unha vella aspiración veciñal e supón un gran avance para as comunicacións, tanto da franxa costeira do occidente coruñés como para a conexión co centro da comunidade a través de Santiago.

O tránsito da estrada actual por Noia obriga hoxe ao tráfico de medio e longo percorrido a circular por unha travesía netamente urbana, con importantes interferencias entre os desprazamentos locais e os supralocais. Iso provoca problemas de seguridade viaria, elevados tempos de percorrido e un alto grao de indeterminación polas variables do tráfico no núcleo urbano.

A variante para o itinerario entre Ribeira e Muros, que lle dará continuidade á vía de altas prestacións Santiago-Noia, evita estes inconvenientes, con máis seguridade viaria e menos tempo de viaxe. A nova vía, de 4,9 quilómetros de lonxitude, vai representar un aforro mínimo de tempo duns 10 minutos respecto do itinerario actual ao acurtar en algo máis de 2 quilómetros os 7 quilómetros que hoxe discorren en travesía.

O avance na construción da variante queda patente ao analizar a situación das estruturas e unidades de obra, todas elas de gran envergadura, e que fan que o orzamento da obra supere os 45,2 millóns de euros. Así, podemos indicar que o movemento de terras está executado a un 90 % e que o viaduto principal desde o porto de Testal ata A Barquiña ten a súa estrutura rematada. Neste mes pasado colocáronse a totalidade dos taboleiros sobre máis dun cento de pilotes, polo que xa é posible circular por riba del. Actualmente, estase a colocar a protección metálica de seguridade, o pavimento e a varanda na beirarrúa peonil, que xa está toda ela rematada. Precisamente neste mes de maio farase a proba de carga do viaduto.

Existen outros dous viadutos menores, na zona da Barquiña, un para salvar a actual estrada e o aparcadoiro dun centro comercial, e outro para a conexión directa coa vía de altas prestacións que comunica Noia con Santiago, que se atopan tamén rematados, unicamente pendentes de remates.

Por último, existen dous pasos superiores para o acceso ao núcleo de Taramancos e outro para o acceso a fincas no extremo oposto da ría, que teñen a súa estrutura rematada; o mesmo que outro paso inferior para o acceso a fincas na banda de Muros, que se atopa tamén rematado.

A previsión que manexamos, á vista do estado dos traballos, é que a variante de Noia poida rematarse entre finais de xuño e principios de xullo; polo que estará en servizo para afrontar o período de maior incremento de tráfico nesa zona, coas vantaxes que iso vai comportar para o tránsito de medio e longo percorrido e tamén para a calidade de vida e a seguridade viaria da veciñanza da propia vila de Noia.

Polo tanto, señor Gómez Alonso, podo anunciar que no mes de xullo os vehículos circularán pola variante de Noia.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, está claro que as obras están moi avanzadas. *(Risos.)* Si, están moi avanzadas. *(Murmurios.)* Nótase que hai algúns deputados que non viviron a época do bipartito, que non eran capaces nin sequera de poñer en servizo un só quilómetro e só se dedicaban a facer postas, inauguracións de inicios de obras que nunca comezaban. *(Murmurios.)* Claro, se algún destes deputados tivese sufrido aquela etapa seguramente non riría de que as obras estivesen moi avanzadas. *(Murmurios.)*

Pero tamén me gustaría destacar, señorías, a coherencia política duns e doutros *(Murmurios.)*, porque cando os socialistas gobernaban atacaban a variante sobre a ponte da ría de Noia e, agora que están na oposición, dende o Grupo Parlamentario Popular preguntámonos: ¿e por que non atacan? Será porque é a mellor opción e será porque agora non teñen unha ex conselleira obcecada en facer proxectos absolutamente lesivos e porque vostedes calaban e acataban ordes. E, por iso agora, apoian a variante da ponte sobre a ría de Noia, que non só é a mellor alternativa construtiva, non só é, señorías, o proxecto que mellor vertebra o territorio *(Murmurios.)*, senón que ademais é unha icona para a ría de Noia. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Losada.

O señor GÓMEZ ALONSO: Os únicos argumentos que utilizaba a oposición... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, señor Losada, atento á cuestión. *(Risos.) (Aplausos.)*

O señor GÓMEZ ALONSO: ...—que o lembrará moi ben o señor conselleiro— eran as posibles afeccións que a ponte ía producir na ría. Preguntámonos dende o grupo parlamentario: ¿existe actualmente algunha reclamación ou protesta por parte das confrarías de pescadores? Non. *(Murmurios.)* ¿Foron atendidas as demandas dos veciños do Testán na execución das obras? Si. *(Murmurios.)*

Por iso, para que non caiba ningunha dúbida, gustaríanos preguntarlle ao conselleiro —porque vostedes non nos van responder—: *(Murmurios.)* ¿que medidas de protección medioambiental se adoptaron para que esta ponte xere o menor impacto na ría de Noia?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Gómez Alonso.

Réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Si, señor Gómez Alonso, se non tivésemos tido o bipartito estou seguro de que a variante de Noia estaría feita polo menos hai tres anos. *(Aplausos.)* Iso que quede claro. *(Aplausos.)*

E en relación co impacto ambiental, desde o inicio dos traballos en xullo de 2010 leváronse a cabo diversas medidas para garantir a mínima afección posible. *(Murmurios.)* Na zona de Taramancos tratouse de minimizar o impacto das obras previstas nun xacemento arqueolóxico coa execución de muros con esa finalidade. Tamén se levou a cabo un novo desenhado dun paso superior para o acceso ao núcleo de Taramancos cun vao de 15 metros de lonxitude, precisamente para reducir ao máximo a afección aos elementos patrimoniais.

Desde o punto de vista medioambiental, unha das actuacións máis sensibles é a execución do novo viaduto sobre a ría de Noia polas singularidades que presenta o contorno da ría. A súa importancia, tanto desde o punto de vista ambiental como socioeconómico... Non se pode esquecer que existen moitas concesións marisqueiras nesa ría, é certo, e existen esas situacións que as medidas de protección deseñadas minimicen as afeccións sobre as augas, hábitats e recursos marisqueiros.

Antes de comezar as obras realizouse unha campaña de toma de datos a través de mostraxes e batimetría inicial co obxecto de determinar o estado e a calidade das augas para o baño e os recursos piscícolas e marisqueiros, así como en referencia a sedimentos, organismos bentónicos e recursos marisqueiros. Os resultados das mostraxes e da batimetría servirán e serviron de referencia de cara á valoración final da incidencia das obras, así como para a valoración tamén da incidencia do viaduto sobre os procesos de erosión, transporte e sedimentación no leito mariño. Durante o desenvolvemento das obras estanse a empregar sondas e boías para o control da calidade das augas, o que permite coñecer, in situ e en tempo real, calquera inciden-

cia das obras sobre a calidade das augas da ría, sen rexistrar ningunha incidencia salientable. Finalmente, cómpre indicar que se prevé prolongar os controis ambientais durante cinco anos, logo de rematadas e entregadas as obras; aínda que este período poderá ser modificado en función dos resultados e tamén das conclusións obtidas, sempre coa opinión previa e coa coordinación da Consellería de Medio Rural e do Mar.

En definitiva, señor Gómez Alonso, a variante de Noia é unha actuación na que se resume o contido da Consellería que eu teño a honra de dirixir, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: medio ambiente, polo escrupuloso respecto ao mesmo; territorio, porque a actuación articula e vertebra o mesmo, e infraestruturas, porque a nova ponte —a pesar de que lles moleste aos señores do Partido Socialista— será, sen dúbida, unha infraestrutura coa que identificaremos a ría a partir do vindeiro mes de xullo.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Losada, por favor, déixeme que propoña a pregunta da señora Sestayo.

Pregunta de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da situación industrial de Ferrol

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE: Si, grazas, presidente.

Señor conselleiro, prégoles que nesta pregunta que lle fai unha deputada ferrolá, membro deste Parlamento, vostede non se comporte como se comportaron hoxe na rolda de prensa, como unha oficina ambulante, membro dunha oficina ambulante de *merchandising* para necios, e faga vostede honra ao cargo de conselleiro de Industria.

Vou preguntarlle pola situación industrial de Ferrol, pola situación industrial da cidade con máis paro de Galicia segundo os datos oficiais, calquera dos que escollan, sexan os da EPA –esas cifras que non lle gustan nada ao presidente Feijóo– ou sexan calquera dos que saiban.

En Ferrol, como sabe, perdéronse 5.900 postos de traballo, segundo a EPA, no ano pasado e, ademais, no naval existen máis de 4.200 despedidos. Por certo, o buque, o famoso BAM –que hoxe se vén unir ao *gate* que montaron vostedes co “flotel *gate*”, xa coñecido en Ferrol–... Saben vostedes que non crearán nin un só posto de traballo en Ferrol, nin un só posto de traballo; sabe que o comité de empresa acaba de dicir que unicamente dará ocupación a 260 persoas, que están xa en subactividade na plantilla de Navantia; sabe vostede que as auxiliares... Vou trasladar agora inmediatamente preguntas que me están facendo dende os colexios, dende Enxeñeiros de Ferrol, por exemplo... Os primeiros BAM construídos –que foron en Cádiz e igual que estes–: 250 postos de traballo de media, durante tres meses, e 350 do flotel –no caso de que o vexamos algún día porque, efectivamente, está anunciado desde o 2012– fan 600 actividades, que se ocuparán da xente que está en subactividade. Fáltannos 1.700, ¿que facemos con eles, señor conselleiro? Tamén se acudimos ás redes sociais especializadas –e quero ademais citar, porque así me comprometera, a Tweet Party Ferrol 2015– din que, efectivamente –claro, entendo que vostedes non representan a xente, eu inténtoo...–, o certo é que din que un BAM é menos da sexta parte das horas do LHD que vostedes comprometían en Ferrol, señor conselleiro, ¡menos da sexta parte de horas! ¿Que facemos co resto de persoas?

Voulle contar cal é a situación das auxiliares de Ferrol, esas auxiliares que non terán traballo co buque de acción militar: das 110 auxiliares que estaban hai dous anos dentro dos estaleiros de Navantia, ¿sabe cantas quedan, señor conselleiro? Catro. O certo é que lle podo dicir toda unha serie de empresas pechadas: Eimosa, máis de 400 traballadores; Gecoga, máis de 100; Talleres Cachaza, máis de 100; Pine, máis de 50; con ERE: Esmaesa, Calsomatu, Cotracer, Indasa, Indagasa, Eletrorayma –por certo, entrou a semana pasada en concurso de acredores– e Alcomar Fene.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayoy.

A señora SESTAYO DOCE: ¿Como valora, señor conselleiro, a situación industrial de Ferrol?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayoy, xa coñece a pregunta o señor conselleiro.

Resposta do conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, quero agradecer a oportunidade de poder trasladarlles a situación industrial de Ferrol e, efectivamente, tamén de explicarlles polo miúdo a importante nova que recibiu esta mesma mañá Ferrolterra e todo o sector naval galego. Unha nova que –por moito que lles pese, ante as súas predicións de mal agoiro, e permanentemente intentando minusvalorar todas as actuacións e éxitos que se conseguen por parte do sector naval galego– reflicte unha vez máis de forma clara e con feitos, señoría, con feitos e con esforzo, dedicación e empeño, o que está a poñer este Goberno para que Ferrol, e concretamente o seu sector naval, enfile o camiño do crecemento, que ese é o obxectivo que temos con Galicia e tamén particularmente con Ferrol. (*Aplausos.*)

Todos sabemos, señoría, que Ferrol non foi allea á crise económica; máis aínda, que a crise, efectivamente, bateu na comarca de xeito contundente: cuestións como as reconversións industriais, o veto ao estaleiro de Fene, a negativa xestión de Navantia ou as trabas impostas polo *tax leaxe*, efectivamente, agravaron a situación de Ferrol. E por iso, señoría, e ante esta situación, este Goberno actuou para impulsar un maior esforzo de inversión na comarca; un esforzo inversor que se traduciu nun plan específico, o Plan Ferrol, que conseguiu mobilizar máis de seiscentos millóns de euros. E, froito desa política, hoxe estase a desenvolver unha terminal de contedores do porto cun investimento de máis de vinte millóns de euros; a presenza de Reganosa, que precisamente anunciou este luns poder converter a Ferrol no centro de distribución de gas natural do noroeste de España, e incluso ese plan de reindustrialización, que mobilizará este ano outra vez outros 45 millóns de euros. E, por suposto, señoría, este Goberno ten unha implicación sen precedentes co

naval de Ferrol, cuns resultados que deixan en evidencia moitas das súas críticas.

Eu lamento que hoxe non sexa para vostede unha boa nova o anuncio que se vén de facer. Como ben sabe, no sector naval de Ferrol, conseguíuse un flotel para a cuarta petroleira do mundo; conseguíuse o deseño do buque LHD para a armada turca, que coloca, como ben sabe vostede, a Navantia no mercado de vangarda tecnolóxica; conseguíuse a transformación do *Monforte de Lemos*. E hoxe, señorías, volveuse confirmar outra nova na que vostedes non facían máis que sementar dúbidas: Navantia Ferrol construírá un novo barco contratado pola Mariña española. (*Aplausos*). Un esforzo, señoría, que supoñerá un investimento, ademais, de 400 millóns de euros entre as tres construcións e tamén a ocupación total do departamento de enxeñería de Navantia. Señoría, un éxito que é froito do traballo deste Goberno e do sector naval galego.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Sestayo.

A señora SESTAYO DOCE: Señor conselleiro, en Navantia —é unha empresa pública, debería de sabelo— non existe *tax lease*. Asústame que o conselleiro de Industria fale do *tax lease* en Navantia e paréceme que debería ter máis información.

Segundo: Plan Ferrol, señor conselleiro. O Plan Ferrol, sinal do seu éxito: seis empresas captadas durante este ano. Por certo, vostedes criticaban cando se conseguían co Goberno socialista 140 empresas, hoxe existen seis e, por certo, con problemas de crédito.

A terminal, señoría. Señor conselleiro, a terminal do porto debería saber vostede que quedou sen financiamento do BEI pola corrupción do Igape; quedamos sen financiamento pola corrupción do Igape. Pero, seguimos: vostedes licitan unha infraestrutura na terminal que xa debería estar rematada, señor conselleiro, a terminal de contedores. E non sei se sabe vostede que esa empresa, que leva nove meses de atraso para construír a dita infraestrutura, acaba de dicir que non pode facelo por insolvencia técnica, señor conselleiro.

Que vostedes presuman do Plan Ferrol, que presuman do *tax lease* en Navantia e que presuman da terminal —que se acaban de declarar incapaces por insolvencia técnica os que levan quince meses traballando niso e que ademais quedaron sen financiamento debido á corrupción do Igape—, señor conselleiro, a verdade é que quedan retratados.

Mire, o certo é que o flotel —do que vostede está tan contento e de que tanto ri—... Encantárame que fose vostede contarlles todo isto do flotel a todas esas persoas que están acudindo aos bancos de alimentos, señor conselleiro; a todas esas persoas que saíron de Navantia, coas que vostedes xogaron coa súa desesperación e coa súa desesperanza, e que hoxe, dous anos despois, seguen esperando que ese flotel apareza nas gradas. Porque, señor conselleiro, xa lles deu para tres campañas electorais. Seguramente algún día virá, pero non sei a cantas persoas deses 4.000 despedidos que se foron poderá xa satisfacer a súa resposta e os seus risos sobre o flotel.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayo. Grazas.

A señora SESTAYO DOCE: Tamén o buque de acción militar, señor conselleiro, obedece a ese electoralismo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Sestayo.

(*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben*.)

Grazas, señora Sestayo, terminou o seu turno.

(*Aplausos*.)

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Señora Sestayo, non vou dicir que me sorprenda a súa actitude, non o vou dicir, pero si, dende logo, decepcióname, porque non podo chegar a entender como unha boa nova, como un novo buque contratado en Navantia, que vai dar traballo a máis de 500 persoas, lle pode molestar tanto; non o entendo. E é verdade que lamento profundamente esa actitude. (*Aplausos*.) Eu só entendo a súa

actitude precisamente polos seus intereses políticos, que fan que, en vez de alegrarse, vostedes continúen actuando permanentemente cun (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*) oportunismo político...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Señora Sestayo, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ...cun oportunismo político abraiante, señoría, e unha vez máis coa súa actitude de continua desconfianza.

Pero mire, señoría, hoxe é un día no que Galicia ten que, por un lado, estar contenta porque, efectivamente, Galicia vai construír un barco, Navantia vai construír un novo barco, e Galicia ten que estar agradecida tamén, señoría, ao Goberno central, que foi quen de contratar un buque para Navantia e cumprir cos seus compromisos. (*Aplausos.*) Señoría, co novo barco o Goberno español contrata a Navantia unha carga de traballo que vai supoñer máis dun millón de horas de traballo, que vai supoñer (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) máis de quíntas persoas. En total, como lle dicía na miña primeira intervención, a carga de traballo que xa ten contratada Navantia a través do flotel de Pemex, a través do buque encargado polo Goberno de España (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, señora Sestayo.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ...ou do buque *Monforte de Lemos* é máis de catrocentos millóns de euros de investimento; aos cales hai que añadir ese contrato que se conseguiu co LHD turco, que vai supoñer que todo o departamento (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*) de enxeñaría de Navantia...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Sestayo, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ...vai estar ocupado durante practicamente dous anos. Polo tanto, señoría, o esforzo do Goberno central, o esforzo da Xunta de Galicia permitirá, loxicamente, que durante os próximos tres anos Navantia teña carga de traballo.

Coa súa actitude –eu laméntoa profundamente– só pretende parece que minusvalorar as capacidades, a imaxe do sector naval galego, pero este Goberno confía no sector naval, confía nos traballadores do sector e, dende logo, confía nas nosas (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*) capacidades.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Señora Sestayo, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): E lamento o seu descoñecemento do funcionamento do *tax lease*, eu creo que debería de coñecer máis polo miúdo o seu funcionamento. E, dende logo, sobre a terminal do contedor, señoría, ese é un investimento de 20 millóns de euros no que a Xunta xa ten comprometido un financiamento de 9 millóns de euros e ten comprometido o total, polo tanto das necesidades que ten o investimento. (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*) É unha realidade o terminal de contedores e unha aposta máis deste Goberno pola comarca de Ferrolterra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e dous deputados máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións de emerxencia social que vai implementar o Goberno galego para atender aquelas persoas que non perciben ningunha axuda do Sistema de protección polo desemprego

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a súa pregunta ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boas tardes.

Unha vez máis neste país as cifras do paro son as que son. Cada día nesta cidade, neste país, 300.000 galegos e galegas levántanse e teñen que ollar como ese día tampouco van atopar traballo. Destes 300.000 máis de 140.000 non reciben, ademais, ningún tipo de prestación; cando se levantan non só miran con desesperación o seu día, senón que ademais saben que non van ter nin un só euro nos seus petos

para dar de comer aos seus fillos ou para mercarlles un agasalho. Eses 140.000 galegos e galegas que terán que ir ese día xunto aos seus familiares, aos seus amigos, a Cáritas, ao banco de alimentos para poder alimentarse. Fronte a isto, a situación é absolutamente dramática e a inacción do Goberno é francamente lamentable.

A EPA do primeiro trimestre de 2014 di literalmente que Galicia é a segunda comunidade que máis emprego destrúe no conxunto do Estado, con máis de 16.100 empregos destruídos; parece que ao Goberno isto non lle importa. Se nós fixeramos como facía o Partido Popular noutras ocasións diríamos que a situación é responsabilidade de tres cousas: da señora Mato, do señor Feijóo e do Partido Popular.

Ese Partido Popular que non se equivoca cando executa políticas contra o emprego; non se equivoca porque o que persegue é o obxectivo dos que nos gobernan. Ese obxectivo que hoxe se buscou nesa reunión entre Rajoy e os que mandan de verdade: os grandes empresarios deste país; o obxectivo dos tres terzos: de ter un exército de desempregados que purre dos que teñen emprego para que logo acepten as situacións que plantexan os empresarios. Eses empresarios que esta semana chegan a dicir que de que se queixan os traballadores, que xa non é hora de poñerse exquisitos á hora de aceptaren un traballo e que, polo tanto, hai que traballar a calquera prezo.

Pero o verdadeiramente lamentable é que destes 300.000 mil desempregados máis de 140.000 non atoparán traballo, e moi posiblemente ningún deles volverá traballar neste país. Polo tanto, no obxectivo deste Goberno debería saberse cal a política que vai utilizar con estes traballadores, ¿vai deixalos na miseria?, ¿vai incentivar algún tipo de actuación para que teñan ingresos ou vai ser capaz, cando menos, de activar políticas de emprego que sexan capaces de devolver esta xente ao mercado laboral? Non é un plantexamento que se faga dende a Alternativa Galega de Esquerda, a Comisión Europea hoxe mesmo acaba de dicir que se sorprende da inacción en políticas activas do emprego do Partido Popular no conxunto do Estado, e tamén en Galicia.

Pero fronte a todo isto, nós temos claro que non é un erro, que estas 140.000 persoas que non teñen ingresos forman parte deste exército necesario para que medrasen nun 8 % os ingresos das grandes industrias, da gran banca do

conxunto do Estado. Cada un dos euros que non ingresan estes 140.000 desempregados que non teñen ingresos son os que acaban ingresando as contas de resultados dos bancos. Eu poño un dato: de abril a marzo son 6 millóns de euros menos os que se gastaron no conxunto de Galicia en prestacións a desempregados.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Polo tanto, esa é a nosa pregunta: ¿van seguir vostedes sen facer nada para atender esta xente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo.

Respóndelle a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señorías, onte mesmo coñeciamos, efectivamente, outro dos indicadores que é o paro rexistrado na nosa comunidade e que reflicte que na nosa comunidade apuntados no Inem hai 270.000 galegos desempregados; é unha cifra absolutamente inaceptable, sen ningún tipo de paliativo. Pero tamén é verdade que esta cifra arroxa outro indicador: que hai un descenso de 6.319 persoas precisamente neste indicador no mes de abril, e tamén arroxa outro indicador: que hoxe hai 20.315 persoas menos anotadas que hai un ano no paro rexistrado. De feito, somos a sexta comunidade na que máis baixa o paro rexistrado neste último ano. Se ben tamén é certo que desas 270.000 persoas paradas anotadas no desemprego hai 150.000, expresamente, que non reciben ningunha prestación. No mes de marzo, señor Fajardo, eran 151.000 os que non recibían ningunha prestación; é dicir, hoxe no mes de abril hai 1.500 persoas menos que hai un mes que non reciben prestación.

O certo é que nunca escoitará a alguén deste Goberno falar do dato do paro nun senso positivo porque non o é. Son 270.000 as persoas que agora mesmo o están a sufrir, pero tamén é verdade que no mes de abril foi a maior baixada mensual dende o ano 1996. E mesmo o ano 2013 foi o primeiro dende que comezou a crise no que rematamos con

menos parados dos que había ao principio do ano; de feito, foron 7.700 persoas menos. Ademais, destes catro meses que levamos de ano 2014, tres meses deles consecutivos foi baixando o paro. Isto que vostedes adoitan dicir moitas veces que é estacionalidade sabe moi ben vostede que non o é porque en febreiro e en marzo non había, non acostuma haber datos de descenso de paro, senón máis ben xusto o contrario. Pero queda, señor Fajardo, moito camiño por percorrer, e eu son a primeira en recoñecelo, porque evidentemente os índices da economía teñen que mellorar para que isto repercuta directamente no desemprego.

Pero o que temos claro dende este Goberno é que a mellor política social que podemos facer é precisamente esa: fomentar e xerar oportunidades de emprego para todos aqueles que hoxe en día están desempregados con ou sen prestación. E dende as competencias desta consellería estamos a levar adiante un Plan de emprego xuvenil, que, como xa presentamos, leva dezanove medidas que teñen comprometidos 100 millóns de euros en dous anos, precisamente para mellorar a empregabilidade dos menores de 30 anos. E tamén apostamos por unha formación de calidade, non só na certificación e homologación, senón mesmo tamén apostando pola experiencia práctica, e non só teórica, a través da formación dual, e, por suposto, por colectivos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...máis vulnerables, que son o obxectivo prioritario deste Goberno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, o único que saca en limpo a nosa organización é que hoxe lles podemos dicir aos 140.000 galegos que non teñen prestación que non van facer nada por eles, porque na súa resposta di que non van facer nada por eles; é tanto así que a súa resposta é lamentable na autocompracencia. Fíxese vostede: 149.000 persoas que non reciben nin unha soa prestación é tanto como dicir que catro veces a miña cidade non ten prestacións, a miña cidade é Vilagarcía. Imaxínese vostede catro cidades como Vilagar-

cía onde ninguén recibe prestacións, iso é unha bolsa de miseria inaceptable para calquera gobernante.

Pero é certo que vostedes son autocompracentes coas súas cifras, que lles dá absolutamente igual a realidade da xente. É tanto así que poderíamos dicir aquilo de que a crise xa está acabada, que hai menos paro que cando empezou a crise, a xente que traballa cobra menos, as multinacionais aumentan hoxe beneficios. Por todo, polo tanto, todo lles saíu ben, saíúlles ben a estafa da crise; saíúlles ben aos políticos como vostedes, que están ás ordes doutros, enganar a cidadanía coa crise para que acepten condicións de vida peores, para que acepten que a partir de agora hai que asumir que un terzo da nosa poboación vai estar en desemprego toda a súa vida, para asumir que terán peores prestacións, peores pensións e, aínda así, peores situacións.

Pero non só iso, vostede acaba de dar a receita: un novo modelo de emprego, que o seu obxectivo é que a xente teña emprego, emprego a calquera prezo; ese Plan de emprego xuvenil que di que titulados deste país terán que traballar para empresas privadas por apenas 500 euros. Miseria e escravitude. Vostede modificou o emprego deste país de calidade por escravitude, e vostede plantexa que a partir de agora calquera traballador que queira traballar terao que facer a calquera prezo e en calquera condición. Eu díxenlle máis dunha vez neste Parlamento –e volvo insistir–: ¿vostede faría o seu traballo por 500 euros?, ¿sería capaz nin sequera de resistir dous días con 500 euros?, ¿sería capaz de cambiar o seu vestuario en cada sesión plenaria, como fai, con 500 euros? Esa é a realidade do país: a xente non ten capacidade para vivir, nin sequera para sobrevivir, polas políticas do Partido Popular, que quere acabar coa xente do común. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo.

Réplica, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

A verdade, señor Fajardo, é que cada vez que o escoito vexo máis que ten vostede a capacidade de facer comparativas só co que fai este Goberno, pero non co que fixeron

gobiernos correligionarios con vostede, ou mesmo o último Goberno que houbo na lexislatura do ano 2008. Porque, se vostede fala de Vilagarcía, podería dicirlle que o último ano do Goberno bipartito deixou dúas veces o seu concello en total desemprego porque foron preto de 50.000 os parados que deixou o Goberno socialista, e daquela vostede probablemente non diría nada.

Eu, de todos os xeitos, pódolle garantir, señor Fajardo, que todo o Goberno da Xunta de Galicia, día a día, traballa arreo precisamente por cambiar as circunstancias non só dos seus veciños de Vilagarcía, senón de todos os galegos que no día de hoxe se atopan en desemprego. E ese traballo que estamos facendo dende o Goberno da Xunta de Galicia, e mesmo tamén, evidentemente, dende o Goberno central, está agora acompañado duns indicadores que invitan á esperanza e que se empezan a ver xa reflectidos nas cifras de desemprego e mesmo tamén nas cifras de afiliación na Seguridade Social.

E, señor Fajardo, non son cantos de alirón, non son cantos tampouco de sirena; evidentemente, o que estamos facendo é poñer negro sobre branco as circunstancias nas que nos atopamos, que non son fáciles, que son difíciles para moita xente, pero que xa empezan a tornar, xa empezan a mudar, e a partir de agora ímolo comprobar.

Foron moitos os que criticaron este Goberno cando viaxabamos a México para pedir traballo para as nosas empresas e os nosos traballadores. Foron moitos os que dubidaron dos contratos, e agora, hoxe en día, é unha realidade que hai 600 millóns de euros comprometidos para xerar emprego no naval, na ría de Ferrol e na ría de Vigo; mesmo hoxe acabamos de acadar unha boa noticia para a ría de Ferrol, onde están comprometidos outros 200 millóns de euros tamén precisamente para dar traballo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Evidentemente, esas políticas, as políticas de fomentar a nosa comunidade fóra, as políticas de exhibir a excelencia dos nosos empresarios e dos nosos traballadores, e as políticas activas de emprego son as que fai este Goberno para atender os desempregados e para xerar mellores oportunidades.

Nós, mentres tanto, traballamos; outros fan demagogia, outros fan mobilizacións, e mentres outros fan mobilizacións este Goberno traballa día a día, precisamente, para modificar

as circunstancias económicas da nosa comunidade e para mellorar a situación do emprego na que nos atopamos.

Hoxe é un día no que Galicia ten que estar contenta porque recibimos unha boa noticia para a nosa economía e para o emprego. Por favor, teña, polo menos, a capacidade de recoñecelo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Tal como anunciou a presidenta, débátese agora de xeito acumulado a pregunta de dona Carme Adán Vilamarín e a pregunta de don Juan Manuel Fajardo Recousó.

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos dos reiterados atrasos na tramitación das solicitudes da renda de inserción social de Galicia

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a concesión de xeito provisional de todas aquelas solicitudes da renda de inserción social de Galicia cuxa tramitación se demore máis de tres meses por causas alleas ás persoas solicitantes

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular as preguntas ten, en primeiro lugar, a palabra dona Carme Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Señora conselleira, unha muller de 40 anos, con dous fillos a cargo e situación monoparental, solicitou unha axuda de emerxencia o 2.12.2013 en concepto de alimentos; pendente de resolución. Unha muller de 44 anos, cun fillo a cargo, monoparental, cunha cantidade de ingresos medios aos mes de 325 euros, solicitou o 4.12.2013 unha axuda de emerxencia por alimentos; pendente de resolución. Unha muller de 41 anos, con tres fillos, monoparental e cunha media de ingresos de 524 euros, solicitou o 12.11.2013 unha axuda de emerxencia por alimentos; pendente de resolución.

Un home de 41 anos, con tres fillos a cargo, cunha media de ingresos mensuais de 222 euros, solicitou o 19.3.2013 unha axuda de emerxencia por alimentos; pendente de resolución.

Esta é a realidade do país, señora conselleira. Esta é a realidade de moita xente que pide axudas de emerxencia social, que solicita a risga e que pasan meses, meses, meses, ata sete, oito meses, e segue pendente de resolución. E depende de vostede, porque é vostede, é o seu departamento o que ten que asinar esa resolución por alimentos, pendente da risga.

Señora conselleira, hai uns días facía público o Concello de Pontevedra os seguintes datos. No 2013, 185 expedientes abertos de risga; foron resoltos 88; pendentes de resolución, 81. No 2014, 68 expedientes de risga abertos; pendentes de resolución, 62, o 91 %.

Axudas de emerxencia social. No 2013, 218; pendentes de resolución, 37, dos cales lle lin algúns dos perfís hai un momento. No 2014, 44 solicitudes de axuda de emerxencia social; pendentes de resolución, 44, o 100 %.

Podemos ir a concellos máis pequenos, a concellos de 10.000 habitantes; por exemplo, un que ronda os 14.000 habitantes. Esta semana resolveuse a risga que estaba pendente de setembro, teñen 8 sen resolver, os que median entre setembro e o mes de maio de 2014, que é no que estamos.

Non vou lerlle o que di o Valedor do Pobo da necesidade de que se resolvan urxentemente. Non me diga, non me compare nin con bipartitos nin coa era da prehistoria. Señora conselleira, sinceramente, ¿por que se incrementou a media de tramitación da risga...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas. Grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...en tres meses máis que o ano pasado?

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Déanos unha razón e, sobre todo, unha solución. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

Turno agora para formular a pregunta do señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boas de novo.

Señora conselleira, paréceme moi ben que vostedes traballen namentres outros se manifestan, pero membros do Partido Popular foron manifestarse a Madrid non hai moito, non sei se estaban traballando ou se estaban manifestando.

Mire, segundo unha entidade social para a que segundo o Goberno do Partido Popular non lles merece credibilidade, pero a nós si, en Galicia hai 465.000 persoas en situación de pobreza e 120.000 en situación de pobreza extrema. Vostede sabe que, dese total de xente, apenas 12.800 son atendidas pola risga, un 10 % das persoas que o necesitarían.

Pero o problema non é que só un 10 % das persoas que o necesitaría sexa atendido pola risga. O problema é que desde que unha persoa inicia os trámites para cobrar a risga ten que esperar cando menos nove meses para recibir esa prestación. E vostede sabe cal é o periplo destas persoas para solicitar a risga. E iso ten feito que, por exemplo, en Vilagarcía hai unha persoa en folga de fame, unha traballadora, María Carrera, que empezou os trámites para solicitar a risga en xullo do 2013, xullo do 2013. Estamos en maio e aínda non ten ningunha contestación. De xullo a maio, nin un só ingreso por incapacidade dos que nos gobernan de atender situacións de extrema emerxencia.

Eu preguntome que van facer vostedes para que ese período entre que un solicita a risga e a reciba poida comer e non teña que acudir á beneficencia. ¿Ou é que vostedes cren que alguén sen ningún tipo de ingresos pode aguantar nove meses esperando a que se lle conceda a risga?, cando, ademais, vostedes incumpren a súa propia lei, que nun artigo di claramente que pasados dous meses desde que se recibe a solicitude na Xunta de Galicia, se non se resolve, será atendida. ¿Pero que pasa? Vostedes utilizan o seguinte artigo desa norma para paralizar os prazos.

É tan tremendo que o periplo dunha persoa, cando ten que acudir á risga, é absolutamente inaceptable. E eu preguntome que van facer vostedes para solucionar esta situación.

O primeiro que ten que facer unha persoa cando solicita a risga é ir ao seu concello, ao traballador social, e non é atendido de inmediato, ten que pedir cita e, cando menos, segundo o concello, tárdase entre un ou dous meses en ser atendido. Logo, o traballador social ten que visitar o domicilio, ten que facer informes, e tárdase en facer ese informe de catro a sete meses. Logo é remitido á Xunta de Galicia, que volve tardar de tres a seis meses. En moitos casos, estamos falando de demoras de máis dun ano.

Póñolle o caso da persoa que está en folga de fame. Remitida á Xunta de Galicia en novembro a solicitude, iniciados os trámites en xullo e resulta que o que di a Xunta de Galicia é que ten 1.000 persoas diante desa solicitude.

¿Pódeme explicar vostede como apenas foron atendidas durante o 2014 o 10 % de solicitudes de risga solicitadas? ¿Pódeme dicir vostede que vai facer esa xente que ten que comer entre que inicia o trámite e se lle concede? ¿Ou é que acaso vostede pode aguantar sen comer e sen beber dende xullo ata maio do ano seguinte?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

Réplica. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señora Adán, podería entrar no seu xogo e empezar a falar un por un e contar un por un a historia de cada unha das máis de 10.000 persoas que están atendidas hoxe en día na renda de integración social, pero eu penso que iso é algo absolutamente lamentable e que, dende logo, non é digno deste Parlamento.

E, por suposto, quero comezar falando xa..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...por suposto, negando xa que non é certo que esteamos a tardar nove meses na atención á renda de integración social (*Murmurios.*), e, en concreto, o que estaba dicindo o señor Fajardo na súa intervención, do exemplo que dicía dunha veciña do seu concello que di que está agora en folga de fame, pódolle garantir —porque isto está rexistrado no Rexistro da Xunta de Gal-

icia— que esta solicitude nas competencias desta consellería entrou hai dous meses e que, polo tanto, está en prazo.

Pero falando do que realmente importa, que é da atención que precisan as persoas que a día de hoxe e froito dunha crise demasiado longa no tempo están a vivir unhas circunstancias absolutamente difíciles, no ano 2009, señorías, foron 3.536 as solicitudes que había de risga, pero no ano 2010 incrementáronse ata 3.638; no ano 2011 eran 4.700 as solicitudes que foron rexistradas na Xunta de Galicia; no ano 2012, 6.427; e no ano 2013, 7.704.

Evidentemente, isto constata que hai un crecemento dunha necesidade que dende o Goberno da Xunta de Galicia estamos correlativamente a responder nos nosos presupostos, posto que nos nosos presupostos houbo incrementos ano tras ano, para precisamente atender todas estas persoas. No ano 2010 incrementouse o orzamento da risga un 7 %; no ano 2011, un 6,2 %; no ano 2012, un 11,6 %; no ano 2013, un 38 %; e neste ano 2014, un 21,4 %.

E falo de crecemento de presupostos nun escenario que, como vostedes coñecen moi ben, hai un decrecemento dos presupostos xerais da Xunta de Galicia nun 25%. E traballamos dende o primeiro día precisamente para que esas persoas que peor o están a pasar teñan unha atención. Non se trata evidentemente de fachendear, e moitísimo menos con isto, que é co sufrimento das persoas.

Eu considero que isto é unha obriga e unha responsabilidade do Goberno. E proba de que é unha obriga e unha responsabilidade do Goberno é que este Goberno fixo desta partida presupostaria —este Goberno, non outro— unha partida ampliable, é dicir, que ninguén quedará sen atender; ninguén que evidentemente teña dereito a telo.

Pero tamén chamo a súa atención porque na atención das persoas máis desprotexidas existe unha corresponsabilidade entre todas as administracións, unha corresponsabilidade que xa é tácita e que, ademais de ser tácita, é real e estamos desenvolvendo entre os concellos e a Xunta. E cónstame que todos os concellos sen excepción, todos os concellos sen excepción, exercen esa corresponsabilidade con creces.

E aproveito aquí a ocasión tamén para recoñecer o traballo inxente que fan os traballadores sociais do concello nes-

tes momentos precisamente para, coa premura que poidan, darlles respostas ás necesidades das persoas, tramitar os expedientes e dirixilos o máis rápido posible á Xunta de Galicia.

Todas as administracións implicadas –Xunta e concellos– traballamos para resolver o máis pronto posible a tramitación da risga de Galicia, e precisamos evidentemente tamén da colaboración do propio solicitante, que ten que achegar a solicitude. A solicitude da risga –como vostede sabe e xa falou–, como vostedes saben, preséntase no concello, nos servizos sociais. Non serei eu a que cuestione os informes preceptivos que fan os traballadores sociais nin dos concellos nin da Xunta de Galicia, porque evidentemente, en definitiva, nós temos o firme compromiso de, con esa corresponsabilidade, levar a adiante a atención daqueles que máis o precisan para que non se atopen evidentemente nestas circunstancias.

Non teñan a menor dúbida de que todas as persoas que solicitan a risga e que cumpren todos os requisitos foron atendidas, son atendidas e serán atendidas por este Goberno.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica. Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Señora conselleira, paréceme unha resposta –e enténdao ben, ¡eh!, con respecto– indigna. Paréceme que despois da situación que están vivindo as persoas que están na absoluta pobreza, que teñen nome e apelidos, circunstancias, os seus fillos e están pedindo axudas de emerxencia e a risga, vostede aquí o único que ten que dicir é que se deron, se dan e se darán. Señora conselleira, sempre foi un crédito ampliable, por favor. Non minta, por favor, non minta, a risga sempre o foi.

Vostede ten unha media de tramitación na risga de sete, oito meses, dito polos responsables e as responsables que traballan nos asuntos sociais.

Modestamente, un consello: saia de aquí, colla o móbil, chame os seus responsables e as responsables e faga unha

reunión urxente de que ocorre coa tramitación da risga. É a súa obrigación. Hai persoas que tramitaron a risga no mes de outubro, de novembro, de decembro do 2013 e non teñen contestación, e teñen unha situación absolutamente alarmante. Esa é a realidade.

Isto xa non é unha cuestión –fíxese– nin política, estamos falando, ¿non?, de humanidade. Vostedes sábeo, e se non o sabe, chame agora mesmo a directora xeral, chame as persoas que están executando a risga e pregúntelles que ocorre cos expedientes, por que están amontoados. Porque eu non lle preguntei polo orzamento da risga, senón que lle preguntei por que existe un atraso na súa tramitación que duplica o que existía no 2009. Pode ser mala xestión, acumulación de expedientes, que vostedes están dismantelando os servizos. Déanos unha contestación. Lea, por favor, a páxina 526, 527 e 528 do último informe do Valedor do Pobo. E o máis importante é que convoque o seu departamento e solucionen este problema.

Porque eu non poño en cuestión que exista orzamento, señora conselleira, pero non se está executando, porque non se están tramitando os expedientes. E non é culpa nin dos concellos nin é culpa...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...dos traballadores e traballadoras sociais. ¿De quen é a culpa de que non se execute, señora conselleira? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Turno de réplica. Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, un considera lamentable que a conselleira responsable plantexe que 10.000 persoas están atendidas coa risga. A risga é unha renda absolutamente insuficiente, que xera problemas, porque con esa renda é imposible sobrevivir. Polo tanto, non están atendidas, están medianamente mal atendidas.

Pero paréceme tremendo que vostede plantexe que non hai responsable no atraso dos expedientes. ¿Debe ser que a

situación pola que se atrasan cinco ou seis meses nos concellos os expedientes e os informes non terá que ver coa decisión do Goberno central, do Partido Popular, de non renovar traballadores nos servizos sociais? ¿Será que nos seus concellos e tamén na Xunta de Galicia cada día hai menos profesionais que poidan atender estas necesidades polo recorte de persoal e o recorte orzamentario nos servizos sociais que ten feito o Partido Popular?

Vostede pode, ademais, gabarse aquí dos incrementos nos orzamentos da Xunta. Iso significa un fracaso da súa política. Pero, ademais, é falso, porque o 45 % do orzamento que se deixou de executar o ano pasado en axudas de emerxencia foi o que utilizaron vostedes para incrementar a partida da risga. Polo tanto, non é certo que incrementen os orzamentos, quitan doutras partidas de atención social para incrementar a risga, que é a única política que vostedes teñen de atención, pero que, ademais, é absolutamente insuficiente, porque os seus atrasos significan miseria, precariedade e fame.

E nós plantexámoslle que é o que vai facer, pero o primeiro que ten que pensar alguén é que cando hai un problema, se non o asume, non o vai solucionar. E un vaise certamente molesto pensando que vostede entende que non hai un problema.

Por certo, tamén debería aclarar, porque o Goberno do concello do que eu facía referencia coa persoa en folga de fame plantexaba que o expediente foi remitido en novembro e vostede dime que hai dous meses; algún dos dous mente; espero que o aclaren, son os dous gobernos do Partido Popular.

Pero, fronte a iso, o que hai son persoas afectadas por decisións do Partido Popular de reducir recursos e polo tanto non atender en tempo e forma a xente que o necesita.

E eu fágolle unha pregunta: ¿como vai facer esta xente que tarda de seis a nove meses en recibir a prestación? ¿Terá que ver o atraso con que non se acumulan e non se recoñecen os atrasos desde o día que se solicita? ¿Terá que ver con que...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...cada mes que vostedes atrasan a risga é un mes que se aforran de pagarlle a esa xente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo. Grazas, señor Fajardo, terminou o seu tempo.

Turno de peche. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

A verdade, señora Adán, é que lamento que lle pareza a miña resposta indigna, porque a min a súa pregunta, non. Non me parece indigno que a oposición lle pregunte ao Goberno da Xunta de Galicia que está a facer polas persoas que o están pasando peor. (*Murmurios.*) Pareceríame indigno que vostede contara unha mentira ou mesmo pareceríame indigno que vostede dixera que este Goberno non está a atender as persoas que o están a pasar peor, porque, evidentemente, non é certo.

E claro que lle falo de presupostos, señora Adán. ¿De que quere que lle fale un Goberno se non fala de presupostos? ¿De palabras? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) ¿Cre vostede que podería responder como resposta o señor Fajardo dicindo que con palabras a xente non come? Pois claro que non come. E o que fixo este Goberno, dende a nosa chegada, foi incrementar ano tras ano, precisamente para dar resposta ás persoas que máis o precisan, o presuposto da renda de integración social, ata chegar no ano no que estamos a 59 millóns de euros para todo o que ten que ver coa axuda á emerxencia social. Claro que teño que falarlle de presuposto, señora Adán, porque é o que temos que facer dende o Goberno da Xunta de Galicia.

E vólvolle repetir: fomos nós os que fixemos desta partida unha partida ampliable. E non queremos falar de beneficencia, non queremos falar dunha renda que, como di o señor Fajardo na súa intervención, é como unha miseria, porque ¿quen vive con 400 euros? Por suposto que non queremos falar diso.

E por iso foi este Goberno —e non outro—, foi este Goberno o que fixo unha nova Lei de inclusión social, para falar dunha renda que sexa unha porta aberta ao mercado laboral,

para falar dunha renda que dea unha oportunidade a esta xente de mellorar as súas oportunidades, as súas competencias e ter unha oportunidade de emprego. Este, un Goberno pioneiro, que, xunto co País Vasco, foi o primeiro que desenvolve unha renda non de beneficencia, nin sequera de miseria, como di vostede, señor Fajardo, senón unha porta aberta ao mercado laboral.

E é máis, non só fixemos leis. É que agora mesmo o presidente, hai uns días, fixo tamén un anuncio, no que estamos a traballar agora mesmo xa, dunha nova orde para que as persoas que son beneficiarias da renda de integración social teñan unha oportunidade laboral. 3 millóns de euros para que estas persoas poidan traballar, traballar para acadar unha experiencia e traballar para mellorar as súas oportunidades, porque nós cremos no emprego, nós cremos que o emprego é a mellor política social que existe. Polo tanto, señorías, non estamos só a atender as súas necesidades básicas, senón mesmo tamén a traballar con eles, con estas persoas, para que teñan unha oportunidade de traballo.

Esta Comunidade foi a primeira en facer isto, e esta Comunidade tamén será a primeira en atender as familias que o precisan cun novo *ticket*, un novo *ticket* de enerxía, para axudar a pagar precisamente tamén a factura da luz ás familias que o están a pasar peor, o *ticket* enerxético, co que tamén dalgunha maneira pretendemos axudar a levar a súa vida.

E miren, é verdade que a cara máis amarga que ten esta crise, ademais do paro, é precisamente a lista da renda de integración social de todas esas persoas que sofren máis. Pero tamén lle vou dicir unha cousa, sen que soe a cantos de sereas e sen que soe a ningún tipo de euforia: houbo un incremento do 30 % no ano 2012 das solicitudes da renda de integración social, houbo un incremento do 20 % no ano 2013 das solicitudes da renda de integración social, estou absolutamente convencida de que no ano 2014 non haberá un incremento tan grande como ese, e tentaremos entre todos traballar para que as circunstancias da nosa economía melloren e lles dean a oportunidade aos galegos que están no desemprego, pero sobre todo aos galegos que están na renda de integración social.

Señorías, esa é a nosa obriga, esa é a nosa responsabilidade: mellorar a situación económica para que haxa emprego e sobre todo atender as persoas que máis o precisan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Esgotados os puntos da orde do día, érguese a sesión.

Boas tardes a todos e a todas.

Remata a sesión ás seis e vinte e un minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
19.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
20.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
21.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
22.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
23.- García Pacín, Isabel	(PP)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
26.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
27.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(M)
29.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
30.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
31.- Losada Álvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
32.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
33.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
34.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
35.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
36.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
37.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
38.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
39.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
40.- Pardo López, Carmen	(PP)
41.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Álvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25